



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 21

Sesión Plenaria
21 de marzo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 1136 (10/CPP-000007)

Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

1.2 1137 (10/CPP-000008)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 2. Mocións

2.1 6433 (10/MOC-000019)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 4594, publicada no BOPG nº 67, do 16.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

2.2 6443 (10/MOC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2080, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

2.3 6448 (10/MOC-000021)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón

Sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 4113, publicada no BOPG nº 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

2.4 6473 (10/MOC-000022)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 5139, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

Punto 3. Proposicións non de lei**3.1 4750 (10/PNP-000401)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

3.2 4820 (10/PNP-000410)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés, e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 67, do 16.02.2017

3.3 5390 (10/PNP-000454)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e tres deputados/as máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.4 5521 (10/PNP-000466)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do plan de regadío da comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.5 5676 (10/PNP-000481)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e catro deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.6 5688 (10/PNP-000484)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.7 5818 (10/PNP-000496)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.8 6054 (10/PNP-000521)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo, e trece deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 79, do 08.03.2017

Punto 4. Interpelacións**4.1 1215 (10/INT-000040)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 2374 (10/INT-000091)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.3 5106 (10/INT-000192)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a xestión da saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 6504 (10/POPX-000022)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa compañías eléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

5.2 6520 (10/POPX-000023)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

5.3 6524 (10/POPX-000024)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 6507 (10/PUP-000066)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.2 6008 (10/POP-000785)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico

emblemático denominado O Con do Paxaro, no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

6.3 2656 (10/POP-000248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis

Sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.4 6486 (10/PUP-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e cinco deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.5 4838 (10/POP-000624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixe e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

6.6 6514 (10/PUP-000067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova, para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.7 4332 (10/POP-000545)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperán dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

6.8 2851 (10/POP-000297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.9 5955 (10/POP-000774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica que non se xustificaron inasistencias. (Páx. 12.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 21.), Sr. Quiroga Díaz (S) (Páx. 24.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 27.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 31.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 34.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 40.) Nesta rolda interveñen o señor Rivas Cruz (BNG) (Páx. 40.), o señor Quiroga Díaz (S) (Páx. 42.), o señor Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 44.), o señor González Vázquez (P) (Páx. 45.) e a Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 47.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 50.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 56.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 59.), Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 62.) e Sr. López Crespo (P). (Páx. 66.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 69.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 72.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 72.), a señora Toja Suárez (S) (Páx. 74.), a señora Santos Queiruga (EM) (Páx. 76.), o señor López Crespo (P) (Páx. 78.) e a Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 84.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 87.) e *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 89.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 91.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 94.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 99.) e *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 101.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Novo Fariña (P).* (Páx. 102.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 104.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 108.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 110.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 111.)

Nova intervención do señor Cal Ogando (EM). (Páx. 113.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 121.) e *Sra. García Míguez (P).* (Páx. 123.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 125.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 127.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

O señor presidente anuncia que na seguinte moción, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, se vai votar por separado o punto terceiro. (Páx. 129.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción: *rexeitado por 20 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación do texto transaccionado, agás o punto 3, da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Blanco Rodríguez (S) para que comunique os puntos que acepta da emenda presentada polo G. P. de En Marea á moción do G. P. dos Socialistas de Galicia que se vai votar a continuación. (Páx. 130.)

A señora Blanco Rodríguez (S) anuncia os puntos que acepta e, así mesmo, que non acepta a emenda de substitución presentada polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 130.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 131.).
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 133.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 135.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 137.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 143.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 145.) e *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 147.)

Nova intervención do señor Blanco Paradelo (P). (Páx. 149.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e oito minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Señorías, vaian, por favor, ocupando os seus escanos.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias. Entramos, polo tanto, na orde do día, co punto 1º, de comparencias.

Comparencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Señor presidente, señorías, bos días.

Comparezo hoxe para dar conta das liñas estratéxicas que a Consellería do Medio Rural vai abordar ao longo do ano 2017, pero non só ao longo do 2017, senón que serán unha continuidade ao longo da lexislatura ata o ano 2020, consonte a acción de goberno, a liña de traballo administrativa e a acción de goberno que imos desenvolver a prol dos sectores forestal, gandeiro, agrícola e tamén agroalimentario.

Un dos obxectivos primordiais da Xunta de Galicia — e así o manifestou o presidente da Xunta en todos os foros — é a fixación da poboación no ámbito rural. O rural precisa de actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida, sempre tendo en conta criterios de protección ambiental. Debemos, polo tanto, afondar en políticas que axuden o desenvolvemento rural e permitan fixar, cando non recuperar, poboación no mesmo.

Cómpre, pois, dirixir o noso traballo a acadar o obxectivo de mellorar as condicións de vida no noso rural, no seu conxunto, para convertelo nunha oportunidade de futuro, tanto para aqueles que queiran establecerse como para os que queiran continuar a súa vida nel.

Para acadar a premisa de facer do medio rural un lugar atraente, imos conxugar todos os esforzos da Consellería en moitas das súas áreas de actuación. Necesitamos de producións que permitan obter unha renda digna, e á vez conservar e preservar a nosa tradición, aquilo que nos identifica: o autoconsumo como sinal identitario de todas e cada unha das familias que teñen a súa residencia no ámbito rural.

Así, dende a Consellería do Medio Rural estamos a traballar en políticas que posibiliten unha dinamización diversificada na economía nas áreas rurais, e neste sentido puxémonos diferentes deberes, que xa estamos abordando, entre eles, os seguintes: procurar a cohesión territorial, mantendo a poboación; apoiar as actividades socioeconómicas no rural a través de

explotacións de recursos endóxenos, a agrogandeira e a silvícola forestal; promover novos modelos de negocio dentro do ámbito rural; acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, e crear e conservar emprego.

Tendo isto en conta, esperamos acadar resultados positivos para o rural, por distintos motivos: por unha banda, temos moi presentes as novas demandas xeradas pola evolución dos hábitos de consumo —fundamentais—; tamén contamos coas melloras e innovacións de métodos de produción; outra oportunidade atopámola no fomento das cadeas curtas de distribución, os mercados locais; ademais, o desenvolvemento de modelos de pequenas explotacións, ou a súa diversificación económica, para acadar unha renda complementaria; e, por último, as oportunidades que xera a demanda social de protección do medio ambiente, da produción sostible e do fomento do papel multifuncional da agricultura e da gandería no mantemento da biodiversidade.

Así, a través de medidas como a mellora da rede viaria rural, pretendemos acadar unha maior cohesión no territorio, coa intención de facilitar a accesibilidade a fincas, a explotacións e tamén entre os distintos núcleos de poboación, co obxectivo de intervir en 850 quilómetros nos vindeiros dous anos. O pasado ano xa estivemos presentes en máis de 800 actuacións, e foron máis de 800 quilómetros.

Fundamental tamén neste sentido é a reestruturación da propiedade, coa intención de facer máis competitivas as explotacións agrarias, incrementando a súa rendibilidade, grazas ao abaratamento dos custos.

Temos como meta non só rematar os 130 procesos abertos ao final desta lexislatura, senón tamén acometer unha media de 5.000 hectáreas anuais de novos procesos.

Sabemos que acadar esa rendibilidade que se procura non é doado sen dispoñer de base territorial, polo que, para dotar de máis terras e explotacións, contamos con novos instrumentos.

O mecanismo agrario de reestruturación comunitaria de superficie, o chamado Plan Marcos, é un sistema áxil de arrendamento de fincas non utilizadas. E a Uaxe é a Unidade de Asesoramento e Xestión de Explotacións Agrarias, propia da consellería que represento, como intermediadora entre os que pechan as súas explotacións e os que buscan no rural un medio de vida ou un maior dimensionamento. O obxectivo que pretendemos é que 300 hectáreas de terra se poñan en uso neste mesmo ano.

Señorías, imos fomentar tamén a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas non agrarias que dinamicen o tecido económico do rural para crear 270 proxectos de investimento en catro anos.

E se falamos de desenvolvemento rural, cómpre facer referencia ao programa Leader, que procura fomentar, a través dos 24 grupos de desenvolvemento rural constituídos e xa en marcha, a participación e planificación por parte das comunidades locais, para elaborar e executar estratexias de desenvolvemento local baseadas nas necesidades específicas de cada comunidade rural.

De aquí ao 2020 pretendemos financiar arredor de 1.500 proxectos, crear 600 empregos e desenvolver 11 proxectos de cooperación.

Co obxectivo posto en crear 25 mercados locais tamén nos vindeiros catro anos, imos fomentar a cooperación entre pequenos produtores, cun único intermediario entre o produtor e o consumidor.

Modernizar os regadíos para incrementar os rendementos económicos das explotacións é outro dos retos que afrontamos, o que redundará, sen dúbida tamén, na cohesión do noso territorio.

No eido da innovación, a formación básica para o correcto desenvolvemento do rural galego vai contar coa futura Agacal, a cal xa está en redacción e verá en breve a súa luz, que pilotará as medidas que dende xa se están a levar a cabo, por unha banda, a través da creación de 108 grupos investigadores, de agricultores, gandeiros, silvicultores, investigadores, empresas do sector e cooperativas entre outras, e da execución dun mesmo número de proxectos de innovación.

Tratarase de dar resposta ás solucións e problemas concretos, ou oportunidades nos seus respectivos sectores, integrando os produtores na cadea agroalimentaria para darlles un novo valor ás súas producións. Por outra banda, e con axudas para fomentar arredor de cen proxectos piloto noutros catro anos pero que xa comezamos este mesmo ano, para desenvolver novos produtos, novas prácticas e novas tecnoloxías, así como con axudas para actividades de demostración e información, prevéndose unhas dúas mil actuacións en catro anos, 500 neste ano 2017.

Imos promover, ademais, o intercambio e as visitas a explotacións agrarias doutros países da Unión Europea, para a transferencia de coñecemento e boas prácticas. Neste sentido, trátase de explotacións, pero tamén da industria agroalimentaria, e en concreto pretendemos desenvolver 350 Erasmus agrarios nos vindeiros catro anos.

E coas vistas postas tamén no ano 2020, porque falar de medio rural non pode ser falar só dun ano, ou duns meses, senón a longo prazo e, polo tanto, de lexislatura, está o programa formativo que imos desenvolver, orientado a agricultores e silvicultores máis novos, en materia de formación profesional continua, como complemento á formación regulada, achegándonos a 50.000 participantes, ocupando máis de 10.300 días de formación e poñendo en marcha os máis de 3.300 cursos.

A agricultura sostible é outra das vías das nosas actuacións, sempre co obxectivo último de facer máis atractivo o rural como modo de vida, para fomentar o uso de prácticas agrícolas sostibles por parte dos agricultores, mediante a subscripción de contratos ou compromisos de prácticas respectuosas co medio ambiente, co clima e a explotación agrícola. Estableceremos axudas que compensen as maiores exixencias que isto implica.

O obxectivo que nos marcamos en catro anos é que se subscriban 500 contratos para pastoreo no sector lácteo, 1.600 para a xestión sostible de pastos, e que se executen sobre 74.100 hectáreas.

No mesmo sentido, e para compensar os sobrecostos que supón a adaptación de prácticas e métodos de agricultura ecolóxicos, habilitaremos axudas co obxecto de subscribir 230 contratos, cunha afección de 8.000 hectáreas.

Por último, e co fin de evitar o despoboamento e abandono das zonas rurais con limitacións naturais e manter a actividade agraria sostible, compensaremos os custos adicionais provocados polas propias desvantaxes dos terreos, achegándonos en zona de montaña a máis de 5.500 explotacións, 120.000 hectáreas, e, noutras zonas con limitacións especiais, a 4.000 explotacións e 118.000 hectáreas.

Señorías, non pode haber futuro no rural se este non é competitivo. Por este motivo, no ámbito agrario, imos potenciar a introdución de novas tecnoloxías para a transformación e a comercialización de produtos, para darlle un valor engadido á produción e facilitar deste xeito o seu acceso aos mercados e así beneficiar o tecido económico das zonas rurais.

O obxectivo situámolo en desenvolver 655 proxectos de transformación en catro anos. No peche do período de presentación de solicitudes para a convocatoria do ano 2017 foron 185 os proxectos presentados, cun investimento previsto de 128 millóns de euros.

Potenciaremos tamén a comercialización de produtos, a través da promoción das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Están as xa consolidadas, pero impulsamos novas, como a IXP Vaca e boi de Galicia, Pan de Galicia, Galo de curral e outras xa publicadas como é a IXP Ribeiras do Morrazo.

Básico para o futuro do desenvolvemento de Galicia a través do seu rural é, sen dúbida, a remuda xeracional. Así, continuamos na procura de mozos que desexen instalarse no rural galego. Tras os históricos resultados do ano 2016, cando 618 mozos decidiron orientar a súa vida profesional ao rural, o obxectivo que nos marcamos é de 2.200 gandeiros agricultores e mozos traballando no ámbito rural ata o ano 2020. Ademais, para mellorar as condicións de produción que acaden unha maior produtividade das explotacións, coa súa consecuente mellora da rendibilidade, apoiaremos unhas 2.400 explotacións en catro anos. No ano 2016, apoiamos xa 582, que foron as solicitudes aprobadas e que agora mesmo están en curso.

A última medida deste eixo refírese ao fomento da creación de arredor de mil empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, para modernizalas e que así vexan incrementada a súa orientación cara ao mercado.

Estas tres medidas, incorporación de mozos, modernización de explotacións e fomento de pequenas empresas, estarán dotadas neste ano 2017 con 65 millóns de euros, cinco millóns de euros máis que no ano 2016.

Señorías, veño reiterando en numerosas ocasións que só unidos seremos capaces de ser competitivos. Por este motivo imos fomentar tanto o uso de maquinaria de forma colectiva, abaratando conxuntamente e abordando os distintos traballos agrícolas e gandeiros, como mellorando a eficacia dos procesos produtivos e creando unidades produtivas máis susten-

tables economicamente, socialmente e tamén medioambientalmente, chegando a 4.000 explotacións en catro anos. Son 1.000 explotacións por ano; 1.000 xa foron no ano 2016.

Tamén chegaremos a 4.000 explotacións, impulsando o uso de instalacións e equipamentos en común, en réxime asociativo, dándolles un uso racional aos factores de produción, para acadar explotacións máis eficientes e sostibles, mellorando así as condicións de vida da poboación que está vinculada a estes sectores. É algo que nos demanda o eido rural e algo que temos que impulsar. Sabemos que reducir a diferenza entre a renda agraria e as urbanas non é unha tarefa fácil, pero a consecución de servizos para a poboación do rural é imprescindible para a consolidación de empregos no mesmo e para que a xente decida e aposte polo rural.

Non estou a falar só de dotar as empresas de instrumentos tecnolóxicos —que tamén—, senón que falo tamén de conciliación. Falo deses centros de día, de casas niño ou de lugares de lecer e desenvolvemento turístico que ha de ter a xente do rural, que se leva impulsando durante moitos anos e no que as distintas consellerías están facendo un grande esforzo, porque estamos a falar do 97 % do territorio; e tamén de facilitar a instalación da poboación para que as axudas que veñen dadas en forma de incentivos fiscais ou na rehabilitación de vivendas sexan atraíbles. Porque, ademais da Consellería que dirixo, todo o Goberno está traballando —como dixen— arreo, de forma transversal, nestes eidos, xa que non esquezamos que, se falamos de rural e se falamos dentro do PDR, Galicia ten estipulado de ámbito rural o 97,3 % do noso territorio.

Señorías, ademais de todas as medidas incluídas no plan, traballamos tamén noutras direccións, que non son menos importantes. Fundamentais para garantir unha renda agraria digna son as axudas da PAC, que xestionamos coa máxima celeridade, para 33.000 agricultores e gandeiros galegos, que son os beneficiarios desas axudas da PAC. Dunha banda, anticipamos no mes de novembro 102,7 millóns de euros da PAC 2016-2017, no maior adianto da historia, a preto de 26.000 beneficiarios; e, por outra, fixemos os deberes e publicamos as axudas da nova PAC 2017-2018 o primeiro día establecido pola normativa, o 1 de febreiro pasado.

De grande importancia —incluída xa na orde— foi a consecución do informe favorable por parte do Ministerio para cambiar o período de verificación dos cultivos da PAC, para favorecer as explotacións de máis de 10 hectáreas, que lles permitirá aforrar nos custos de produción e así reducir a dependencia dos insumos externos e incrementar a súa marxe de beneficios.

E decisivo vai ser, sen dúbida, o traballo que xa comezou para abordar o período posPAC 2020. Neste senso os días 27 e 28 de marzo celebrábase en Madrid unha conferencia, ao máis alto nivel, onde participaremos, ademais de todas as comunidades autónomas, representantes da Comisión Europea —encabezados polo comisario Hogan—, representantes do Ministerio —coa mesma ministra á fronte—, as organizacións agrarias e representantes doutros países europeos.

Señorías, un dos baluartes das nosas producións, tanto agrarias como forestais, é a súa calidade, polo que é fundamental garantir de cara ao consumidor que esa calidade estea avalada cun grande esforzo dentro do ámbito sanitario, tanto animal como sanidade vexetal.

Así, en materia de sanidade animal e como proxectos normativos de interese para este ano, temos previsto, por un lado, o desenvolvemento dunha nova norma que regule as asociacións de defensa sanitaria de Galicia, como elemento para favorecer a integración de explotacións nestas entidades, así como o seu fortalecemento. Como complemento ao anterior, o desenvolvemento dunha norma que cree a certificación oficial de explotacións libres de diarrea vírica bovina, rinotraqueite infecciosa bovina e para a tuberculose, na que seríamos pioneiros no Estado.

Debo salientar tamén que estamos a punto de ser declarados rexión oficialmente indemne de brucelose bovina —xa o somos de brucelose ovina— e xa comezaron a computar os prazos para ser declarados oficialmente indemnes de tuberculose bovina; é dicir, somos pioneiros a nivel nacional dentro do que é a sanidade animal. Ademais, no ámbito de sanidade animal traballamos no Programa de loita contra a avespa velutina e continuamos a promocionar a adhesión ao programa de concellos colaboradores.

Unha peza fundamental no control da salubridade e as producións agrícolas son os programas oficiais de sanidade vexetal: de hixiene, de produción primaria agrícola, de control de produtos fitosanitarios, do control dos aparellos de aplicación de produtos fitosanitarios e, en xeral, de todos os derivados das directivas de usos sostibles e do paquete de hixiene.

Convén facer aquí referencia, señorías, por suposto, ao que sae todos os días nos medios de comunicación, que é a couza da pataca, á que estamos a dedicar todos os esforzos coa intención de erradicala de Galicia no menor tempo posible; un obxectivo ambicioso para o que non cabe outra opción que aplicar medidas contundentes. É un obxectivo onde hai que apelar á solidariedade de todas e cada unha das administracións, pero tamén de todos e cada un dos cidadáns.

Quero recordar que as zonas de maior produción —A Limia, Bergantiños e A Terra Chá— están libres da praga, e é a nosa responsabilidade que sigan a estalo, se ben é certo que, ao non poder producir pataca en zonas de autoconsumo, sendo unha tradición, pois tamén está a producir as súas queixas respectivas, se ben quixemos ser contundentes neste sentido e dar toda a información de primeira man cun fin, e ese fin é que non nos ocorra o mesmo que noutras comunidades autónomas.

Salientar tamén que en ningún caso se trata dun problema de saúde pública, polo que quixera trasladar de novo unha mensaxe de tranquilidade neste sentido. É unha mensaxe de tranquilidade no sentido de que, poñendo todos sobre a mesa —dende os técnicos, pasando polos concellos e polos controles exhaustivos—, imos ser quen de erradicala en breve.

A sanidade vexetal é fundamental tanto no ámbito forestal como no vexetal. E así nesta materia e na loita biolóxica abordamos múltiples actuacións, das cales só moitas veces se sabe a través dos medios de comunicación pero que ben é certo que coñezamos todos e cada un de nós.

Contra o goniptero do eucalipto, a realización dun inventario permanente de 174 parcelas de mostraxe para o estudo deste defoliador e do seu parasito natural, o *Anaphes nitens*. Aquí hai unha colaboración que é público-privada.

Tamén o Programa de loita biolóxica para o control do chancro do castiñeiro, mediante a inoculación de cepas hipovirulentas, que no ano 2016 acadou a cifra de 16.034. Case triplicamos por 11 as inoculacións dende o ano 2011, tendo previsto acadar este ano 26.000 máis.

O Plan de acción contra o nematodo do piñeiro ten como principais accións a detección, a eliminación das árbores sintomáticas nas zonas fronteirizas con Portugal e as actuacións de apeo, troncando e sacando os pés das coníferas sensibles que se atopen debilitados coa copa seca e secar total ou parcialmente na mesma zona co fin de que non haxa maiores afeccións.

Loitamos tamén contra a avespiña do castiñeiro, unha praga recente, xa que foi no pasado ano o primeiro no cal se confirmaron positivos en Galicia. Actuaremos principalmente con soltas de individuos adultos, de *Torymus*, e coa recollida de galadas.

No que se refire á procesionaria e de cara a este ano, dada a súa baixa repercusión, chegará coa colocación de trampas e non haberá que facer novos tratamentos. Obviamente, existen outros insectos que poden converterse en pragas nun momento concreto e dependendo de moitos ámbitos, e, dentro deles, tamén o tempo en si, e faise necesario controlar a súa evolución, polo que tamén traballamos neste sentido. Así que, con esa mesma razón, estamos sempre alerta pola posible aparición dalgunha enfermidade que aconselle a realización dalgún tipo de seguimento ou de medidas fitosanitarias especiais. E nese sentido hai que agradecer o traballo dos técnicos que ten a Consellería do Medio Rural, que fan esforzos no día a día de cara á consecución de erradicar as existentes e que non se expandan as que nos veñen dadas.

Seguindo xa co ámbito forestal, lembrar que hoxe son días especiais e, polo tanto, tamén o é dentro do eido forestal, porque se celebra o Día Internacional dos Montes, ou, para outros ámbitos, o Día Forestal Mundial. Pretendemos desenvolver cento cincuenta proxectos a través de axudas para a utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía que se corresponda co seu primeiro tratamento e tamén investir en equipamentos e instalacións móbiles de procesamento de madeira que estean deseñadas para poder desprazarse ás inmediacións onde está a produción. A sabendas de como é a nosa orografía, temos que seguir avanzando e ser quen de trasladar a maquinaria ao lugar onde temos que facer as cortas pertinentes e, a poder ser, alí mesmo tamén a súa transformación.

E vimos de impulsar —e, ademais, así o fixemos público— a bandeira verde dos nosos montes. Isto non é máis que poñer en valor o traballo daquelas comunidades de montes, o traballo daqueles propietarios a nivel particular, o traballo tamén das administracións, que son quen de facer montes sostibles, sostibles economicamente, sostibles medioambientalmente, compatibles co uso forestal, tamén co uso agrario. E eu convidaríaos, por exemplo, a que se achegaran a Cedeira e alí comprobaran de primeira man o ordenados que están os montes e que son capaces de crear SAT de gando, ser compatible ese gando, estar a fauna tamén salvaxe e que sexan máis que produtivas as distintas especies que están ordenadas neses.

As funcións sociais, económicas, medioambientais, ecolóxicas e culturais dos nosos montes precisan, para a súa xestión sostible e para a súa mellora e conservación, dos recursos xenéticos e que os materiais forestais de reprodución das especies e híbridos que se usen na silvicultura sexan xenotípicamente de alta calidade, así como axeitados ás condicións do medio

no que se empreguen. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural traballa, entre outros, nos seguintes eidos: plantacións de clons ou de familias seleccionadas suficientemente illadas para evitar a redución de polinización, procedentes de fontes externas xestionadas para a produción de colleitas de sementes frecuentes, abundantes e fáciles de recoller, que temos en sementeiras e posteriormente se trasladan aos viveiros para ter planta de primeira calidade.

Tamén a xestión da conservación dos recursos xenéticos forestais dos viveiros propios da Administración (o viveiro de Falmega, na Coruña; o viveiro de San Breixo, en Lugo; e o viveiro da Chaira, en Ourense), levando a cabo os traballos propios de mantemento de viveiro e a conservación dos recursos xenéticos existentes neles, así como dos campos de plantas nai de castiñeiros híbridos existentes en cada un destes viveiros, e que están inscritos no Rexistro Galego de Campos de Plantas Nai de Galicia. Ocorre co castiñeiro, ocorre co carballo, tamén ocorre co *Pinus pinaster*; e ademais na recollida de semente, procesado e comercialización de semente forestal, coa finalidade de atender as demandas existentes de produción de planta no sector forestal.

E, seguindo co ámbito forestal, teño que rematar a miña intervención falando do Plan forestal de Galicia, revisado despois de vinte e cinco anos de vixencia, partindo da idea de que debe de ser un plan consensuado con todos os axentes forestais e cunha importante participación da sociedade. Comezouse no ano 2015 cun proceso moi participativo no seo do Consello Forestal de Galicia, co obxectivo de partir dunhas directrices da revisión do Plan forestal de Galicia elaborado polos membros do Consello Forestal de Galicia. E os membros do Consello Forestal de Galicia é toda a cadea de valor dos nosos montes, dende os propietarios, pasando pola transformación.

A fase de diagnóstico previo componse dos seguintes documentos —este está feito, por suposto, xa—: a transformación histórica da paisaxe forestal de Galicia; o escenario forestal de Galicia; o escenario natural do monte galego; o escenario de riscos naturais e ambientais no monte galego; a distribución, réxime e estrutura da propiedade forestal de Galicia; o escenario socioeconómico do monte e do sector forestal galego; e a análise do grao de desenvolvemento e cumprimento do plan vixente.

O proceso de revisión inclúe tres procedementos: o ambiental, o territorial e o forestal, así como a súa formulación e posterior aprobación. O 30 de xuño de 2017 estará pechado xa un primeiro documento de revisión do Plan forestal avaliado polo Consello Forestal, e que, previo informe do Consello da Xunta, iniciará o seu trámite de información pública.

Outra gran liña de traballo no ámbito forestal é o Plan de ordenación de grandes áreas de pasto en extensivo. Existen en Galicia distintas serras que acollen unha importante cabana gandeira en réxime extensivo, formada en distintas proporcións por cabezas de gando bovino e equino na gran maioría. En moitas destas áreas prodúcese unha serie de casuísticas que cómpre resolver e que en diferentes graos inclúe problemas de danos polo gando ás explotacións agrícolas, accidentes incluso con vehículos en distintas estradas da rede viaria terrestre, incendios forestais e problemas entre os donos do terreo de pasto e os donos do gando, ou conflitos incluso de uso entre gando e arboredo.

Ante esta situación realízase por parte da Consellería do Medio Rural —e de aquí ao ano 2020, pero xa comezando a traballar— unha formulación de ordenación territorial dos pastos exten-

sivos en áreas grandes de serra, incluíndo varios concellos distintos. A metodoloxía de traballo inclúe unha primeira fase de localización dos terreos de pasto, así como de identificación das cabanas gandeiras existentes, identificación dos posibles conflitos que hai no territorio, definindo as áreas de pastos que se deben estruturar, e as infraestruturas necesarias. Estas infraestruturas inclúen os peches gandeiros con pasos canadenses necesarios, a creación de mangas de manexo de gando, a creación de comedeiros e bebedeiros e zonas de almacenamento, e tamén se realizará a implantación de pasteiros en zonas adecuadas e a mellora dos pastos existentes.

A execución do plan xa se iniciou na Barbanza. Entre o ano 2017 —o que estamos en curso— e o primeiro semestre do ano 2018 está previsto realizar a fase previa de acordos, a identificación de accións necesarias e a redacción dos proxectos de obra nas seguintes zonas: no caso de Pontevedra, en Castroverde, O Galiñeiro, a serra do Testeiro e a serra do Suído; en Ourense, no Mazonzo Central, a serra do Leboreiro, a serra do Xurés, a serra de San Mamede, a serra da Queixa e a serra das Penas Libres; e continuaremos con distintas accións nas distintas serras lucenses.

Outra liña de traballo é a destinada a poñer en valor unha das producións forestais máis nosas, como é a castaña. A través dunha orde regularase a organización, o funcionamento e a composición da Mesa da Castaña. A creación levouse ao Consello Forestal e saíu adiante. A creación desta, que é sectorial, en aplicación do artigo 101 da Lei de montes de Galicia, considerouse necesaria dada a importancia que teñen tanto as formacións dos castiñeiros como a produción de castaña dentro do sector forestal galego e, por suposto, a economía do mesmo. Cómpre ter en conta que Galicia é a principal comunidade autónoma en produción e exportación de castañas. Na última campaña os datos de produción superaron os vinte millóns de quilos, que se traducen en máis de trinta millóns de euros pagados a produtores e que xeran un valor superior aos setenta millóns de euros en comercialización, unha vez transformados.

Ademais desta enorme importancia produtiva, están, por outro lado, os valores ecolóxicos, ambientais e culturais que aportan á nosa sociedade as formacións arboradas desta especie. O castiñeiro ocupa dentro de Galicia unha superficie de 12.500 hectáreas en masas puras, ou secundaria en formación mixtas, achegándonos a unha superficie de 46.455 hectáreas, segundo os datos do último Inventario forestal nacional. Ademais, a superficie de soutos produtivos de froito ascende ás 38.000 hectáreas.

Á vista da grande importancia ecolóxica e tamén económica dos soutos galegos, unha mesa sectorial como a Mesa da Castaña pode contribuír moi positivamente ao fomento, á promoción e á mellora destes produtos forestais. Considero, polo tanto, necesario, e considerouse tamén dentro do Consello Forestal, crear este órgano colexiado de representación sectorial, co fin de cumprir os obxectivos anteriormente referidos.

Ademais, señorías, en materia de defensa contra os incendios forestais estamos a desenvolver cos concellos un plan de actuacións conveniadas, como se estrutura nos convenios dos vinte e catro GES: sete na provincia da Coruña, sete en Lugo, seis en Ourense e catro en Pontevedra, aos que dende a Consellería de Medio Rural achegamos preto de catro millóns de euros. Trátase dun plan trianual no que participan tamén a Vicepresidencia da Xunta, a Fegamp e as deputacións. As accións inclúen distintas actuacións preventivas e a participación na extinción de incendios forestais todo o ano.

Por outro lado, contamos con convenios cos concellos para actuacións preventivas e a extinción de incendios forestais, que se instrumentalizan a través de acordos trianuais en tres liñas: as brigadas estivais de prevención e extinción, as rozas nas marxes das pistas forestais e os camións de extinción durante o verán. En total, están en vigor 271 convenios. Ademais das 271 brigadas de prevención e extinción, inclúense 97 motobombas de extinción e a realización de 35.000 quilómetros de marxe de pistas desbrozadas.

No que se refire ao persoal propio da Consellería de Medio Rural, 621 traballadores fixos discontinuos de nove meses incorporáronse o 1 de marzo ao servizo activo, antes da primavera, de acordo coas necesidades de programación e planificación, en función das circunstancias climatolóxicas. E acabamos de asinar un acordo entre as consellerías de Medio Ambiente, Educación e Medio Rural para facilitar o acceso do distinto persoal á escala de axentes técnicos en xestión ambiental. Así, a Xunta de Galicia pretende que tanto os axentes facultativos ambientais como os axentes forestais poidan acceder a esta nova escala, que se contempla na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días.

Señora conselleira, oíndo as súas palabras entro nunha dúbida existencial: ¿que fago eu no BNG? O meu sitio debería ser no PP, sobre todo no PP da señora conselleira, que acaba de esbozar aquí... ¿Ou é que agora vostedes utilizan como única arma política real no medio rural os conceptos económicos e políticos que o nacionalismo esgrimiu e comezou a poñer en práctica durante tres anos e medio, e continua a procesar? Vostede pretende facer un discurso de oposición nacionalista, o noso discurso, e sumirnos no silencio.

Mire, onte, casualmente, indo para un marabilloso acto da síndrome de Down atopei na praza de Galicia unha veciña da parroquia de Buazo, unha veciña de 40 anos, catro fillas; o marido traballa no que pode, e ela tiña unha granxa, e dixeran: ¿e que fas aquí? Levaba unha silla de rodas cunha persoa vella. E díxome: a 17 céntimos o litro de leite non se mantén unha explotación, e estou coidando esta señora, e o que caía. Esta é a realidade, pódolle dar nomes; non é unha figura retórica, é real.

Mire, vostede pasou así por derriba do pánico da pataca. Este país ten pánico nestes momentos. É a historia dunha equidistancia entre o medo a facerlle fronte a un problema realmente serio por ser nós quen somos, comedores de patacas, e o desleixo e incompetencia por seren vostedes quen son, nada serio á hora de tomar medidas de goberno cando os pro-

blemas son realmente serios. Trátase dun asunto de primeira orde de sanidade vexetal, que leva parella unha ameaza de extinción a un sector de poboación que depende economicamente do cultivo e comercialización deste tubérculo; ameaza tamén as familias dos galegos e galegas que cultivamos para autoconsumo; e crea unha alarma social crecente pola falta de seriedade das autoridades incompetentes, vostedes en concreto.

Mire, unha miga de historia. Detéctase en agosto do 2015 en tres concellos do norte do país. Silencio e inanición; ningún preparativo, ningunha medida extraordinaria que free de verdade e controle a extensión da praga. Tres concellos soamente, vostedes na nube. Medo aos períodos electorais, silencio inducido, alarma por medio dos xornais e a realidade é que lle bate ao país —descúlpenme a expresión— nas ventas. E agora é cando o señor presidente debía dar a cara e ofrecer unha explicación ao país, exercer a súa función; está desaparecido, non dá sinais de vida aparente, e vostede, señora conselleira, máis do mesmo. Sabe: botaron man e botaron á boca do lobo os técnicos, e non asumen ningunha responsabilidade política. Eses técnicos aos que están puntuando dez sobre dez, porque están asistindo ás asembleas, encaixando a peito descuberto estoicamente o cabreo e a frustración de veciños e produtores en xeral, e vostedes están desaparecidos, os políticos.

Dos comedores de patacas, nós, un millón longo de galegos non compramos patacas, non necesitamos explicacións técnicas, precisamos confianza e ver que se toman medidas e que se vai en serio. O cultivo da pataca, como autoconsumo, non é unha tradición como acaba de dicir; non se traballa por tradicións, señora conselleira, é unha necesidade e un complemento económico. Propuxéronlles aos concellos facer un bando organizando os veciños dos municipios afectados para o como, onde e cando lles ían recoller as patacas. ¿E que máis? Tiran balóns fóra, a ver se unha vez máis a responsabilidade pasa a ser dos concellos e non é de vostedes. A xente está agardando por unha explicación diáfana e comprensible do que facer, e non a houbo nin a hai.

Cando se lles sobe medio euro ao mes aos pensionistas, ¡ben que se dan présa en enviarnos unha carta explicativa, perfectamente estudada, para convencernos do gran labor que se está a facer na elevación do noso nivel adquisitivo! Pero para este asunto escatiman sobre e selo. ¿Van vostedes aboar o lucro cesante?, ¿ou vai haber, en todo caso, axudas para compensar os arredor de cen euros por familia e ano que se pode calcular a perda por non poder plantar nos concellos afectados? Moitas familias van poder asumir este custo, pero para outras vai ser un pau por riba dos paus da crise. ¿Non será isto tamén culpa do Bipartito, verdade?

Teñen vostedes a obriga de dar unha información veraz en todo momento, a poboación debe percibir que a Administración está da súa parte. Declarada a alarma vía medios de comunicación, tócalle á Administración marcar pautas, tomar a iniciativa de devolver a confianza perdida, con feitos, —repito— con feitos, e non hai feitos. Medios teñen, ¿hai vontade política?, ¿hai capacidade política? Eu creo que non. Explíquenos por que tardaron tanto, por que agardaron polo decreto de Madrid. Non son ninguén sen que lles marquen pautas; son autómatas, non son autónomos.

As patacas están xa case nadas; as de cedo, ¿onde vai? Agora a tardanza págase, e a submisión aos ditados de Madrid tamén. ¿Quen vai dar a cara cando haxa que levantalas nas zonas

afectadas?, ¿os alcaldes? ¿Facía falta chegar a isto? ¿Por que non deron reaccionado antes? Non toca política de taberna, falamos de seriedade de goberno, e créanme: ata o de agora levan ano e medio desaparecidos. Claro que este agardar incomprendible, esta inanición, é en parte froito do abandono ao que someten ano tras ano o medio rural; agora é cando se dan conta do deleixo e a falta de atención progresiva da investigación agraria pública. ¿Onde vai, se está ao 50 % das súas posibilidades? E ¿onde están? Agora dámonos conta do desmantelamento xa de vello das oficinas agrarias e as súas nefastas consecuencias, porque agora era o momento en que aqueles axentes podían actuar coa xente. Privaticemos. O privado asesora e aconsella, pero detrás do consello vén un produto determinado que se nos vende a cambio.

¿Non nos vai dicir nada da forestación progresiva das terras agrarias? O seu discurso de *Alicia no país das maravillas* non falou disto. Xa sei que están en contra do eucalipto, e de tanto repetilo poden ata chegar a crelo. Pero a realidade que se aveciña é un colapso do mercado, e vostedes sábeno ben, pois levamos preto de dez anos incrementado impunemente a plantación de *nitens*, a un ritmo de 12.000 hectáreas por ano nos últimos oito ou nove anos. É esa a razón de tantas sorpresas xuntas.

Vostedes agora empezan a aloumiñar os montes en man común, pero ata o de agora tratáronos a paus, cercáronos. Unha prórroga de Ence, a derogación do Decreto de regulación de plantas de biomasa, a instalación da macroplanta de Teixeira, ¿onde imos? Porque todo está a indicar que camiñamos a unha masa inmensa de deserto de eucalipto, cunha piscina aquí e outra acolá para cargar de auga os helicópteros de incendios. Eu non sei se non terei que cambiar e terei que ir pensando en comprar unha estufa boa de leña, porque vai estar o eucalipto *nitens* a pouco menos de cinco euros tonelada dentro de pouco.

Como ben sabe, a superficie prevista para o eucalipto no Plan forestal de Galicia era, e é, de 245.000 hectáreas. Segundo o Inventario forestal nacional, xa foron superadas hai vinte anos. Xa daquela andabamos nas 400.00 hectáreas. De hoxe xa nin lle falo.

¿Cando se vai parar a forestación de terras agrarias? ¿Cando van recuperar as forestadas impunemente todos estes anos? ¿Cando se vai facer unha ordenación do territorio en serio? ¿Cando imos aproveitar racional e sensatamente a potencialidade do noso solo? ¿Cando apostaremos por un monte multifuncional que sirva para hoxe e para pasadomañá?

Se todos os informes sensatos sobre o futuro do sector lácteo apuntan á necesidade de base territorial que apuntale a produción láctea, de pasar dun sistema dependente dos insumos a unha produción baseada no propio, e bendito, territorio, sostible e acorde co sentido común, ¿para cando as medidas necesarias para unha mobilidade real das terras que proporcione aos gandeiros unha maior rendibilidade por litro de leite ou por quilo de carne producidos? ¿Cando van poñer en marcha as medidas políticas necesarias para aproveitar os recursos propios materializados neses milleiros de hectáreas de alto potencial agrario que están abandonadas?

Por certo, ¿sabe algo das case 7.000 hectáreas de terras de primeira calidade ameazadas nos concellos de Oroso, Ordes, Mesía e Frades por futuras explotacións mineiras? Son seis mil

setecentas e pico hectáreas de terra agraria nas que se investiu cantidade de diñeiro público ordenándoa, facendo concentracións parcelarias, etc.

Demografía: onde hai vinte e cinco anos había 100 habitantes, hoxe quedamos apenas 10. Isto é unha realidade. E non me fale de Melide, porque é a mesma realidade. Esa é a realidade dun medio que día a día perde poboación, onde os tanatorios son a industria máis prometedora e onde a soidade non é un sentimento, é unha realidade.

Fáleme de produción láctea en aumento e nós falarémoslle de aumento de vacas e diminución de explotacións. A viabilidade non está tanto no número de cabezas e litros producidos como en custos de produción ou marxe de beneficio. Terras fértiles abandonadas ou forestadas con eucalipto: bótelle a culpa á atomización da propiedade e nós falarémoslle de covardía política, de falta de proxecto, de visión de futuro, de fe, de esperanza colectiva. Este é o noso discurso, ese é o noso proxecto: un rural poboado, diverso, sostible, endógeno.

¿Sabe o que é sentirse parte dun pobo que ten todo o necesario para competir e labrarse un futuro de riqueza? Esa xente que os señoritos tildaron no seu día de ignorantes e brutos xa demostraron nos oitenta e noventa do que eran capaces. Fixérono sen a confianza dos políticos de turno, antigos amos, consolidadores do franquismo tardío. Agora agardamos a oportunidade que terá que vir. Ningún pobo pode ser castigado así con esa dureza, con ese desprezo, tanto tempo seguido. E créame, o futuro está por facer e é noso, porque a esperanza é nosa, dos que cremos no dereito a sermos cidadáns de primeira nun país, neste país, de primeira. E terá que ser. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Presidente, conselleira, señorías moi bos días a todos.

Eu tamén, igual que o anterior comparecente, acredito que, se o relatorio da señora conselleira se cinguise ao cen por cento á realidade, as nosas aldeas estarían inzadas de xente. E esa non é a realidade, máis ben ao contrario.

Empecemos polo sector gandeiro. Rematou o ano 2016 con 8.500 —ou un pelín máis— explotacións, o que significa a perda de case 1.100 explotacións nestes dous últimos anos, cun ritmo constante de peche. E, desde logo, este dato, que é obxectivo, non é a mellor noticia sobre a saúde do sector gandeiro. Este é un dato que reflicte con claridade a crise que padece o sector. Todo o que se diga na outra dirección son xogos florais, non atinxen á realidade.

E hai que falar de varios factores que concorren nesta crise. No prezo do leite, a pesar da lixeira suba que deu un respiro, a día de hoxe aínda queda un 25 % das explotacións por debaixo de 27 céntimos; e algunhas —como dicía o anterior comparecente— moi por debaixo desta cifra. E, en todo caso, os prezos están moi por debaixo do índice dos prezos europeos. E non só iso, senón que están 2,5 céntimos por debaixo da media española —se non se fai trampa na estatística, evidentemente; se se saca Galicia, dá esa cantidade—.

Pero non só se tambalea un dos elementos cruciais do acordo lácteo como é o prezo sostible —por baixo do cal non é factible manter a actividade, por baixo desta sostibilidade no prezo, os nosos gandeiros collen, pechan e vanse, cambian de actividade—, senón que tamén está a fallar outro importante piar do acordo lácteo: a identificación do leite, a súa procedencia, e dos derivados lácteos. Hai avances, é certo, na identificación do leite líquido, pero o leite líquido só representa o 12 % das importacións deste país na balanza comercial. Namentres que un 88 % restante é leite en po e derivados, derivados como queixo, iogur e produtos da hostalería. E esta, a identificación neste aspecto tan importante que son os derivados lácteos aínda está en pañais. E así non se pode protexer e impulsar a produción propia. É unha ferramenta importantísima e está —volvo repetir— en pañais.

Outro dos grandes problemas que atravesamos a gandería en particular e o sector primario en xeral é a carencia de base superficial, á que xa se aludiu aquí, por certo. E nós queremos dar por boa a afirmación de que nesta lexislatura se van rematar as 130 concentracións abertas, querémolo crer. Dentro de tres anos ímolo comprobar perfectamente.

Pero todos sabemos que o programa de concentracións non é suficiente, ademais de ser lento, custoso e de non axeitarse aos parámetros desa sostibilidade no mundo rural que hoxe en día deben ser o norte de calquera actuación de concentración ou similar. Por iso é necesario dinamizar e darlle vida a un instrumento xurídico, o único que xa ten o Goberno ao seu alcance, que é o Banco de Terras. Pero unha dotación orzamentaria de 80.000 euros é unha declaración de intencións da pouca relevancia que o Goberno lle dá a este mecanismo tan necesario para incrementar a base territorial das explotacións que piden a manchea terra e máis terra, base superficial para poder competir, para poder producir, sen o cal non é posible.

Presumen moito das novas incorporacións, 618 no ano 2016, e non é para menos. Dámolas por boas, parécenos importante. Pero, analizándoo polo miúdo, non poucas das novas incorporacións non son máis que meros cambios de titularidade. Non por iso se descualifica o programa, que vai na boa dirección, pero necesita melloras. Como, por exemplo, presumen moito dos 40.000 euros de media que lle dan a cada nova incorporación, pero nada din que Facenda entra a saco no primeiro ano cunha tributación do 30 %. Pois habería que parcializar ese cobro que quere facer Facenda, que fai Facenda no primeiro ano.

Tampouco din nada da incoherencia de aprobar novas incorporacións e de negarlles o plan de mellora, e algunha hai así. Iso non ten sentido, señora conselleira.

É certo que aprobaron 470 plans de mellora de explotacións, é importantísimo. Pero non é menos certo que se denegaron máis de 500 expedientes, fundamentalmente por falta de orzamento. ¡Incrible que sexa por falta de orzamento! ¿Como é posible que se rexeite tal número de expedientes ao esgotarse o orzamento e ao mesmo tempo deixen 116 millóns de euros de fondos europeos sen gastar? Xa sabemos que teñen este ano para gastalos e o seguinte tamén. Pero a iso chámase mala xestión. Non cómpre esquecer que no anterior PDR 2007-2013 quedaron sen gastar ducias de millóns, e a iso chámase mala xestión. Como é pésima xestión tardar un ano en aprobar expedientes, e iso está á orde do día, e todos o sabemos e está no DOG, non é un invento. E fatal xestión é ter orzamento suficiente e tardar unha eternidade en pagar as indemnizacións polo lobo. Unha eternidade para o gan-

deiro é máis dun ano, e iso ocorre, está ocorrendo. Por non falar do descabezado Fogga, que na anterior campaña eternizou pagos e expedientes.

Presumen de bos xestores pero os feitos non o confirman. E aquí non estamos a falar nin de ideoloxías nin de proxectos alternativos, estamos a falar de xestión pura e dura, de burocracia. E non é permitible, non se pode levar a adiante esta política de deixación cos papeis, cos expedientes, coas tramitacións, etc.

E falando de país, de planificación e de xestión, claro que é urxente poñer en marcha o futuro forestal de Galicia cun novo plan, é moi importante. Pero o que non é de recibo é andar pola ramas con parches en forma de decretos, como o famoso borrador que ameaza con dividir o país cunha liña fronteiriza. E xa sabemos que as fronteiras separan, dividen, segregan, causan agravio comparativo. Queren poñer o foco onde o problema co eucalipto é mínimo, unhas 5.000 hectáreas máis ou menos, desviando a atención de onde realmente existe o problema, que é na Galicia costeira, na Galicia atlántica, na Galicia cantábrica, onde o monocultivo avanza en progresión xeométrica devorando superficie forestal e terras agrarias. Esa é a realidade, é incomprendible, e tamén que non se faga nada para cortar esa dinámica de inzamento de eucalipto e outras árbores nas terras de cultivo. Fálase dunhas 30.000 hectáreas de terras agrarias ocupadas polo eucalipto. E fronte a esta desmesura do monocultivo, ¿que se está a facer? Lamentablemente, mirar para outro lado, cando está terminantemente prohibido plantar nesas terras agrarias. Non queda outra que coller con ganas o novo plan forestal, que é o documento que debe dar resposta aos problemas da planificación dos usos do solo forestal, en busca dun modelo sustentable e multifuncional.

Non imos facer moito fincapé co problema da couza da pataca, xa se están encargando os medios de comunicación. Pero seguimos atentos a como se desenvolve o proceso. Agora é momento de que a Administración faga o seu traballo, de que faga os seus deberes. De momento, todas as razóns e explicacións que nos poden dar do feito polo Goberno se resumen no paso de 3 a 31 concellos afectados. E, pola tardanza en encarar o problema, agora hai que estar destruíndo —parece— 50 toneladas de pataca e 3.000 fincas afectadas, cando non se debeu deixar plantar nin unha soa pataca. Iso é ao que nos referimos coa tardanza na actuación. Esperemos que se fagan ben os deberes, pero non entendemos como se negaron á proposta do Grupo Socialista de que os representantes dos produtores formasen parte da comisión de seguimento. Ólenos a que queren tapar algo, non o sabemos. Non entendemos esa posición nin tampouco como se negaron a incluír outra proposta nosa, como é destinar o orzamento para investigación. Tamén nos pasou coa avespa velutina, néganse a destinar cartos para a investigación, pero un país que non investigue, que non destine recursos para a investigación, é un país condenado a ir ao rebufo, ao rebufo dos demais.

Non queremos deixar pasar a oportunidade de referirnos á fauna salvaxe, nomeadamente ao xabaril. Cando menos, resulta chamativo que no 2016, en plena etapa electoral, habilitasen un período de reclamacións por danos do xabaril logo de estar pechado durante anos. E o 10 de outubro do ano 2016 volveron pechar a recollida de reclamacións. Esperamos que non esquezan que os xabarís deste país non se acolleron a ningún plan de vacacións termais, seguen aquí como o ano anterior, prestos a volver actuar. Volverán cargar contra os cultivos, as pradeiras, volverán entorpecer o tráfico con accidentes, non queremos pensar que este

ano sen eleccións xa non vaia haber indemnizacións nin medidas para tomar contra esta ameaza do mundo rural.

Habería moito que falar da velutina pero non nos queda espazo. Remato cunha pincelada do que significa vivir no rural, desas medidas das que tanto presumen —e que están ben— de fiscalidade cero no rural, de axudas para mercar casas os novos, de rebaixas nalgún acto xurídico... Ben, vale, todo iso está ben, pero lamento comunicarlles que esas medidas quedan eclipsadas ao lado do catastrazo que estamos a padecer os que vivimos no rural. Xa sei que vostede non ten competencias, xa sei que o Goberno galego tampouco as ten, pero si o Goberno amigo de Rajoy, e algo habería que facer nese senso. A presión impositiva é tan forte que as do incentivo quedan totalmente diluídas. Xuntáronse novas valorizacións co incremento do coeficiente multiplicador a nivel municipal, co cobro de atrasos, e ata hai que pagar a realización da alta. Ou sexa, meter o recadador na casa, darlle de comer e prestarlle a cama: un atraco legal en toda regra. E a diferenza do que pasa cos eucaliptos en terra agraria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...aquí si que se detectaron e ubicaron ata as casetas do can.

Non sabemos se esta será a lexislatura do rural, pero o que si sabemos e temos certeza é de que esta é a lexislatura do catastrazo no rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señoras deputadas e deputados, moi bo día.

Elevado grao de envellecemento; abandono e desertización de practicamente todas as zonas rurais da Galiza; desestruturación do territorio; elevado risco de incendios forestais de grandes dimensións; perda de diversidade biolóxica; perda de dinamismo social, económico e cultural nas zonas afectadas por todos estes fenómenos, que é o cen por cento do rural galego: esa é a realidade do rural que temos hoxe neste país, e non a que vostede, señora conselleira, nos vén aquí a vender.

Mais esta realidade responde á aplicación das políticas do Partido Popular durante todos estes últimos anos, que teñen por obxectivo a eliminación dos servizos e dereitos das poboacións rurais: supresión das escolas —estámolo a ver—; supresión dos rexistros da propiedade; supresión dos xulgados; mobilidade; infraestruturas sanitarias; copagamentos; eliminación da política de dependencia etc.; privatización da xestión dos nosos montes veciñais en beneficio das empresas privadas, xunto coa promoción e implantación do monocultivo forestal de crecemento rápido; cultivos enerxéticos; megaminaría; instalación de industrias, etc.

Hoxe mesmo, agora mesmo —acaba de nomealo o compañeiro Mini—, vostede pasou por riba da praga da couza, e levamos coa praga da couza tres anos. Poderíase escribir o libro sobre a praga da couza ou como gobernar a golpe de improvisación por parte da súa consellería. Dende a primeira detección de positivos, o avance da praga foi intenso, tal como era previsible. Debido a esta circunstancia, a consellería encargou unha encomenda a Tragsa —que, por certo, nos custou 2 millóns de euros durante seis meses— para afrontar o control da praga, e vemos unha vez máis que non resultou eficaz para nada. Esta encomenda consistiu nun monitoreo, emprazamento de trampas para a captura de couzas e traslado de mostras ao laboratorio; recollida de pataca afectada e traslado ao vertedoiro autorizado.

Fago referencia a Tragsa para que todos vexamos que os cartos que o PP orzamenta e os recursos humanos de sanidade vexetal van outra vez, de novo, a empresas e non aos centros públicos de investigación que temos no noso país.

Eses recursos que vostedes deixan son claramente insuficientes, dada a relevancia que está collendo a seguridade na sanidade vexetal. Hai pragas como a trioza nos cítricos, a xylella na oliveira e na viña, a couza da pataca, a avespiña do castiñeiro, que, ou vostede nos quere mentir aquí, ou a vostede lle menten. A avespiña do castiñeiro non chegou o ano pasado, levamos dende o ano 2014 con ela. É máis, vostedes no ano 2015 xa repartiron algúns trípticos polos concellos. Todas estas pragas poden arrasar cultivos de grande interese económico.

Para unha mellor xestión de zonas demarcadas, e vista a dispersión dos positivos que se detectaron ata o momento, establécese unha rede demarcada que afecta ao total do concello. Pode ser que estea afectado un 10 % do concello, pero non, nós collemos a prohibición en toda a súa totalidade.

Colócanse redes de trampas na zona de vixilancia, nas zonas afectadas tamén, mapeo de información de datos, inspeccións visuais de parcelas, remisión de mostras ao laboratorio, etc.

Na erradicación retíranse algunhas patacas das explotacións afectadas a vertedoiros controlados. Charlas informativas —poucas— en distintos concellos. Infórmase moi por riba a comerciantes, almacenistas e distribuidores. Entrégase outra vez escasamente algo de material divulgativo aos agricultores e agricultoras e distribúense trampas nas explotacións afectadas para a súa erradicación.

Sacan decretos, van ampliando a zona demarcada ata chegar a 31; hoxe, por desgraza, creo que xa son 32, creo que existe xa outro concello afectado. Intensifican a divulgación e a información ao sector a contagotas.

¿Que tiñan que facer? ¿Por que a Xunta de Galicia e a súa consellería non sacaron un decreto galego no mes de outubro ou novembro prohibindo a plantación, e reteríamos gastos de abonos, gastos de semente e traballos que lles puidemos aforrar ás nosas agricultoras e agricultores? Os almacéns e cooperativas de subministración non farían acopio de insumos para a plantación nin de semente, evitando que existiran esas novas plantacións que agora temos

que arrancar. ¿Vaise indemnizar aos almacenistas? Crearon vostedes inseguridade —como dicían os compañeiros— e moita confusión.

A resolución que sacaron vostedes antes de que saíse o Real decreto do ministerio era moi confusa e moi tibia, para descargar así todo no ministerio. Este é un decreto de Madrid que agora temos que acatar. Iso é mentira. Nós temos competencias suficientes en sanidade vexetal para prohibir que se plantara pataca neses tres concellos afectados inicialmente.

O Plan de actuación que está a levar Tragsa é bo, estase desenvolvendo con competencia e rigor, si, pero é insuficiente. ¿Que pasa coa segunda etapa do plan? Para controlar a praga fai falla colaboración cos concellos e coas oficinas agrarias —que, por certo, hoxe están totalmente desmanteladas—, coa policía, con distribuidores, etc. ¿Hai algo disto? Non se sabe nada. Temos que estar no campo, e aí é onde esta consellería agora mesmo non está nin se espera.

As asociacións de defensa vexetal non teñen apoio de ningún tipo, están desmanteladas, e son unha ferramenta fundamental para conter a praga. O ano pasado só houbo unha subvención na provincia de Lugo. Liñas de axudas de 250.000 euros en indemnizacións; 0,30 por quilo para aquelas que xa están acopiadas en almacén; 0,70 para a semente e uns 4.000 euros por hectárea recollida. 250.000 euros para toda Galiza non van dar nin para o 10 % da xente que vai estar afectada. ¿Onde están reflectidas as axudas para o lucro cesante? ¿Onde están reflectidas as axudas para o autoconsumo, para todas as familias que non imos resistir porque non imos poder plantar pataca?

Hai que reforzar o servizo de sanidade vexetal. Estamos nunha crise moi parecida a cando foi o das vacas tolas, na que as dotacións de veterinarios se viron incrementadas substancialmente. ¿Por que iso non se está a facer agora mesmo, coa couza da pataca? ¿Por que a día de hoxe non existe nada de información na páxina web da Xunta de Galicia sobre a couza da pataca? ¿Dálles vergoña a xestión que levan feito durante estes dous anos?

En fin, señora conselleira, un 5 % máis que no ano 2016 foi o resumo dos orzamentos que vostedes sacaron neste ano 2017. Vostedes pretenden gabarse da lexislatura do medio rural, cando a Dirección Xeral de Ordenación e Protección Forestal vai administrar un de cada tres euros dos que vai dispor. Tendo en conta estas cifras e a súa estratexia forestal, non resulta arriscado subliñar que para a Xunta de Galicia a chamada industria do lume ten hoxe máis relevancia que outras industrias agrarias e alimentarias.

O discurso populista do partido Popular sobre a súa prioridade do sector agrario queda de novo en evidencia. A Xunta de Galicia ten o sector agrario galego, e concretamente os agricultores e agricultoras galegas, totalmente abandonadas á súa sorte.

Recortaron en formación, cualificación e investigación, modernización e mellora da produción. Constatamos o desprezo desta consellería nese senso, sobre todo nos organismos que dependen da súa consellería como poden ser os centros de formación de Guísamo, de Mabegondo, de Monforte, etc., pero vemos como hai dúas semanas sacan vostedes unha liña de subvención de 350.000 euros para que sexan as empresas privadas as que dean esta for-

mación, mentres que teñen os nosos propios centros con falta de medios, falta de persoal e falta de apoio por parte da Xunta de Galicia.

Vostedes queren unhas agricultoras e uns agricultores que non se asocien nin cooperen entre si. Volveron reducir a partida que existía dende o ano 2016. Hai desidia para prestarlles apoio público ás agricultoras e agricultores galegos cara a un mellor aproveitamento dos recursos agrarios, unha mellor produtividade e un traballo máis cómodo.

O discurso da mellora da produtividade quedou espido na súa intervención en benestar e sanidade vexetal, algo fundamental para a mellora da produtividade. Aproximadamente, de 74 millóns de euros do ano 2009, agora teñen escasos 49 millóns de euros para este ano 2017. Pasa o mesmo coa implantación de sistemas produtivos agrarios, calidade de produción alimentaria, etc., as cifras deixan en evidencia os discursos. Os axustes no gasto da Xunta de Galicia teñen nas agricultoras e agricultores galegos os seus maiores damnificados.

Hoxe a política agrogandeira necesita un marco galego de negociación que permita chegar a acordos entre as partes e que teña como obxectivo conseguir prezos percibidos polo sector que cubran os custos de produción, e non as políticas que están a reflectir vostedes cos seus orzamentos.

Unha política agrogandeira necesita potenciar o peche dos ciclos produtivos, impedindo que as nosas producións emigren sen xerar valor acrescentado no país.

Unha política agrogandeira necesita promover e fomentar os circuítos curtos de comercialización, distribución e consumo como forma de garantir produtos de calidade, ao tempo que se contribúe ao tan necesario aforro enerxético.

Necesitan vostedes fomentar a economía social; rexenerar o cooperativismo e o asociacionismo agrario; incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria da terra; plan de ordenación do uso da terra e de orientación de cultivos, tendo como obxectivo a mobilización de terras de cultivo e o correcto aproveitamento da superficie forraxeira.

Necesitamos medidas para combater os lumes forestais, que non só queiman o monte, queiman o territorio, a superficie, cultivos, paisaxe, biodiversidade, fauna, flora, vivendas, etc. Entón, entendemos por isto que é un tema de país. A prevención de lumes forestais ten que facerse durante o ano, e non só durante o verán, como están a facer unha e outra vez dende a súa consellería. Entendemos o concepto de prevención no seu xusto termo, isto é: a posta en valor dos nosos montes dun xeito multifuncional e sustentábel.

Non están a apostar pola implicación das persoas titulares das terras na posta en valor dos montes en man común, por moito que vostedes aquí digan que si. Dicía o compañeiro do Partido Socialista que parece que se empeza a notar algo nestes últimos dous meses, pero durante anos e anos foi un campo que vostedes non tocaron para nada. Estes teñen que ser os principais beneficiarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...—remato, señor presidente— destas axudas, e non as empresas forestais privadas ou as sofor que vostedes mesmos crearon.

A loita contra o lume forestal, na súa faceta de extinción, debe facerse dende a consideración de que este ten que ser un servizo público levado a cabo con criterios profesionais, e non cunha política feita por e para as empresas privadas e amigas do Partido Popular.

Hoxe o DOG —e con isto remato— publicou un anuncio do proceso de licitación de 450.000 euros para anuncios da campaña contra os incendios forestais. Esta é a única política que vostedes teñen contra o lume, mentres que esta semana vemos como a provincia de Ourense, tanto no Xurés como na Limia como no Macizo central, os lumes xa chegaron e estamos aínda no mes de marzo. A ver que fan cando chegue o mes de xuño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, eu quero comezar a miña intervención —como non podería ser doutra maneira— felicitando a conselleira pola súa exposición, na que describiu as liñas estratéxicas da Consellería de Medio Rural, que teñen por obxecto acadar un rural que se converta nunha oportunidade de futuro, tanto para os que se queren establecer nel como para os que queren continuar vivindo nel.

Señorías, liñas estratéxicas. Nós vimos falar aquí dun proxecto, e dun proxecto de rural. Alegrouse, nese sentido, cando o señor Rivas —na primeira parte da súa intervención— sinalou que era o proxecto do Bloque Nacionalista Galego. Alégrome que concordemos no plantexamento do que debe ser o rural. O que xa non me pareceu tan adecuado é que dedicara boa parte da súa exposición a falar da couza da pataca, dicindo que a conselleira pasaba por enriba ou que non trasladábamos a información suficiente.

Eu quérolle trasladar que, ademais do que se poida recoller pola conselleira da información que dan os técnicos, hai moito outro traballo que se está a facer, só ten que ver en *La Voz de Galicia* de onte o conxunto de medidas moi fortes que se teñen tomado en relación con esta praga.

Eu vou falar en positivo, como estamos a falar na Comisión 7^a, tratando de chegar a acordos, a consensos, e tratando de facer entre todos ese rural que pretendemos. Neste sentido, tamén quero facer referencia —xa que estamos falando de cousas negativas—, dentro do noso proxecto, a unha noticia que tamén está publicada no *Faro de Vigo* de onte, que recolle como datos que o emprego na agricultura galega leva seis trimestres de subida.

No período que vai dende mediados do 2015 ata finais do ano 2016 produciuse un incremento de máis de 16.000 traballadores, un 26 %. No conxunto de España, este incremento supuxo

que 1 de cada 5 novos empregos no rural español corresponde á nosa comunidade. Home, eu penso que moi mal nestes termos non o estamos a facer.

Señorías, o noso programa electoral e as liñas estratéxicas que defendeu aquí a conselleira plantexan ou defenden un rural multifuncional, respectuoso cos recursos naturais e paisaxísticos, vivo e dinámico, e orientado á produción agroalimentaria de calidade. Seguro que é tamén o seu proxecto. Seguro que as medidas que nós recollemos no noso traballo diario e no traballo da consellería van orientadas aquí. E o que lles pido a vostedes é que traballemos todos para conseguir iso, porque é un obxectivo de país.

Falamos, en primeiro lugar, de produción agropecuaria de calidade. Fíxense, para poder acadar ese rural que nós defendemos, e loitar tamén contra a despoboación, necesitamos producións agrogandeiras e forestais que xeren produtos co suficiente valor engadido para beneficiar a todos os partícipes no proceso de produción. Tamén aos viticultores, tamén aos gandeiros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por suposto, que non chegamos agora.

Señorías, o primeiro que temos que ter claro —e isto penso que é importante que o subliñemos— é que os agricultores e gandeiros, calquera que sexa o seu tamaño, son empresarios do rural e teñen que ser tratados como tales. Teñen que asumir, polo tanto, que as súas empresas deben de obter unha rendibilidade económica. A Administración ten que apoiar as explotacións agrogandeiras e actuar naqueles ámbitos que poidan contribuír, sen ningunha dúbida, á súa rendibilidade.

Señorías, o que non se pode é tratar de solucionar os problemas do rural con solucións ilegais ou que van en contra das normas da competencia europea, como pode ser, por exemplo, a fixación dun prezo mínimo do leite, que tivemos ocasión de debater hai pouco neste Pleno. Ademais, para poder apostar por esta produción agrogandeira de calidade —eu penso que estou a falar de algo que nos debe de interesar a todos en canto que produción agrogandeira de calidade—, estamos a tratar de sacar as medidas para podelo defender.

Vou subliñar algunha das cuestións que recolleu na súa intervención a conselleira.

En primeiro lugar, apoio a variedades e razas autóctonas. Miren, voulles falar dun sector moi dinámico dentro do rural galego, porque non todo van ser desgrazas neste rural, do sector do viño. Hai un apoio clarísimo, por parte da Xunta de Galicia, á reconversión varietal. Durante dez anos, tamén na época do Bipartito, apoiouse esta reconversión varietal con 60 millóns de euros, e actuamos en máis de 4.000 hectáreas.

No ano 2016 —na colleita do 2016—, máis do 90 % da uva producida corresponde a variedades autóctonas. ¿En que se traduciú isto? En que tamén no ano 2016, por primeira vez, superamos os 40 millóns de comercialización, cun valor superior en valor de mercado aos 230 millóns de euros. Estamos a falar dun sector importantísimo, e a min hai un dato que tamén me parece de moita transcendencia, e é que case 8 millóns destes litros foron exportados. Por aí é a liña na que temos que apoiarnos, variedades e razas autóctonas.

En segundo lugar, e dentro desta búsqueda de produción agrogandeira de calidade, temos que apoiar tamén a comercialización da produción de calidade. Témonos que apoiar, sen ningunha dúbida, nas denominacións de orixe e nas indicacións xeográficas protexidas, ás que nós, como grupo parlamentario, estamos a visitar dende principios de ano co fin de coñecer as súas necesidades, as súas inquiredanzas e as súas propostas en diferentes eidos, como pode ser o da promoción. Promoción que, ademais de apoiarse nas denominacións de orixe e nas indicacións xeográficas protexidas, ten que tomar a Galicia como marca de promoción tanto a nivel nacional como a nivel internacional, porque nós estamos firmemente convencidos do potencial da nosa terra para esa produción.

E eu aquí, ligando outra vez o que estou dicindo eu e o que está dicindo o meu grupo parlamentario co está facendo a consellería, destacaría o apoio ás actividades de promoción dos produtos de calidade realizado polos consellos reguladores ou asociacións —investimento neste ano de 3,5 millóns de euros—, ou axudas para mellorar as condicións de transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios que buscan desenvolver —como ben sinalou a conselleira— 655 proxectos de transformación nos catro anos de lexislatura. Só neste ano 2017, neste rural que está a caer, presentáronse 185 proxectos, cun investimento previsto de máis de 128 millóns de euros. ¡Home!, hai xente, hai empresarios, que están apostando polo rural.

Buscamos tamén a consecución de empresas máis fortes. Cando falo de empresas máis fortes, non estou a falar, señorías da oposición, de traer multinacionais ao rural, ou de facer macrogranxas de 20.000 vacas, estou a falar de fortalecer o noso sector produtivo coma unha forma de conseguir maior capacidade de negociación fronte ao sector da distribución. E eu sinalaría aquí o exemplo, no ámbito cooperativo, de cooperativas lácteas unidas; ou a aposta —que tamén sinalou a conselleira— con liñas de axudas para fomentar o uso de maquinaria de forma colectiva.

Xa referíndome a unha cousa que foi común nas intervencións dos voceiros da oposición, que é a mobilización da terra agraria produtiva. Isto xa nolo teñen escoitado a nós varias veces na Comisión 7ª. Temos unha preocupación grande —porque cremos no rural— pola mobilización da terra produtiva.

Miren, a falta de base territorial é un problema estrutural que leva anos sen resolverse, e que temos que resolver. E aquí nós temos que traballar utilizando os instrumentos de que dispoñemos para esa mobilización e reestruturación.

En primeiro lugar —dentro desta finalidade de recoller todo o que falou das liñas estratéxicas e da nosa proposta—, teño que falar do compromiso de rematar as 130 concentracións parcelarias, que van afectar a 117.000 hectáreas e a preto de 92.000 propietarios. Señorías, 80 millóns de inversión nesta lexislatura. E ademais temos que desenvolver os instrumentos legislativos que permiten esta mobilización: Lei de mellora da estrutura territorial de Galicia, do ano 2015, que recolle diferentes instrumentos, tanto para a reestruturación parcelaria como as reestruturacións por particulares ou as permutas de fincas no rural. E a min intérasame destacar xa, como novidades deste traballo que se está a facer, dous mecanismos que aportou tamén a conselleira.

O MARCOS, o mecanismo agrario de reestruturación comunitaria de superficie, que vai ser un sistema áxil de arrendamento de fincas non utilizadas; e a Unidade de Asesoramento e Xestión de Explotacións Agrarias, que o que vai facer é actuar como intermediadora entre os que abandonan as súas explotacións e os que buscan no rural un medio de vida. Imos intentar mobilizar neste ano 300 hectáreas.

En relación con esta mobilización —aínda que se fixo referencia a este mecanismo e nalgúns casos criticouse—, quero destacar tamén a Estratexia de impostos cero no rural. Fíxense que é un instrumento que busca evitar un dos obstáculos de partida a esa mobilización, eliminando o custo fiscal das transaccións.

Eu penso que algo de importancia deberá ter cando o ano pasado se beneficiaron deste instrumento, deste programa de impostos cero, máis de 6.500 propietarios de solo rústico, que tiveron un aforro fiscal de 6 millóns de euros. É dicir, estamos a falar dunha medida que incrementará a mobilización das terras produtivas sen que haxa gasto público.

Ademais, imos continuar nesta estratexia eliminando o pago de impostos na adquisición da vivenda habitual nos municipios do rural aos colectivos de mozos menores de 36 anos, familias numerosas e persoas con discapacidade.

Repítolle que para nós o obxectivo de mobilización de terras produtivas é unha das nosas principais inxerencias, e pediríalle aquí, como xa lle dixen moitas veces no curso da Comisión 7ª, que fóramos quen de chegar a acordos e de chegar a acordos para sacar adiante esta mobilización.

Falamos dun rural que faga unha produción agroalimentaria de calidade, falamos tamén dun rural vivo, dinámico e respectuoso co medio ambiente, como falou a conselleira. Dentro deste rural dinámico, ten tamén moitísima importancia, sen dúbida, a remuda xeracional. Quérolle dicir aquí ao señor Quiroga que está ben criticar en relación coa tributación das axudas de incorporación ao campo, pero hai que aportar solucións. Nós estamos a traballar na aportación desas solucións, aínda que lle recordo que é unha cuestión que lle afecta ao Goberno de España. Pero pódese instar o Goberno de España a modificar a tributación deste tipo de axudas.

En relación co sector forestal e co tema —recorrente pola súa parte— do monocultivo de eucalipto, quérolle trasladar —e matizareino, sen dúbida, dentro da segunda quenda da miña intervención— que temos que ter claro cales son as directrices que o Consello Forestal estableceu no Plan forestal. Aí é onde temos que traballar todos para conseguir, precisamente, que se implante o modelo de monte que nós queremos defender.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Réplica, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Señor Rivas, non se trata de discursos, os discursos non teñen ideoloxía, trátase de realidades. (*Murmurios.*) Esas poden gustar máis ou poden gustar menos, pero esa é a realidade. É o meu discurso dende hai anos e é o discurso que veño plasmar aquí. Polo tanto, é a liña que quere Galicia, é a liña do rural, e estamos convencidos de que seremos quen de sacalo para adiante.

¿Pánico? Ningún. Transparencia, toda. Á xente hai que achegarse, hai que dicirlle realidades, e no caso da couza da pataca créanme que os políticos pintamos ben pouco, e cada vez que imos os políticos, ao final o que facemos é enredar ao cidadán, é enredar ao paisano. Os técnicos de primeira man dinlles as realidades, e aí están os técnicos. (*Aplausos.*) Acompañan aos políticos, pero créanme que canto menos falen os políticos, sexan dunha banda ou sexan doutra banda, moitísimo mellor. Por riba, uns políticos somos máis cribles que outros. (*Aplausos.*)

No que se refire á couza da pataca, ¿poderíase facer mellor? Todo nesta vida se pode facer mellor, créame. Agora, dicir que estaba en tres concellos e mire vostede a que montamos que agora está en 31... En 31, ¡eh!, non hai 32 afectados. En calquera momento haberá 32 afectados, pode ser. Canarias está integramente afectada e non tomou ningunha medida. Pero son 31 concellos afectados.

A primeira resolución foi en novembro ou decembro do ano 2015. Primeiro hai que detectala, despois ver se se trata da couza ou non se trata da couza, e a partir de aí, no ano 2016 fixéronse as distintas averiguacións para ver como avanzaba.

En Canarias levan investigando dende o ano 1999, e créanme que o resultado non foi do mellor. E nós procuraremos, xunto con Asturias, que imos da man porque aquí non se trata de ideoloxías nin de gobernos, trátase de sanidade vexetal, de facer o mesmo, consensuado, pero con moito traballo de por medio.

¿E por que non sacou un decreto a Xunta de Galicia? Porque afecta a varias comunidades autónomas. Polo cal tanto Asturias como Galicia determinaron que fora o ministerio quen quitara o real decreto, e nós anteriormente informamos, e fixémoslo ademais cunha resolución.

A primeira resolución foi en novembro do ano 2015. A segunda fíxoa a Xunta de Galicia o 11 de febreiro de 2016, e fixemos a posteriori, despois do real decreto do ministerio, unha adaptación o día 5 de marzo.

No que se refire ás reunións, e se non hai información, eu creo que endexamais se foi tan claro e transparente e creo que endexamais fomos tan cercanos para falarlle ao paisano de primeira man. E por respecto institucional o primeiro que fixemos foi reunirnos cos concellos, con todos e cada un dos concellos; fíxoo ademais a directora xeral e fixérono tamén os técnicos.

Xunto cos concellos, organizacións agrarias, foron as segundas, e fíxose ademais no Consello Agrario. Fíxose coa distribución, repartíronse 50.000 folletos, 5.000 carteis, 850 trampas, 1.400 polilleiros, os fitosanitarios correspondentes, e un longo etcétera. Reunións coa Fe-

gamp —por certo, dende aquí quero agradecer a súa colaboración, onde están todos os concellos representados—, coa Policía Autonómica, coa Garda Civil.

Pódese facer mellor, segurísimo. Cada un, dentro das nosas facetas, podémolo facer mellor. Agora, créanme que tanto Asturias como Galicia están facendo o imposible para rematar coa couza canto antes. E temos que lembrar que en Canarias a couza está dende o ano 1999, e ademais está en todo o territorio.

E por suposto que imos indemnizar a xente, e esas indemnizacións van dende 0,30 a 0,70 céntimos de euro. E sairá, ademais, en breve, pero sae na mesma liña que Asturias; e é que, unha vez máis —repito—, non se trata de distintos gobernos, trátase de loitar por algo. Polo cal, tamén todos aquí deberíamos estar unidos e, por suposto, endexamais comparalo coa crise das vacas tolas.

Eu, que o vivín sendo filla de gandeiro, pido prudencia, por favor, ante todo. Aquí trátase de sanidade vexetal, nunca se trata de que iso poida influír en nós, nas persoas, porque fraco favor facemos con todo isto. Igual queremos facer un favor mediático, un titular, algo político, pero os que viven da pataca o que nos están pedindo por parte das IXP e das distintas organizacións é que sexamos sensatos, e esa sensatez é a que quero trasladar eu aos distintos grupos políticos. *(Aplausos.)*

Falaron nun momento determinado de que hai un desmantelamento das oficinas agrarias. Eu quero dicirlles que se incrementaron os técnicos o pasado ano nas distintas oficinas agrarias que agora paso a nomearlles: As Pontes, Cambre, Cedeira, Ferrol, Padrón, Mondoñedo, Monforte, Vilalba, Verín e Pontearreas. ¿Son necesarias máis? ¡Por suposto! ¿Vai ser prioridade da Xunta de Galicia? ¡Por suposto! ¿Que foron 10? ¡Por suposto! ¿Que son 455 os que temos nas distintas oficinas agrarias? Tamén. ¿E que temos 40 vacantes que cubriremos en breve? Iso, tamén. Créanme que vai ser así. *(Aplausos.)* As oficinas agrarias son as que teñen que estar ao lado do gandeiro para informalo de primeira man. *(Aplausos.)* Pero tamén dentro do ámbito rural houbo algo que se chamou crise, e priorizouse; priorizouse algo que se chama sanidade —fundamental— e priorizouse algo que se chama educación. Agora toca priorizar, nesta lexislatura —que é a do rural—, tamén as oficinas agrarias. O mesmo que se fixo co persoal de brigadas contra incendios, que o priorizamos o pasado ano.

Falabamos, ademais —alguén o dicía, e fun apuntando—, de que agora nos achegamos aos montes veciñais en man común. ¡Home!, as ordes de forestación, silvicultura, prevención de incendios e investimentos directos se algunha prioridade teñen son os montes veciñais en man común, e non podía ser doutro xeito, porque son 600.000 hectáreas; vén ser como toda a provincia de Ourense enteira, e son 150.000 comuneiros. ¿Que imos facer máis esforzo? Por suposto, e aí está o meu compromiso.

En canto a cursos, dicíase que se por parte de Medio Rural se lles daban a entidades privadas. Bueno, quero dicir que 1,4 millóns de euros son de cursos dados nos nosos propios centros, e non falamos xa do que é a formación regrada de mes a mes, senón de cursos específicos para dotar a xente do rural de maior formación.

Ámbito do leite. Son máis que previsibles, e por suposto que iso non podía faltar. E falando do que é o leite en si falamos tamén de regular, e, dentro da regulación, de identificación de produtos lácteos e de derivados lácteos; é dicir, que o regulamento non vai ser só para leite líquido, é para leite e derivados lácteos. ¿Como se posicionou Galicia nese sentido? Dicindo que só un gramo de leite en pó que non fora transformado en España non pode dicirse que é produto de España, senón que hai que poñer aí a identificación de onde veña. Aí é onde estamos traballando, igual que na regulación dos primeiros compradores, e así llo fixemos saber ao Ministerio, ao que lle trasladamos os distintos informes xurídicos, e por parte de Competencia de Galicia cremos que imos na liña acertada.

De todas formas, voules dar exhaustivamente os prezos do leite, máis que nada para que non leve a confusións. Porque, claro, é que falar do leite a 17 céntimos, señor Rivas... Déame vostede os datos desa explotación porque tomaremos as medidas pertinentes. Créame que o faremos, porque o estamos facendo así no día a día, en relación directa entre uns e entre outros, pero despois explícollo polo miúdo.

Ben é certo que hai outro tema a tratar, que é o do eucalipto. Eu dende aquí tendo a man, e tender a man é: ¿dende a Xunta de Galicia, dende a Consellería de Medio Rural, somos anti-eucalipto? Non, o eucalipto ten que convivir co resto das especies; distinto é ordenar a plantación deses eucaliptos. Pero cando por parte da Consellería do Medio Rural —porque así de transparentes somos, igual que o fixemos coa couza da pataca— redistribuímos un borrador dun decreto de ordenación do eucalipto, eu quero recordar que houbo moitos concellos de distintas ideoloxías que non eran do Partido Popular que se negaron rotundamente a que houbera esa regulación do eucalipto. E tratábase de dividir Galicia en dúas partes. ¿Un motor ou dous motores? En absoluto. Ese borrador de decreto fíxose cunha directriz, directriz que saíu do Consello Forestal, onde todos están alí representados e estaban de acordo. E centrámonos naqueles concellos nos que nos modelos silvícolas do ano 2014 o eucalipto era unha anécdota ou non existía. Esa é a realidade. Despois de dar toda esa información e despois de ver que a xente aquí se posiciona dunha maneira, pero despois na rúa posiciónase doutra, ou cando se trata de concellos nos que porque nos dá un pouco de temor falar co dono das terras e propoñerlle outra alternativa se posicionan doutra distinta, decidimos que a regulación se vai facer e que se ten que facer, non pode ser doutro xeito, pero vai ser no seo do Consello Forestal. E eu daba unha data, e esa data era xuño do ano 2017, onde sairán as directrices que a posteriori, por suposto, se lles presentarán, pero que tamén serán aprobadas por parte do Consello da Xunta.

Falabamos de que houbo falta de orzamento e, polo tanto, pouca previsión. Bueno, o que houbo foi moitos expedientes; houbo moita xente que optou polo rural este ano, que quería modernizar as súas explotacións para ser máis competitivos. Por iso o incrementamos este ano e pasamos de 60 millóns de euros a 65 millóns de euros.

Céntrome agora no lácteo, e, dentro do lácteo, nese período que vivimos todos, que era o da desaparición das cotas lácteas e nese senvivir dun ano onde todo o mundo estaba un pouco perdido. ¿E por que estaba perdido? Porque se cría que a desaparición das cotas ía supoñer poder producir sen fronteiras. E pódese producir sen fronteiras sempre e cando haxa un consumo, sempre e cando sexamos capaces de que o noso leite o poidamos posicionar no

mercado. Tivo que reorganizarse Galicia ao resto de España, pero tamén ao resto dos países da Unión Europea. E crédeme que ten unha capacidade o noso gandeiro de reorganizarse que é de louvar aquí dende este Parlamento, e así o conseguiu. Conseguiron, entre outras cousas, en primeiro lugar, asociarse.

Eu escoitei dende aquí que eu non quero que a xente se asocie. ¡Pero, bueno, se é o meu primeiro discurso! Sempre dixen que Galicia ha de ser unida para ser competitiva. Os gandeiros han de unirse e ser fortes. E, ademais, nas distintas liñas de axudas o que facemos é priorizar tanto a muller —pero non só a muller— como as sociedades. ¿E por que ten que haber as sociedades dentro do medio rural? Porque sabemos que é moi duro o traballo, porque hai que traballar os 365 días do ano e porque é imposible levar unha vida digna como o resto da xente se non hai unha sociedade e se, polo tanto, non teñen dereito a ese descanso, que pode ser pola semana, pode ser matinal ou poden ser unhas vacacións. Instamos a que así se faga. Pero non só os gandeiros, é que instamos a que se creen organizacións de produtores fortes. E eu estarei ao seu lado porque eu son o sector, eu non son quen estou poñendo as trabas a ese sector e eu quero que o sector viva, reviva e cada vez sexa máis forte.

E, nese sentido, ¿que se conseguiu este ano? Pois sociedades civís —quero dicirvos o dato que temos agora mesmo—, máis de 1.500 socios en Galicia. Gran parte desas sociedades civís, que producen o 32 % do leite, constituíronse o pasado ano.

En todo caso, ao final, das cotas teño que dicir que non supuxeron unha baixada da produción. A día de hoxe a produción láctea en Galicia mantense, é máis, incrementase; incrementouse nun 0,77 % por enriba da media da Unión Europea.

Cómpre falar, ademais, de procesos de profesionalización, e cómpre falar de redimensionamento do sector, que nos últimos cinco anos se plasmou no feito de que 800 granxas individuais pasaron a integrarse en sociedades; non desapareceron as 800 granxas, forman parte dunha sociedade. Outro indicador desta reconversión é que, pese á baixada inicial dos prezos, estes mantéñense nunha liña ascendente dende os últimos seis meses, cun incremento do 5,21 —bueno, xa sabedes que oxalá foran 30 céntimos, son céntimos de litro—. Se facemos a comparación, no mes de abril de 2015, cando deixaron de estar en vigor as cotas, vemos como os prezos se incrementaron en idéntica porcentaxe. En abril de 2015 estabamos en 28,8 céntimos. ¿Como estamos agora? En 30,3; é dicir, estamos no mellor prezo dende marzo do ano 2015. ¿É suficiente? Por suposto que non. ¿A tendencia é ascendente? Por suposto que si. ¿O sector consolídase en Galicia? A resposta é si.

Ademais, tamén se está a rexistrar un aumento na facturación. No momento en que se suprimiron as cotas mensualmente facturábanse en Galicia 63 millóns de euros. Na actualidade facturamos 64 millóns de euros; é dicir, 750 millóns de euros ao ano dende que desapareceron as cotas. Se o comparamos mes a mes, Galicia factura 1 millón de euros máis ao mes.

Outro factor positivo é o diferencial entre o prezo medio entre España e Galicia, que se foi reducindo neste tempo. Se en abril de 2015 Galicia estaba en 2,3 céntimos por debaixo da media nacional —é dicir, de 28,8 fronte a 31,1—, agora a diferenza é de 1,3 céntimos —de 30,3 fronte aos 31,6—. E aquí non hai ningún tipo de trampa nin cartón, esta é a realidade.

Agora, ¿temos que acabar con ese diferencial? Por suposto. Pero tamén é certo que Galicia é a que produce e é a que ten que transportar o leite líquido ao resto de España. Iso é o que queremos evitar e que aquí se faga a transformación do mesmo.

Polo demais, se atendemos ao peso de Galicia no conxunto do sector lácteo nacional, podemos observar que se mantén practicamente invariable. No período 2014-2015 o número de explotacións con entregas na nosa comunidade supoñía o 56,3 % do total de España, e no período actual é o 56 %. E xa vedes que dou todos os datos; se sobe un 3 %, dígoos, e se baixa un 3 %, tamén o digo, porque esa é a realidade e así é como debemos de obrar falando de Galicia. Porque crédeme que con ese discurso catastrófico, de pena, de melancolía, fraco favor lle estamos a facer ao noso sector.

Esta mesma fonte —o Mapama— indica, ademais, que Galicia está entre as autonomías nas que se incrementaron as entregas declaradas de leite cru e os seus rendementos, tanto por explotación como por vaca; todo isto comparando os períodos 2014-2015, por un lado, e 2015-2016, polo outro. O Mapama tamén constata que, tras o primeiro ano sen sistema de cota láctea, se observa unha tendencia ao incremento no número de explotacións máis dimensionadas nos estratos entre 500.000 e 1 millón de quilos, entre 1 millón e 3 millóns de quilos, e entre 3 e 8 millóns de quilos.

Isto vén reforzar a tendencia ao redimensionamento e maior profesionalización do sector, pois os gandeiros máis novos son os que teñen as granxas máis grandes. De feito, unha de cada dez explotacións están dirixidas por mozos de menos de 30 anos.

E outro dato positivo que lles indicaba na miña exposición era esa convocatoria, a última, a do pasado ano, que foi a maior convocatoria, o maior número de solicitudes dende que hai serie histórica, é dicir, dende o ano 1999, que foi o de 618 incorporacións de mozos á actividade agraria. Neste sentido hai que dicir que deses 618 o 38 % se destinan ou van dirixidas ao lácteo.

Outro dos factores que convén ter en conta á hora de analizar a marcha do sector lácteo en Galicia ten que ver cos procesos de agrupamento; ese agrupamento que alguén dixo que eu non quería. Bueno, pois ese agrupamento estano facendo eles, por suposto, que é como se debe facer, que non ha de ser directriz dun Goberno, independentemente de que digamos que ese é un dos nosos obxectivos, pero que nós apoiamos; é o caso de Clun, como pode ser noutros casos a fusión da cooperativa Lemos e Coreber para a compra dunha marca que estaba instaurada en Galicia.

E datos positivos, pois dicíao anteriormente o portavoz, e ademais son datos que podemos contrastar, son datos que podemos analizar, non é algo que nos quitemos dunha chistera, como se de maxia se referira. Son datos, xa fóra do lácteo, segundo o Sepe, o paro rexistrado caeu en Galicia no mes de febreiro pasado no sector da agricultura un 1,21 %, con 100 parados menos no mes de xaneiro. Respecto ao mes de febreiro de 2016, a caída foi dun 8,79 %, con 784 parados menos no sector, cun comportamento excepcionalmente bo na provincia da Coruña, cunha caída interanual do 12,75 %; séguelle Lugo, co 8,79 % neste caso; o 7,2 % en Pontevedra; e o 6,27 % na provincia de Ourense.

E, ademais, témolo que analizar todo porque se non dirán: bueno, ¿e que pasa coas afiliacións á Seguridade Social? Pois, ademais, as afiliacións ao sistema especial agrario de réxime xeral da Seguridade Social creceron respecto a xaneiro un 1,42 %, e respecto ao mes de febreiro de 2016 o incremento foi dun 4,33 %.

Pero tamén analizamos a EPA, e así xa non nos queda nada sen analizar. O último trimestre do 2016 ofrece datos positivos, xa que o número de persoas ocupadas no sector se incrementou con respecto ao cuarto trimestre do 2015 en 21,9 %, ata acadar as 55.100 persoas. Unha media de 27 novos empregos diarios nun ano. Eu creo que isto hai que poñelo en valor, independentemente de que hai que traballar moitísimo máis. E hai un factor fundamental que eu, ademais, comezaba falando del, que é o ámbito poboacional no noso rural.

Señorías, de verdade, debo dicirlles que ese interese por parte dalgúns de difundir informacións ou mensaxes desvirtuadas nun momento que podemos considerar de crecemento sostenido e continuo non é bo, e non é bo para o sector; poden ser bos entre nós os rifirrafes políticos e dicir quen o fai o mellor ou peor. Pero créanme: non é quen o faga mellor ou peor dende esta tribuna, senón que é o empeño constante da xente do rural por facelo cada vez mellor, por ter mellor calidade de vida e por que haxa remuda xeracional. Por un lado, están as liñas que poñemos á disposición de todos eles, pero, por outro lado, é o traballo incansable da xente do medio rural.

E así seguiremos. Seguiremos traballando non só nese eido, senón tamén en conquistar empresas que se asenten no rural, que moitas veces non teñen nada que ver coa transformación do rural, pero si que dan calidade de vida e dan servizos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Teñen a posibilidade de intervir os grupos de novo.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu xa non sei a que aterme, vostede é poesía. O que pasa é que a min ao pronunciar estas palabras ocrreseme aquilo —e créame, sen ánimo de ofender— que dicía o poeta de: «*Maldigo la poesía concebida como un lujo / cultural por los neutrales / que, lavándose las manos, se desentienden y evaden*». E a min sóame a iso. Si, en castellano, porque o poeta falaba nesta lingua. (*Aplausos.*) (*Risos.*) A miña memoria non dá para moito máis, pero, bueno, en poesía teño algo.

E eu repítolle: quero vivir nese país que vostede debuxa, cifras habilmente utilizadas... Mire, o país onde eu vivo e o que percorro día a día non ten esas cifras, nin responde a esas cifras; as cifras utilízanse como un quere. Pero, sen embargo, ten tristeza, unha tristeza fonda, e iso vese cando se mira de fronte a xente. E ten a necesidade dunha esperanza que non sexan

palabras; feitos e certezas é o que necesita. O discurso do catastrofismo e da melancolía mostrámolo claramente nas mobilizacións pasadas do sector lácteo. A min custoume a remisión de pena: só dous meses e un día ao cargo de alcalde, e mandáronme para a casa, ou para aquí para este Parlatentiño. Pero, bueno, aquí estou para seguir dando a cara, e aí estamos dando a cara, dando a cara polo sector lácteo; de diferente maneira, evidentemente: nós damos a cara e o corazón.

Mire, á espera de que os agrupamentos se produzan por xeración espontánea, iso foi e é un suicidio; si, eses agrupamentos rurais é un suicidio. E se ese é o proxecto que teñen créame que é a mostra dunha ausencia de proxecto.

Eu non sei por onde empezar porque son tantas cousas:

A Agacal, por fin, ¿van facer algo con ela? Levan tantos anos intentando facer esa axencia; facela non, plasmala na realidade xurídica para que funcione.

A agricultura sostible, ¿onde está a agricultura? Á parte desa agricultura de autoconsumo e de catro arriscados aventurados que están intentando facer a agricultura case sen mercado, ¿onde está? Porque é que esa agricultura podía estar xeneralizada, porque temos un país cun solo barbaramente marabilloso para producir agricultura de calidade. E tiñamos a xente preparada —cada vez temos menos xente preparada—, que viviu e que naceu, e que viviu a súa vida en simbiose co medio, e que necesita unha pequena formación para facer esa agricultura. ¿Onde está esa intencionalidade da Consellería que non se ve por ningures?

Formación. Ese é o quid da cuestión, sobre todo para aqueles que exercemos a docencia durante toda a vida.

Novas tecnoloxías e, sobre todo, equipamentos, instalacións e maquinaria en común, socialización. Vostedes estanse bolxevizando, iso, estanse volvendo un pouco bolxeviques.

Bandeira verde nos montes, montes sostibles, uso forestal e agrario, multifuncionalidade a tope, montes en man común, iso é o que me soa. Entón, ¿por que vostedes están cercándoos? Si, ¿por que lles reclaman toda esa débeda?, ¿por que non sacan axudas para esa suposta débeda histórica que teñen?, ¿por que lles están poñendo trampas e tropezos constantemente, sobre todo a eses montes en man común que son pioneiros, que van na avanzadilla dese monte multifuncional, dese uso sostible do monte?

Áreas de pasto en extensivo, ¡benvidas sexan!, que recoñezan que valen para algo.

¿Saben vostedes o que é un rural vivo? Fálannos de empresarios. Claro que si, é unha intencionalidade que teñen vostedes dende hai moitísimo tempo, eu recordo cando fun mozo, cando era mozo, que foi hai moito tempo, iamos cantar en contra daquela cota empresarial, ¿recórdase? Bueno, vostede non nacera aínda, paréceme. Pero había unha cousa que á xente lle sorprendeu, a aqueles labregos que acaban de saír algúns de caseiros, non todos, e que lles obrigaban a pagar a cota empresarial. Vostedes teiman por sacarnos da nosa boca, e o señor González —creo que é, ¿non?—, e o señor González xa mo oíu dicir: pois claro que si,

claro que os gandeiros desexan ser empresarios; evidentemente, nunca o negamos, empresarios familiares ou empresarios a secas, claro, pero seguen sendo gandeiros e seguen sendo xente do rural.

Mire, vou concluír tomando as palabras do señor López Iglesias, que é unha eminente autoridade na materia e que di que resulta imprescindible unha reforma agraria non centrada na propiedade, como si foron as reformas agrarias do século XIX e da primeira metade do XX, senón centrada nos usos e na mobilización produtiva das superficies. ¿Como conseguir que as terras de 1.600.000 propietarios de fincas rústicas sexan postas á disposición de 25.000 ou 40.000 explotacións lácteas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Esta é a cuestión: mobilidade de terras, abaratar o custo do litro de leite. Vostedes sábeno ben e saben como facelo. Pero cun Banco de Terras cun orzamento de 89.000 euros, xa me dirá vostede, á parte das masas comúns que quedan das concentracións parcelarias, cantas hectáreas van entrar no Banco de Terras á disposición deses labradores e deses gandeiros.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas o señor Quiroga Díaz.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bueno, tirando un pouco de Mini, que tira de Celaya, temos que continuar ese bucle para rematar como remataba de que imos tocando fondo no rural.

Quixera matizarlle que todo discurso, absolutamente todo, ten ideoloxía, e nós estamos aquí por ideoloxía, (*Aplausos.*) penso eu, acréditoo. Tamén lle quixera dicir que non hai catastrofismo no noso discurso, senón simplemente unha visión da realidade que non concorda. E é ben que os logros, que os hai, e as cousas ben feitas, que as hai, pois que as loen, xa as cantan vostedes, xa as prodigan vostedes, e non imos ser nós quen redundemos neses aspectos. A nosa función —penso eu— como oposición será recalcar, reseñar, falar daquelas cousas que ou non funcionan ben, ou funcionan mal, ou non as hai, ou hai que implementalas, ou suprimilas, etcétera, etcétera.

Sobre os prezos do leite, conselleira, alédanos moito que se faga consciente de que estean no vieiro, no bo camiño para acabar solucionando o problema da identificación dos produtos lácteos, sobre todo dos derivados, acerca da súa procedencia. Para nós é unha boa noticia, e esperamos que iso se chegue a concretar, non só no leite líquido, que —como dicía na anterior intervención— é a mínima parte das importacións, senón sobre todo nos produtos derivados do leite.

Vemos que lle escapa ao tema do Banco de Terras. E xa dixen na primeira intervención que as concentracións responden máis a un modelo doutra época que ao actual, por custosas,

por lentas e por non adaptarse ás peculiaridades orográficas do noso país. E vexo que lle escapen a este tema, e xa recalca na primeira intervención o sinal dos 80.000 euros que lle dedicaban no orzamento.

Sobre o tema da xestión vexo que tamén lle escapa. E a tardanza en facer, en librar, en aprobar un expediente, iso é impresentable, iso non se pode permitir nunha administración moderna, áxil, como a que se pretende no día de hoxe. Quérolle recordar que a finais do ano pasado había preto dun 30 % das axudas europeas sen librar por parte do Fogga, e xa lle dixen naquela ocasión que se producira un descabezamento, e non sabemos se era a causa de falta de persoal ou de que non estivera adecuadamente coordinado.

Con respecto ao Plan forestal, vemos que se fai cargo da necesidade deste país para ter un Plan forestal. Esperemos que se teñan en conta as causas do fracaso do Plan forestal do ano 1992. E as causas basicamente hai que resumilas en tres puntos:

O rural é un conxunto cambiante e dinámico, e o plan fíxose sen contar adecuadamente co tecido social e societario do mundo forestal; deixouse de lado ou non se lle prestou suficiente atención. E quérolle recordar que na páxina 99 das directrices das que vostede fala, que emanan do Consello Forestal, se di especificamente que hai que sacar máis administración dos órganos consultivos e incluír moito máis tecido social e industrial. Iso dino as directrices ás que vostede fai alusión. Polo tanto, fáganlle caso.

E quérolle recordar o segundo aspecto polo cal fracasou, que é a falta de investimento, investimento e investigación en xenética, en melloras, en pragas, etcétera. Así temos a industria do piñeiro totalmente atrasada porque non fixo os deberes da investigación. E tampouco se fixo investimento suficiente en industrias de primeira e segunda transformación. Agora si, o investimento foi bestial nun sistema contra incendios, que ao fin e á postre depende totalmente da meteoroloxía como todos sabemos.

Vostede fala de que hai que ordenar o espazo que ocupa o eucalipto, e estamos totalmente de acordo en que hai que ordenar ese espazo, e teñen os mecanismos legais para facelo. Volvo recalcar que é incomprendible como 30.000 hectáreas —nomeadamente nas provincias da Coruña e norte de Lugo— de terras agrarias e de prados están ocupadas por eucaliptos, fundamentalmente por eucaliptos. Si que hai que ordenar. Pero tamén lle quero dicir que hai que empezar a buscar sistemas de compensación para aqueles produtores e propietarios que son os que provocan e os que manteñen o monocultivo do eucalipto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: —Xa remato.— Da pataca xa non dá tempo a nada.

Vexo que lle escapa ao tema do xabaril, que é fundamental e que non só está complicando a vida dos nosos gandeiros, senón que tamén lamentablemente a circulación nas estradas.

E unha última referencia, señor González, vexo que lle vai moito o viño, as terras de viño. Tamén o vin facendo unha visita pola Ribeira Sacra, pero quérolle amentar que no Ribeiro,

que debe ser a súa zona, non se fixo ningún contrato homologado. *(Aplausos.)* E cando veña pola Ribeira Sacra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...cando veña pola Ribeira Sacra, que é onde eu vivo, á parte de invitálo a visitarme, que o recibirei coas portas abertas, quérolle dicir que non hai recambio, non hai recambio xeracional para continuar coa actividade. É tanto que non hai recambio que o outro día vostede entrevistábase cun presidente do consello...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...que tampouco ten recambio despois de vinte e pico anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, vicepresidente.

Fraco favor lle podemos facer ao noso agro cunha visión catastrofista ou apocalíptica como temos nós, e fraco favor se lle pode facer ao noso agro como fan vostedes, vendendo unha realidade paralela que agora mesmo é inexistente.

Dende En Marea, falou vostede dos plans de mellora, cremos insuficiente o apoio á incorporación de persoas mozas ás actividades agrogandeiras que garanta o relevo xeracional das granxas e que facilite que se abran novas explotacións. Insuficientes programas con insuficiente dotación orzamentaria durante un período de tempo longo e con acceso a asesoramento e formación. En ningún caso se deben utilizar estas axudas para promover un endebedamento excesivo da persoa beneficiada, como está a ocorrer con certas entidades bancarias, e cómpre poñer fin á fiscalidade abusiva que grava estas axudas.

O ano pasado —creo que dixo vostede que se aprobaron seiscentos plans de mellora, corríxame se me equivoco—, ¿cantas solicitudes quedaron fóra? Quedaron máis de cento cincuenta solicitudes de plans de mellora fóra da orde de subvencións por mor da inexistencia de partida orzamentaria. Anunciou vostede que van retomalas, pero vostede sabe que unha vez feita a nova convocatoria as emprendedoras e os emprendedores van ter que comezar de novo coas instancias, e isto non lles vai garantir que se lles adxudiquen.

O leite, máis de seiscentas granxas no ano 2016. As explotacións galegas perderon a cuarta parte das súas vacas en dez anos.

Estas cifras amosan a ausencia de relevo xeracional e o desmantelamento das pequenas explotacións. Estase agudizando o problema existente do abandono, xa que as terras agrarias

ocupan só un 22 % da superficie total, e estase incrementando a posibilidade dos incendios forestais, así como os desequilibrios territoriais e o retroceso demográfico nas zonas rurais.

Vostede di apoiar decididamente os proxectos que van xerar valor engadido baseados na calidade e paséase hai dous ou tres días por un concello, ao lado dun alcalde afín, ¿como non?, ao Partido Popular, prometendo 800.000 euros para reactivar non se sabe moi ben o que, sen contar coas gandeiras, sen contar cos axentes implicados e sen contar cos sindicatos. Esas son prácticas caciquís que están hoxe existindo no ano 2017. *(Aplausos.)*

Os centros de formación agroforestal dependentes da Consellería de Medio Rural teñen unha misión moi importante, que é favorecer a profesionalización e a incorporación de mozas e mozos ao sector primario e a aprendizaxe permanente dos profesionais do sector. Estes factores resultan claves para restablecer o equilibrio territorial do país, axudan a fixar poboación no rural e melloran as nosas perspectivas de futuro.

Os centros de formación e experimentación agroforestal de Guísamo, de Becerreá, de Sergude, de Ribadeo, de Monforte e de Lourizán, dependentes da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica da súa consellería, veñen ofertando cursos de ensinanza regrada, nomeadamente ciclos formativos de grao medio e superior. É por iso que para dar resposta a estas necesidades deberían ofrecer unha oferta formativa de calidade que se imparta cos medios materiais e humanos adecuados, e agora mesmo non os teñen.

Nos últimos tempos detectáronse serias deficiencias que poñen en risco a consecución dos ditos obxectivos. A política de recortes levada a cabo polo Goberno galego significou menos profesorado, menos recursos económicos para estes centros, menos medios materiais e, polo tanto, menos oportunidades neses centros públicos, o cal favorece outra vez máis, ¿como non?, os centros privados.

Pola nosa parte, nada máis e agradecer a comparecencia da señora conselleira. Pero creo que debemos facer unha lectura non tan catastrofista se vostede pensa que a nosa é así, pero un pouco máis real de todo o que está a pasar no medio rural, que vemos aldeas abandonadas, vemos os colexios que están a pechar, vemos como están a privatizar o servizo de comedor, como quitan as liñas dos autobuses, como á xente cada vez lle quitan máis servizos nos centros médicos, cada vez quedan menos habitantes, moi poucos concellos do rural dan subido o seu censo ao final do ano. E creo que é por unhas políticas que o Bipartito en catro anos non deu desmantelado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu vou tratar de dar resposta a algunhas das intervencións dos voceiros da oposición, tratando de concretar con dúas palabras, e sen acritude ningunha: rigor e traballo.

Señor Rivas —e tamén llo digo sen acritude—, vostede si que é un poeta, de verdade dígollo, e en moitas das súas intervencións na Comisión 7ª dá gusto oílo falar nalgúns dos seus plantexamentos. Simplemente lle digo que non casa moi ben que falara aquí e se referira a todos nós como «Parlamentiño». Eu quero recordar que a súa voceira falaba o outro día de dignificar o Parlamento. ¡Home!, nós estamos aquí a traballar en favor dos galegos e das galegas presentando iniciativas e facendo propostas. (*Aplausos.*) ¡Traballo e rigor!

Señor Quiroga, por suposto que o podo visitar na Ribeira Sacra, acepto gustosamente a súa invitación. Fala vostede do Banco de Terras, que ten poucos cartos. Eu xa lle expliquei, ou nós xa lle explicamos, que ademais do Banco de Terras temos outros instrumentos, e ademais propoñan vostedes tamén outras posibilidades. Traballo significa que nós xa presentamos unha iniciativa neste Parlamento na que se instaba a Xunta a que potencie o Banco de Terras; polo tanto, estamos a traballar nesa liña.

Fala tamén do xabaryl. Eu diríalle que hoxe a comparecencia é de Medio Rural, non de Medio Ambiente, alí é onde teremos que levar, se é o caso, este tema.

E fixo unha referencia ao Ribeiro —por certo, eu son de alí, por suposto, e estou ademais moi orgulloso— e fala do contrato homologado. Mire, esta é unha teima que a min non me acaba de..., non é un tema que eu entenda exactamente, porque falan dun contrato homologado, ¿con que prezo? Porque, ¿que queren?, ¿que se faga un contrato homologado de 20 céntimos o quilo de uva? ¿Cal é o plantexamento? ¿Saben cal é o plantexamento? Apoiar a produción de calidade, apoiar que os viños se vendan a nivel mundial e se vendan con bo prezo, para que tamén se lles poida pagar aos viticultores o prezo da uva que lles corresponde. Iso é o que defendemos nós aquí, o Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*)

E fala, señor Quiroga —e alégrome de que o trouxera aquí—, da páxina 99 das directrices do Consello Forestal. Eu vou falar un ratiño do Consello Forestal e vou falar desas directrices. Non sei se recordan vostedes tamén que na data do 2 de febreiro de 2017 o noso grupo presentou unha proposta non lexislativa para instar a Xunta a que na redacción do Plan forestal seguira estritamente esas directrices. ¿Sabe quen aprobou esa PNL? O Partido Popular. ¿Os demais que fixeron? Absterse.

Pero antes de chegar á páxina 99 das directrices hai que empezar polas primeiras. Mire o que din esas directrices, que é a nosa aposta polo monte e polo forestal. Falan, primeiro, de que non é necesario incrementar a superficie forestal actual en 2 millóns de hectáreas —directriz 3—. Débese aumentar a superficie arborada actual, que é de 1,4 millóns de hectáreas; é dicir, queremos que non haxa inframadeira, señor Rivas. A superficie non arborada tense que poñer en valor incrementando a produción de pastos e forraxe no monte; o que falou antes a conselleira do Plan de pastos. Debería aumentarse a superficie arborada ocupada por coníferas, en particular piñeiro do país. Señorías, directriz 8: Debería manterse ou reducirse a superficie ocupada por eucalipto; estamos a falar de conxelar ou mesmo reducir a superficie de eucalipto. Nós non somos defensores do monocultivo de eucalipto. Vóullelo dicir sempre, porque non é a nosa política para o monte. E din tamén as directrices que cómpre aumentar decididamente a superficie arborada ocupada por frondosas caducifolias, mediante o fomento e a plantación de castiñeiro,

carballo, cerdeira, nogueira, freixo e bidueiro. ¿É o que queremos ou non o queremos? Fágannos propostas neste sentido.

Dentro da Estratexia da potenciación das frondosas caducifolias, eu quero destacar aquí o papel importantísimo que vai ter a castaña, non só pola súa importancia económica, non só por esa importancia económica que sinalou moi ben antes a conselleira, senón que tamén polos valores ecolóxicos e culturais que aportan á nosa sociedade as formacións arbóreas desta especie.

Eu, por favor, pídolles que non pensen que este é un discurso vacío de contido, esta é a realidade. Nós, a xente do Grupo Parlamentario Popular cremos nestas propostas e pedí-moslles a súa colaboración para sacalas adiante.

Señorías, eu remato xa a miña intervención remarcando que o noso grupo parlamentario está, por suposto, moi satisfeito co labor desenrolado pola conselleira de Medio Rural, e consideramos que as liñas estratéxicas descritas hoxe permitirán sen dúbida conseguir melloras tanxibles no noso rural, acadando o noso obxectivo de ter un rural multifuncional, vivo, dinámico, respectuoso co medio ambiente e coa paisaxe e no que se desenrole, por suposto, unha produción agroalimentaria de calidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Turno de peche desta comparecencia, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Vou intentar dar resposta a algunhas das preguntas ou a algúns dos feitos que saíron dos distintos voceiros.

Primeiro, eu creo nos discursos, pero eses discursos hai que plasmalos despois en realidades, en traballos, en feitos, e iso é o que se procura facer dende esta consellería, dende a Consellería de Medio Rural.

Cando o presidente da Xunta de Galicia, hai ano e medio, depositou en min a súa confianza, moi consciente de que o rural galego debía retomar o seu propio camiño, volvendo dispoñer dunha consellería específica, marcámonos varios obxectivos. Non era o momento aquel doado. Chegara a crise, máis tarde pero tamén chegara ao agro. Así, o 24 de novembro de 2015 comparecín nesta Cámara para darlles conta das prioridades, das que nos marcabamos como Consellería do Medio Rural de cara a un futuro. E eu creo que hoxe toca facer exame e, polo tanto, non só falar de simples datos, senón falar deses feitos, deses traballos e desas realidades.

Penso que na réplica quedaron suficientemente explicados os avances no lácteo, pero ademais os resultados noutros ámbitos quero dalos a coñecer hoxe aquí:

Salientei naquel momento como prioridade o fomento da remuda xeracional no agro galego para apoiar os mozos e mozas que queiran instalarse para desenvolver actividades agrícolas, e o resultado foi nun ano de 618 mozos incorporados ao rural.

Outra prioridade foi a mellora de explotacións e apoio ás pequenas explotacións, coa creación de agrupacións de produtores que permitan mellorar a posición negociadora fronte ao mercado. Os resultados foron 582 plans de mellora aprobados. Efectivamente, quedaron plans de mellora sen aprobar, pero iso quere dicir que había un interese, un interese importante en investir no rural. Co cal poñamos na balanza cada vez que dicimos: é terrible, todo o mundo se quere ir. Non, non todo o mundo se quere ir, a xente quere investir. E eses que quedaron fóra, que tiveron a incorporación pero non un plan de mellora, nesta orde están priorizados como prioridade 1 e non teñen que presentar de novo a documentación; se seguen co seu mesmo plan, simplemente lle teñen que dicir á Administración que queren continuar con ese plan.

En materia de mellora do acceso ás explotacións e base territorial en infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, adaptación e modernización da agricultura e a silvicultura, os resultados son os seguintes: no ano 2016 fíxose entrega dos títulos de sete concentracións parcelarias e aprobáronse as tomas de posesión doutras once, uns procesos dos cales se beneficiaron 14.000 persoas. Eses son datos que poden vostedes contrastar, que non os quito de ningún lado, que os teñen aí para que poidan comprobalos.

En canto ao apoio á industria agroalimentaria para permitir a vertebración do sector primario, incrementando o valor engadido das producións agrícolas e gandeiras, o resultado foi que no ano 2016 se investiron 25 millóns de euros en cincuenta e nove proxectos aprobados de transformación. Como lles dicía, neste 2017 temos cento oitenta e cinco proxectos de industria agroalimentaria para a transformación dos nosos produtos, por un valor de 128 millóns de euros. E créanme que faremos o posible e o imposible para poder atendelos.

Outra das prioridades que manifestei aquí era o impulso do sector forestal, investindo en tecnoloxías forestais, no establecemento e mantemento de superficies forestais e no investimento destinado a aumentar a residencia e o valor medioambiental. O resultado: cento vinte proxectos de transformación de produtos forestais que recibiron 10 millóns de euros en axudas o pasado ano. Estou falando xa do realizado, non do futurible.

Tamén apostabamos pola dinamización da poboación rural a través do investimento, a creación e o desenvolvemento de actividades non agrícolas. Os resultados neste eido tamén están cuantificados: 3,5 millóns de euros, co que se axudou á creación de vinte empresas no rural, a mellora de sesenta empresas máis, o fomento e a consolidación de trescentos cincuenta postos de traballo e a creación de cen postos de traballo a maiores.

Faleilles naquel entón tamén do interese de manter a poboación agraria nas zonas de montaña ou con outras limitacións naturais. Como resultado, no ano 2016 preto de vinte millóns de euros destináronse a este obxectivo.

O desenvolvemento dunha agricultura e gandería sostibles e respectuosas co medio ambiente e os recursos naturais é tamén unha prioridade do Goberno galego. Con esta medida apóianse

actuacións encamiñadas a prácticas extensivas de gandería, de vacún de carne e leite, apicultura e razas autóctonas en perigo de extinción. Por primeira vez, porase en marcha tamén unha liña específica dirixida única e exclusivamente á produción ecolóxica, abarcando todo o ámbito. En total, destináronse 10,5 millóns de euros.

Por suposto, cando algún portavoz dixo que eu paseei a semana pasada, efectivamente, non paseo, paseo, vexo e despois podo falar con propiedade, e eu ademais convídoos a que fagan iso. E non me reunín só co alcalde, reunínme co alcalde e reunínme con trinta e cinco gandeiros. Eses trinta e cinco gandeiros tiveron a oportunidade non só de escoitarme senón tamén de preguntar. Porque é o único xeito de facer política para eles, que saia única e exclusivamente deles. (*Aplausos.*) Co cal os paseos nunca son baldíos, e de cando en vez pasear máis viríanos moito mellor. Créanme que eu tamén cría que coñecía toda Galicia e ás veces lévome sorpresas. Desas sorpresas aprendo, e aí estou para intentar despois facer un plan, que son os plans que eles mesmos nos trasladan.

Faleilles tamén do interese de manter a poboación agraria nesas zonas, e foron 20 millóns de euros no ano 2016.

A participación grazas ao enfoque Leader fixo un rural máis dinámico na anterior etapa, e agora conseguimos que os vinte e catro grupos estean xa en activo e traballando.

Por suposto que instamos a mobilidade de terra, e facémolo a través do Banco de Terras, pero facémolo de xeito real. E aquí teño que nomear o Bipartito, é que non me queda outra: 3.500 parcelas que se meteron nun saco chamado Banco de Terras, que o seu obxectivo non era agrario, e neste Banco de Terras temos desde algún supermercado, pasando por un cemiterio, unha igrexa. E iso foi na época do Bipartito. E agora estáselles cedendo aos concellos porque era un Banco de Terras irreal, agora estamos facendo o Banco de Terras real. Pero non só o Banco de Terras, senón que se optou por impostos cero no rural, naquelas parcelas ou aquelas fincas rústicas, cun fin, e ese fin é o de agrupar.

Avanzamos noutros eidos, como a consecución para os traballadores do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais da denominación das súas categorías como bombeiros forestais, ademais do pase á segunda actividade ou da redución da taxa de temporalidade. Todo isto asinado nun acordo coas catro organizacións sindicais.

Polo tanto, señorías, queda máis que demostrado que cando un conselleiro deste goberno vén ao Parlamento e fala de directrices e fala de proxectos, ao cabo dun ano é quen de vir aquí e recoñecer o que se fixo. E se non alcanzou aqueles obxectivos que se propuxo, tampouco ocorre nada por dicir que non os alcanzamos. Nese eido alcanzamos estabilidade e subida de prezos no lácteo, alcanzamos a fusión de cooperativas, pero tamén de gandeiros para facerse máis fortes, ao igual que o que lles acabo de dicir. Aínda así, e como non só poden ser promesas, porque despois o cidadán ve esas promesas e en función diso cualifica, e a nosa cualificación foron os votos, a xente do rural optou maioritariamente por este goberno.

Agradezo o seu interese polo rural e convídoos a traballar e a optar, por suposto, polo máis prezado que temos en Galicia, que é ese 97 % do territorio que é o noso rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira do Mar para a súa comparecencia.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Gustaríame iniciar a miña intervención mandándolles un apoio e solidariedade a todos os socios da Confraría de Barcelona e tamén de solidariedade ás familias dos mariñeiros que onte sufriron un percance na entrada do porto de Barcelona cando volvían de realizar as súas faenas pesqueiras.

Comparezo hoxe diante desta Cámara para dar conta das liñas xerais que marcarán o rumbo da Consellería do Mar nesta nova andaina que iniciada en 2016 nos levará ata o 2020 e que agardamos volva ser positiva para o noso sector marítimo-pesqueiro.

Veño darlles conta a vostedes, como representantes das galegas e dos galegos, dos principais aspectos que conforman esta aposta renovada que dende este goberno e dende o grupo que o sustenta temos para o noso mar. Trátase dunha aposta renovada porque conta co aval do traballo ben feito durante dúas lexislaturas e trátase dunha aposta renovada na súa valía por canto son tres veces nas que nos é entregada a confianza maioritaria para desenvolvela. Con esta confianza da sociedade e do sector, e para non defraudala, traballaremos para facer que esta nova etapa sexa tamén a terceira avalada polo labor desenvolvido.

Tomabamos o temón da xestión e ordenación do sector marítimo-pesqueiro galego en 2009 cun só obxectivo: recuperar a ilusión do mar. Iniciabamos a andaina baixo unha premisa perentoria e necesaria: cambiar o modelo de traballo para facer que a produtividade e a competitividade nos levasen á sostibilidade.

Naquel entón, como agora, eramos realistas e viamos que sostendo o sector con axudas, mantendo só o barco á capa, non íamos saír adiante. Necesitabamos dispor de cambios e medidas que permitisen dar avance cando a situación mellorase. Á luz dos datos estatísticos, creo que o sector marítimo-pesqueiro galego e a cadea mar-industria conseguiron ese propósito. Cambios legais, apoio orzamentario, medidas de xestión, argumentación das nosas peticións e traballo cóbado con cóbado leváronnos a inverter aquel rumbo.

Aquel era un sector que viña perdendo peso no produto interior bruto galego, ata que en 2008 pasou a representar tan só o 1,8 %. Na actualidade está a mellorar a súa participación no agregado, xa que nos catro anos transcorridos dende o 2008 ao 2012 o sector mellorou a súa achega ao PIB galego ata acadar o 2,1. Isto conseguiuuse grazas a que a pesca medrou a

un ritmo superior ao da economía xeral no período 2008-2012, pasando de facelo ao 2,2 % a realizalo ao 2,8 %.

Nesa inversión do rumbo temos hoxe referencias que naquel entón parecían pouco realistas para acadar. Fronte á desaparición nos nosos peiraos entre o 2005 e 2009 de máis de medio milleiro de embarcacións, en 2016 a capacidade da nosa frota volveu subir lixeiramente. Fronte ao abandono de 850 persoas do réxime especial do mar naqueles anos, en xaneiro de 2017 vemos como estamos en cifras positivas comparando interanualmente a cifra de afiliados. Fronte ás máis de oitocentas mariscadoras que deixaron de baixar definitivamente á praia naquel período, entre o 2015 e hoxe temos un saldo positivo; logo tamén habería a posibilidade de incorporación de máis de cento cinco persoas nestes tres últimos meses. Fronte a unhas vendas en lonxa que deixaban parte da facturación polo camiño dese cuadrenio, temos hoxe unha facturación de case quiñentos millóns de euros que nos dan a cifra histórica de valor. Fronte a unha baixa nas cotas dun 44 % en toneladas e valor con respecto a 2005, en 2012 viramos a cifras positivas para acadar unha suba xeral do 40 %, incrementando o seu valor en máis dun cen por cento.

Avanzamos. Avanzamos en todos os eidos paseniño. Avanzamos nos planos orzamentarios, dando apoio e priorizando os investimentos produtivos por riba das necesidades da propia consellería. Avanzamos no plano normativo, adecuando a Lei de pesca e dando forma ao decreto que regula as artes e os aparellos e a cobertura dos permex. Avanzamos no plano organizativo, traballando da man co sector para sacar adiante normas, ditames como o da PCP por unanimidade e argumentos como o da necesidade de maiores cotas.

Pode semellar que estes avances son etéreos ou que tamén están faltos de concreción, pero todos eles concordan con datos que afirman a súa realidade e plasmación práctica. Falo dos máis de novecientos buques regularizados; falo de reducir o despezamento en máis dun 54 %; falo de incrementar a matrícula nos nosos centros nun 46 %; falo dos 8 millóns de metros cadrados rexenerados para o marisqueo; falo da aposta cero para os contadores das bateas; falo dos máis de douscentos sesenta millóns de euros postos á disposición do sector transformador; falo do crecemento exponencial do produto certificado por «pescadeRías»; falo de reducir as zonas C nun 50 %, pasando a ser menos do 7 % da superficie das áreas produtivas; falo de reducir as taxas nos portos nun 15 % e aínda así investir máis de 162 millóns de euros nas melloras dos nosos cento vinte e dous peiraos.

Mais atender estas cuestións do día a día non foron óbice para darlle acollida a unha importante acción noutras áreas que se poderían resumir en dous grupos e catro liñas de traballo e cifras:

Un bloque de futuro, de diversificación e de investigación. Na diversificación, pondo a andar os grupos de acción costeira e tomando a dianteira logo de arrancar case de cero para executar 427 proxectos ao longo de todo o litoral. Na investigación, ao levar o Cetmar a incrementar nun 465 % os fondos destinados aos proxectos que xestiona.

Outro bloque de seguridade, con blindaxe absoluta do control alimentario, rescate e loita contra a contaminación e o furtivismo. Na vixilancia da seguridade alimentaria, traballando para

que o Intecmar volvese ser un referente e se puidese adaptar ao novo método analítico químico para a detección de biotoxinas. Na seguridade do mar e no control do furtivismo, garantindo a operatividade dos helicópteros durante todo o ano, cunha resposta de dez minutos e triplicando as incautacións e duplicando os comisos nos primeiros dous anos de mandato.

E todo isto sen perder unha referencia fundamental no devir da nosa actividade marítimo-pesqueira a curto e medio prazo: a renovación da política común de pesca, arrancando esa modificación no 2009 e rematando en 2013. Fomos quen de argumentar a necesidade de poñer en equilibrio os aspectos ambientais, sociais e económicos. Flexibilizamos cuestións como o rendemento máximo sostible ou a obriga de desembarque para todas as capturas. Fomos quen de levar cara a arriba a nosa cifra na repartición porcentual no contexto español, pasando dun 44 % no período 2007-2014 a un 51 % para este período do 2014- 2020.

Falando xa desta lexislatura, creo que é necesario dicir que a liña de traballo vai continuar sendo a da competitividade, a sostibilidade e a produtividade, todo iso sobre un pilar fundamental: o realismo. Seguimos traballando nesa liña desde o minuto un. Por iso, nestes primeiros cen días desde o arranque deste novo período estamos xa instalados nesa liña con bos resultados. En termos de sostibilidade, traballamos para poder dispor de máis e mellores cotas, e conseguimos aumentalas nun 20 % para o ano 2017. En termos de competitividade, puxemos ao dispor do sector e da cadea mar-industria case vinte millóns de euros en axudas para melloras a bordo, bateiros e acuiculturas e pequenas empresas de transformación. En termos de produtividade, avanzamos xa no impulso de novas infraestruturas portuarias en nove peiraos galegos e destinamos 5 millóns de euros para a mellora da contorna marisqueira.

Así é como queremos seguir traballando, con realismo e con ilusión. Temos diante de nós un período no que consolidar este cambio de rumbo e expandir o crecemento. E para iso é necesario máis actividade, menos freos e cortapisas, incrementando cotas de pesca e zonas de marisqueo e reducindo despezamentos e contaminación; máis cogobernanza e menos burocracia, aumentando a capacidade de organización do sector e simplificando a normativa vixente; máis infraestruturas e menos agravios comparativos, avanzando na dotación de mellores peiraos e lonxas e reducindo o *dumping* que nos fan outras frota.

Pero todos estes aspectos precisan de medidas e iniciativas específicas, que nos deben de levar a acadar unha mellora en todos os eidos que acabo de sinalar. Só temos unha maneira de conseguilo: traballando co sector. Traballaremos cos nosos profesionais da pesca para contar con argumentos prácticos e tamén cos científicos, para conseguir argumentos sólidos que nos leven a acadar maiores e máis cotas —o auténtico cabalo de batalla da nosa pesca—, avanzando na súa xestión para conseguir un mellor aproveitamento das posibilidades das capturas dispoñibles.

Este mesma liña seguiremos para flexibilizar e aplicar de forma práctica a prohibición de descartes, a de medidas técnicas e a de control, sen que incidan negativamente na operatividade e na competitividade da nosa frota.

A pesca artesanal será un dos puntos fulcral dos nosos esforzos, para o que o desenvolvemento do Plan de competitividade e sostibilidade da pesca costeira artesanal sumará unha posta en valor das especificidades da nosa frota no atinxente ás cotas e descartes.

Defenderemos a nosa frota de altura e grande altura, traballando para que se estendan a outras froas de terceiros países os mesmos estándares ambientais e sociais que cumpre a nosa, e apostando por coordinar a nosa acción exterior para afianzar o asentamento dos nosos intereses pesqueiros en países como Namibia, Arxentina ou Perú.

Traballaremos tamén cos profesionais do marisqueo, para que esta actividade continúe coa senda positiva que vén percorrendo, de xeito que se poida avanzar cara a unha maior produtividade grazas á expansión dos labores de cultivo e semicultivo, con base na sedación de semente de bivalvos e da mellora da calidade das augas onde se desenvolve o seu labor de extracción.

Parelo a isto faise necesario gañar o terreo deixado por estas melloras plantexadas mediante a recuperación de zonas improdutivas e a potenciación das condicións das xa existentes. Feito que debe de ir en paralelo do freo constante ao furtivismo e da axilización do acceso aos permex que posibiliten o desenvolvemento da actividade.

Traballaremos da man dos profesionais da mitilicultura e acuicultura para sacar adiante —sempre co seu consenso e coa súa vontade por diante— un marco normativo que ampare e regule esta actividade, de xeito que se poida desenvolver con seguridade xurídica e respecto medioambiental pleno. Apoiaremos decididamente o sector mitilicultor, potenciando o cultivo do mexillón, mediante o reforzo da súa trazabilidade, e favorecendo a innovación deste sector que lle permita un óptimo aproveitamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Sen dúbida, esta aposta polo cultivo do mexillón vén catapultada de forma importante pola seguridade que lles dá aos propietarios as recentes ampliacións das concesións ata os cincuenta anos, que se suma amais da posta a cero dos contadores que fixemos no ano 2009.

Traballaremos cos profesionais e empresas de transformación e comercialización para aprobar a principal asignatura pendente da nosa estrutura marítimo-pesqueira: a obtención de maior valor engadido e a axeitada venda dos nosos produtos.

Traballaremos na consolidación e expansión da presenza dos nosos peixes e mariscos nos mercados, buscando novas oportunidades e axeitando as presentacións ás novas demandas dos consumidores.

Continuaremos coa aposta pola promoción coa presenza galega nas máis importantes feiras e pola diferenciación dos nosos produtos mediante campañas de promoción específica. Esta tese debe de reforzar a competitividade das empresas galegas deste eido, ao que teremos que engadir o traballo da argumentación para acadar un marco igualitario nas condicións ambientais, sociais e económicas fronte a outros países, e a apertura ao mundo para soste e expandir a internacionalización da nosa produción. Para todo isto fanse vitais dous elementos: a posta en vigor e o desenvolvemento dunha planificación axeitada e mais o apoio económico para levalo adiante. Fálolles dun novo plan da conserva, que verá a luz en breves semanas, e da achega económica do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, para que as pemes poidan modernizarse, adecuarse e competir libre e firmemente.

Pero atender as catro áreas produtivas non vai consumir todos os nosos folgos. Temos que ter claro que existen experiencias positivas que deben de servir de base para as apostas de

futuro e que hai tamén aspectos que deben de continuar a estar blindados para asegurar ese futuro firme.

Estamos convencidos de que a diversificación e complementación da economía marítima que promoven os grupos locais de acción pesqueira axudarán a sacar proveito das novas actividades ligadas ao turismo mariñeiro e á diversificación das actividades vinculadas ao mar, afondando na creación de emprego e oportunidades económicas.

Continuaremos tamén apuntalando a investigación para permitir que Galicia manteña a competitividade da actividade marítimo-pesqueira, fomentando a coordinación investigadora desenvolvida polos centros de Galicia, caso do Cetmar ou do Centro de Investigacións Mariñas.

Amais, a formación náutico-pesqueira continuará sendo obxecto de blindaxe de cara ao futuro, seguindo o ronsel do aumento orzamentario de 2016, sen esquecer o apoio a outras actividades tradicionais pero con gran futuro, como o das redeiras e a dos carpinteiros de ribeira.

No relativo ás cuestións blindadas, entenderán as señorías que estou a falar daquelas que nos levan á palabra seguridade: a alimentaria, a da vida humana no mar e a do medio mariño fronte á contaminación.

No atinxente á seguridade alimentaria, teremos a especial atención ao reforzo da trazabilidade, complementando os avances na dotación de máis puntos dixitais de pesaxe, etiquetaxe e expedición de documentos, coa intensificación das tarefas asociadas á cadea de control da orixe dos produtos do mar. A maiores, a pedra fulcral deste sistema seguirá sendo o Intecmar, que continuará desenvolvendo o programa de control das zona de produción, atendendo a propostas de variación e ampliación da normativa europea sobre biotoxinas e outros elementos nocivos, e afondando na axilidade e periodicidade de achega de información ao sector.

No que afecta a seguridade da vida humana no mar e a loita contra a contaminación, avanzaremos na dotación de persoal e medios materiais para o Servizo de Gardacostas, incorporando o uso de novas tecnoloxías no control e asistencia no mar. Faremos da actualización do Plan Camgal un dos piares de resposta fronte aos episodios de contaminación mariña.

Sabedores da valía e da necesidade de contar con infraestruturas portuarias axeitadas, traballaremos para que esta liña siga sendo unha constante en dedicación e apoio económico, trazando as liñas mestras con base na aprobación dun plan de equipamentos portuarios, que dará resposta ás necesidades de elementos loxísticos e de servizo aos portos e lonxas, e no impulso dun plan de dragaxe nos portos autonómicos.

Seguiremos co esforzo de simplificación e axuste de taxas, e adecuaremos ás novas necesidades, como a dotación de espazos e medios para a recollida de residuos mariños, con especial fincapé naqueles destinados ás especies descartadas, e dispoñemos a mellora na transición e integración do porto vila, cunha análise de reversión de espazos aos concellos.

Para finalizar, continuaremos coa cesión á iniciativa privada das promocións de novas instalacións de náutica deportiva e recreativa, reservando para a Xunta o desenvolvemento da

potenciación de medidas de atraer a náutica deportiva e a dotación de amarres para as embarcacións tradicionais.

Pero a principal aposta que queremos renovar e relanzar, que queremos afianzar dándolle carácter irrenunciable, ten que ver coa cogobernanza co sector. Temos, debemos e queremos escoitar o sector. Así o practicamos sempre, e referendámolo hai un ano, renovamos ese espírito e levámolo a todos os eidos. A finalidade é que o noso sector dispoña de normas que non distorsionen a actividade dos mariñeiros, das mariscadoras e dos acuicultores, de forma que a súa simplificación redunde nunha axilización da relación Administración-sector.

Queremos e debemos de poñer ao día o entramado normativo e administrativo de xeito sinxelo e en colaboración co sector, dándolle un maior protagonismo. Entre as primeiras cuestións que xa abordamos, está a defensa dunha revisión das exixencias relativas ao botiquín, dos beneficios dos coeficientes redutores e da revisión e simplificación da normativa básica. Para este fin, continuaremos facendo do Consello Galego de Pesca unha ferramenta que sirva para fincar os piares de cada decisión do sector marítimo-pesqueiro. Por iso referendamos aquí o compromiso de elaboración dun informe anual, con inxedanzas, problemas, obxectivos e liñas de actuación para mellorar o noso sector, traendo e debatendo tamén neste Parlamento.

Esta participación debe de ser levada ás instancias do marco decisorio europeo, defendendo as súas demandas desde os cauces establecidos, empezando polos consellos consultivos e rematando polo apoio e a argumentación para a defensa no Parlamento Europeo e no Consello.

A tirada que nos levará ata o 2020 ten tamén aparelados retos senlleiros para a pesca galega. De nós, a Administración e o sector, depende se os queremos converter en oportunidades ou en ameazas. Fálolles do *Brexit* e da normativa aparelada á política pesqueira común, tanto na parte de eliminación de descartes como na relativa á parte de medidas técnicas e control. En ambas cuestións iniciamos xa os traballos conxuntos para facer un seguimento e sumar os argumentos que podemos poñer enriba da mesa para chegar a bo porto nos procesos decisorios.

No *Brexit* confirmamos xa un grupo de traballo no seo do Consello Galego de Pesca para analizar cada paso que o proceso vaia dando e para ir coñecendo e valorando aquelas análises que poidan ir emanando dos encargos feitos á universidade, ao Instituto MarinnLeg, creado ao abeiro do Blue Growth da Autoridade Portuaria de Vigo, ou de calquera outra achega que poda ir xurdindo.

No caso da normativa de eliminación de descartes, da de medidas técnicas ou de control, amais dos ditames aprobados xa por unanimidade dentro tamén do Consello Galego de Pesca, seguiremos pormenorizando os trílogos no marco europeo, para tratar de evitar que as normas se afasten das nosas demandas. Por ende, non debemos de esquecer que no período final desta lexislatura se deberá de iniciar o procedemento de revisión da política pesqueira común, que volverá pór enriba das mesas retos e oportunidades para a nosa pesca, e onde deberemos de estar preparados de novo para que Galicia siga tendo voz e esta sexa escoitada.

Remato, señorías, e fágoo co convencemento de que o repaso polos oito anos pasados nos amosa que cumprimos co traballo encomendado e co rumbo que se nos demandaba, e que esa é a razón de que se nos volve dar a responsabilidade de volver marcalo. Sabemos, por

realistas, que este feito non é cousa en exclusiva, senón que xorde do desenvolvemento dun termo clave en calquera tipo de éxito: a unidade. Por iso queremos unidade co Parlamento para traballar nas liñas que demanda o sector, unidade co sector para traballar xuntos e sumar argumentos, unidade do sector para evitar que quen só quere ruído poida distorsionar o rumbo dunha ampla maioría que só quere traballar e gañar futuro.

Só me resta un feito antes de rematar: agradecerlles ao propio sector e ao persoal da Consellería o seu traballo e dedicación. Con iso temos a base da pervivencia dun eido sen o que Galicia non se entendería como é, porque sen mar non hai Galicia.

Quedo á súa disposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas. Bo día, señora conselleira.

Seguindo a senda que marcou a conselleira do Medio Rural, que compareceu aquí antes que vostede, veñen aquí a este Parlamento describirnos esa «Galiza no país das marabillas», que só existe na propaganda do Partido Popular. Eu o que pregunto é que terá que ver o discurso que vostede acaba aquí de emitir coa realidade do noso mar.

Eu no que si vou estar de acordo é cunha das últimas cuestións que acaba de dicir vostede, e é que cumpriron co traballo encomendado nestas dúas lexislaturas. E, efectivamente, porque o traballo encomendado era minorar a capacidade do noso mar, do mar galego; o traballo que lle encomendou realmente o gran poder económico, que é o que manda na Unión Europea e no Estado español, foi reducir a capacidade da frota galega, e fixérono entusiasticamente; o que lles encomendaron e fixeron entusiasticamente foi desregularizar, por un lado, para permitir a entrada de produtos foráneos sen practicamente controis, pero, polo outro lado, poñerlles todo tipo de trabas lexislativas e todo tipo de problemas á xente do noso mar; e o traballo encomendado foi que permitiran a entrada a saco da acuicultura industrial no noso país. E nesas aínda está, señora conselleira.

Tamén dixo vostede que sempre ten un grande interese en escoitar o sector e que iso sempre o fixeron. ¡Curioso xeito ten de facelo, señora Quintana! Hai pouco máis dun ano estiveron acampados durante cen días diante da súa consellería os mariñeiros do cerco e non tivo nin un só momento para acercarse. O que pasa é que vostede a iso lle chama «dialogar co sector»; supoño que se refire a dialogar con aqueles que lle din o que vostede quere oír ou que concordan coas políticas que vostede pon en práctica. Pero iso non é dialogar co sector, iso é a política do ordeno e mando, é a política de practicar a submisión e que escoita a aqueles que vostede quere.

Veuvostede aquí reincidir nas liñas expostas na comparecencia para explicar os orzamentos da súa consellería para este ano 2017. E, ben, eu naquel momento xa lle preguntei, despois de dúas lexislaturas, señora Quintana —porque vostede é responsable das políticas de mar desde o ano 2009—, sobre cal era a situación na que quedaba o sector; se despois de dúas lexislaturas vostede, facendo balance, podía quitar peito como vostede o está facendo ou se realmente os datos desas dúas lexislaturas dan para ese optimismo que vostede está a amosar hoxe aquí. E preguntas como se o sector está mellor ou peor, se hai persoas incorporándose á actividade ou abandonándoa, se hai renovación xeracional e se non a hai por que, se se conseguiron rendas dignas para a xente do mar, se a etiquetaxe é clara e favorece os nosos produtos ou non, ou se ten Galiza en materia pesqueira máis peso, máis capacidade de decisión e de defensa do sector.

Evidentemente, por parte do BNG a contestación á maioría destas preguntas é negativa. Desde o ano 2009 despezáronse 30 barcos galegos do Gran Sol, señora Quintana, 415 barcos despeizados en xeral; no cerco partíase de 98 barcos e pasaron a 43; e a renda das mariscadoras está moi por debaixo do salario mínimo interprofesional, non chegan aos 500 euros brutos, e en moitos casos non chegan aos 300 euros. É dicir, estes son datos lonxe do seu discurso, que despois non vai acompañado nin polas actuacións que leva a cabo nin polos orzamentos. O sector segue cos mesmos problemas, aos cales vostede non lles leva dado solucións.

Vou empezar polo tema do *Brexit*, que vostede deixou así de pasada para o final da súa intervención. Dixo vostede que encargara un estudo, e eu voulle facer referencia un pouco á situación. Dixo que ían estar atentos a todo o que se fora facendo, e eu a primeira pregunta que lle teño que dicir é: ademais de estar atentos ao que vaia pasando, ¿que lle parecería se vostede tivera unha acción proactiva e en vez de esperar a que outros movan ficha que por parte do Goberno galego fora a primeira en mover ficha e en reivindicar a importancia do sector pesqueiro para Galicia e en poñerse en disposición de negociar directamente e defender os intereses do sector? Porque, mire, no Gran Sol faenan 57 barcos, 800 tripulantes galegos; que iso, si, logo en terra podemos multiplicar por catro, como mínimo, as persoas que viven deste caladoiro.

A isto hai que engadir que hai 140 barcos de capital galego faenando tamén, pero con bandeiras inglesas, francesas ou irlandesas. ¿E por que estes barcos de capital galego están abandeirados con outras nacionalidades? Porque non lles deixaron outro remedio. Os armadores tiveron que buscarse a vida e abandeirarse nestes estados porque, dende logo, quedaban sen capacidade de pesca. E resulta que despois de abandeirarse hai máis de catorce mil toneladas de rape que sobran cada ano, mentres que os que están con bandeira galega resulta que non teñen esa capacidade para pescar, e despois de abandeirarse neses estados resulta que lles sobra o produto. Algo está facendo mal —supoño que reconecerá, señora Quintana— cando resulta que Galiza, unha nación altamente dependente da pesca, non ten esas cotas para pescar, e resulta que teñen que ir abandeirarse a outros países para poder facelo.

Despois vén o Partido Popular co discurso de que Galiza é dependente, co discurso de que en Galiza nos dan máis do que poñemos encima da mesa, de que a aportación de Galiza para logo as balanzas fiscais e as contas é pequena, e logo recibimos da caridade do Estado. A realidade é que se todos estes barcos, por exemplo, estiveran censados en Galiza e todo o que producen

computara en Galiza —por exemplo, digo, a maiores doutras moitas cuestións— o conto sería diferente. Ou que, por exemplo, haxa cantidade de mariñeiros que teñan que estar cotizando na Seguridade Social francesa, que lles deron unha pequena solución para os que están a punto de xubilarse pero que aos outros non. Entón eses computan como que non tributan en Galiza e logo pois somos dependentes á hora de recibir pensións. ¿Dáse conta de cales son as contas que vostedes fan á hora de dicir canto aporta Galiza?, ¿cal é a capacidade de Galiza de producir?, ¿cal é a capacidade de Galiza de xerar riqueza?

Ben, pois a estes barcos dos que lle fixen referencia teríamos que sumar os que están nas Malvinas, señora conselleira, que tamén dependen dun territorio do Reino Unido. E que hai barcos con base en Marín ou con base en Vigo, pois pode haber máis de mil tripulantes.

Entón, nese contexto, ¿que tipo de acordo vai negociar a Unión Europea co Reino Unido? ¿As Malvinas, por exemplo, van formar parte dese acordo ou van ir como un anexo a posteriori? ¿Como vai quedar regulado o tráfico de persoas, de mercancías? É dicir, todo iso, ¿vostede vai estar soamente agardando aos pasos que vaian dando ou vai adiantarse, vai plantarse en Madrid e dicir que non pode volver pasar coa pesca galega o que pasou coa adhesión do Estado español —no que ía Galiza, evidentemente, no lote—, que foi auténtica ruína para o sector do mar do noso país? ¿Vai seguir de brazos cruzados? ¿Vai permitir que agora este problema se poida converter nunha oportunidade? E eu podo estar de acordo con vostede, podemos convertelo nunha oportunidade. Pero podemos convertelo nunha oportunidade se realmente vostede como máxima representante do Goberno galego está disposta a petar na mesa e a exercer e exixir os dereitos históricos da nosa pesca en augas do Reino Unido; se está disposta a que esta negociación da Unión Europea non se converta nun auténtico desastre para o mar galego; se vostede está disposta a que Galiza, como nación altamente dependente da pesca, faga valer ese peso, porque para o Reino Unido só traballan 12.000 persoas do mar, pero para Galiza é fundamental. E, dende logo, eu agardo, pido e exixo que non permitan que Galiza e o mar galego volvan ser moeda de cambio diante dos intereses doutros estados da Unión Europea, para os que a pesca non é fundamental, e que fagan valer os seus dereitos.

Podo seguir falándolle da avaliación da súa xestión, señora conselleira. Vostede regaloulle a cota do bocarte a Andalucía. Sendo titular da Secretaría Xeral do Mar o andaluz Carlos Domínguez, con aquela escusa de que había varios anos que non entraba o bocarte nas rías galegas, permitiulle, cedoulle que o pescaran todo en Andalucía, no sur, co cal agora, cun sistema de repartición con base nas históricas, Galiza neses anos non ten cota histórica. E agora vostede resulta que ten que negociar con Andalucía que nos deixen, se entra o bocarte na ría galega, pescalo, porque resulta que Andalucía ten adxudicado o noventa e oito e pico por cento e Galiza pouco máis do un por cento. Entón, esa marabillosa xestión no bocarte fai que neste momento a frota galega non teña cota e que vostede lle teña que mendigar a Andalucía, porque permitiulle que iso fora así.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Igual que permite que sexa Madrid e outras comunidades as que impongan os seus criterios en cuestións como pode ser augas interiores, onde Galiza ten com-

petencias tremendamente plenas.

Podía seguir falándolle da pesca artesanal, que por primeira vez na historia no ano pasado o xeito tivo cotas, 175 toneladas, que logo pasaron a 200, e que neste ano o 3 de marzo o Ministerio publica unha nova resolución na que lle adxudica 175 toneladas ao xeito, cando é en augas interiores. E vostede permite que se lle impongan cotas cando non tería por que deixar que ninguén mandara nin decidira sobre as nosas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—Remato, señor presidente.—

En resumo, señora conselleira, vostede hoxe aquí fixo unha descrición de «Galiza no país das marabillas» e do que non falou foi dos problemas reais do sector. Problemas reais —que logo seguirei— como son o que lle acabo de dicir que vai pasar co *Brexit*, a pesca artesanal, o bocarte, as artes menores, o arrastre de litoral ou a acuicultura, ou o que é a excepción...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...ou o traballo das mariscadoras.

Agardo a que entre neses detalles...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...na súa outra intervención, se non eu seguirei despois.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Hoxe, que veñen aquí as liñas xerais da Consellería do Mar, non cabe dúbida de que é un bo momento para falar dos dereitos de pesca, das escasas posibilidades de pesca, porque, coma sempre, cando falamos de cotas, falamos moito máis que de porcentaxes, de toneladas..., falamos de persoas, de vidas enteiras que dependen economicamente da pesca; a súa economía, a das súas familias, a economía de toda a vila depende da pesca.

E dísenos que falan e que escoitan o sector. Pois está ben escoitalo porque xa a Orde de 2013 pola que se establece o Plan de xestión para os buques do caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste foi obxecto de recurso perante o Tribunal Supremo, a do 2014 igual e a do 2015 ad-

mitida a trámite pola Audiencia Nacional. Estas ordes xeran grandes desigualdades: a uns sóbralles cota, a outros fáltanos.

O artigo 17 da Lei do Regulamento 1380/2013, sobre política pesqueira común, establece uns criterios de asignación das posibilidades de pesca para os Estados membros, e indica que se aplicarán criterios transparentes e obxectivos, incluídos aqueles de carácter medioambiental, social e económico. Fala tamén do criterio histórico. Non obstante, non establece cal debe ser o peso relativo de cada criterio. O criterio histórico a Galicia prexudícaa, e en xeral a España, polo período de referencia no que houbo sobrepesca. Pero tamén porque o peso que se lle dá ao criterio histórico é excesivo. Esta é unha demanda que se cansa de repetir o sector. Fáganlle caso, porque esta é unha demanda que se repite ano tras ano: cantidades insuficientes, revisión do criterio histórico. Os recortes en cotas, as cantidades que están por debaixo das capacidades, teñen consecuencias moi negativas para as persoas e as familias que delas dependen. Estas situacións agrávanse aínda máis cos peches improvisados. Impiden ter unha programación, facer investimentos, facer contratacións. Nas actividades pesqueiras, como en toda actividade empresarial, é precisa certa programación. Coas cantidades asignadas non se poden cubrir os custos das embarcacións. Ás veces nin tan sequera se poden cubrir os gastos fixos, co cal éntrase nunha situación de endebedamento que leva ao final a un único fin, ao fin da actividade.

Isto é o que se demanda: poder traballar. Porque se fixeron investimentos, porque, para estes investimentos, houbo que endebedarse. E as cantidades asignadas son insuficientes. Esta é a realidade: unha decisión política que afecta a persoas, que afecta a familias endebedadas que non xeran ingresos suficientes para atender as súas obrigas.

¿Danse conta da importancia que supón querer e non poder por unha decisión política? ¿Canto tempo se leva demandando que se revisen as cantidades asignadas de xarda e xurelo no Cantábrico noroeste? ¿É normal que queden sen pescar 1.000 toneladas de xarda e 6.000 de xurelo e que os barcos aquí estean pasando penurias? Moi normal non é. Pero menos aínda que, sabendo que isto ocorre cada ano, Galicia sempre ande escasa. ¿Canto lle levan pedindo que para a zona 9A se revise a porcentaxe de bocarte? Un 1,14 non é suficiente, xa se trouxo aquí. Sempre votan en contra e din que é polo seu ben. Pero a día de hoxe xa se esgotou a cantidade asignada de bocarte para a zona 9A. Nun trimestre esgotouse a cantidade que se podería pescar nun ano, nun recurso abundante, unha riqueza que se perde. É unha demanda do sector que non se atende porque non hai vontade política.

Queremos insistir nisto. Hai recurso, o sector así o está demandando, as cantidades son insuficientes e, polo tanto —e isto é moi importante—, os ingresos son insuficientes e, en consecuencia, as dificultades económicas graves —nalgúns casos, a ruína—.

Esta situación non afecta só ao mar, afecta a todos os negocios das vilas costeiras. Se para o mar, para o supermercado, paran as tendas, para a hostalería. Todo para cando para o mar. Agora temos unha nova situación que se xerou tras o referendo do Reino Unido o pasado 23 de xuño do ano pasado, que é un tema que está causando gran incerteza non só na pesca, senón no ámbito político, económico e social. Polo tanto, é certo que cabe esperar que boa parte dos esforzos do Goberno estean centrados en lograr o maior número de oportunidades

fronte ás ameazas que poidan derivar. Dentro das oportunidades, está a revisión do principio de estabilidade relativa. Así é como se percibe por parte do sector pesqueiro. O certo é que o Reino Unido, cun 15 % de cota, ten un 12 % de produción; mentres que España, cun 7 %, ten un 25 % de capacidade pesqueira. Parece claro que a revisión do principio de estabilidade relativa pinta como unha oportunidade.

Tamén hai ameazas, como, por exemplo, os armadores galegos con bandeira británica. Faise preciso saber qué vai pasar con eses barcos, recordábo a señora Prado. Non esquezamos que están alí porque aquí non hai cantidade suficiente. Respecto das exportacións e as importacións galegas, o Reino Unido é un destino importante para as nosas exportacións. E tamén as importacións son importantes. ¿Que vai pasar cos aranceis? En definitiva, ¿imos seguir sendo competitivos?

Como dicíamos, esta situación ten a súa orixe hai nove meses, nove meses nos que se abriu esta serie de incertezas para Galicia. E non podemos esquecer que hoxe comparece aquí a señora conselleira e que, polo tanto, é crucial que os esforzos se destinen a lograr o maior número de oportunidades para Galicia fronte ás posibles ameazas. Por tanto, nós pediríamolle un papel activo, pero, sobre todo, que a pesca deixe de ser moeda de cambio, que se trate como realmente debe, co peso específico que debe ter dada a gran cantidade de persoas que dependen economicamente da pesca.

Quixera falar tamén da situación do marisqueo, especialmente da situación laboral dos traballadores e traballadoras. Na actualidade estamos a falar de mariscadoras que traballan para obter rendas de 750-800 euros en moitos casos. O sistema produtivo do sector primario prexudica claramente os produtores orixinais, neste caso os mariscadores e mariscadoras. O prezo en lonxa do produto é claramente inferior ao prezo final da venda, quedando o volume maior de negocio do proceso en mans dos intermediarios. É necesario afrontar con visión a longo prazo o problema dos prezos, pois se a limitación segue afectando deste xeito, estaremos asumindo as posibles consecuencias dun problema de sobreexplotación, o que derivará en perda de calidade e cantidade do produto a medio prazo.

Resulta indiscutible que o labor dos traballadores do marisqueo se dá en condicións agresivas para a saúde, polo que cremos que é necesario estudar novas formas de fiscalidade para facilitar unha mellor adaptación ao eido laboral, estudar axustes da idade de xubilación ou o recoñecemento de enfermidades incapacitantes, para non ter que asistir a terribles e tristísimas situacións, como a dunha mariscadora da ría de Pontevedra que está obrigada a seguir traballando despois de padecer cancro e que con 59 anos ten difícil a súa capacidade de esforzo e desenvolver o seu traballo diario. (*Aplausos.*) Esta é a realidade das persoas que traballan no mar.

As toxinas e paros biolóxicos, evidentemente, son un dos graves problemas aos que se enfronta o sector. Non podemos ser reactivos no que corresponde a este tema, senón proactivos. Debemos adiantarnos e deseñar máis e mellores formas de afrontar os problemas das toxinas e anticiparnos a elas. Sobre o saneamento das rías, a Unión Europea advertiu repetidamente de sancións ao noso país polo estado de conservación das rías, atendendo ás queixas dos colectivos de mariscadores. En 2013, unha visita de representantes europeos emitiu un durísimo informe sobre esta situación que a propia Xunta, nun primeiro momento, quixo

minusvalorar. A finais de 2016, a Comisión Europea solicitou ao Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea unha sanción para España polo deficiente tratamento de residuos urbanos, no que se atopaban puntos sinalados de Galicia. Estas advertencias e peticións de sancións evidencian que a situación é grave.

A ría de Pontevedra é a que máis días ao ano permanece pechada para o marisqueo, no que a situación de Ence ten moito que ver, polo que a situación medioambiental é imprescindible para o marisqueo. E a Unión Europea suspéndenos continuamente. Aínda que o labor dos investigadores dos centros autonómicos —en canto ao que investigación se refire— é boa, resulta imprescindible fortalecer a súa función. E isto faise con investimentos —que non houbo de maneira significativa nos orzamentos deste ano, a pesar de que así o alertamos desde o Grupo Parlamentario Socialista—. O I+D+i contribuirá a un mellor labor na prevención e a unha capacidade innovadora sobre novas formas de cultivo, aproveitamento e optimización dos recursos.

Por último, gustárame falar —algo que é importante— de que a xestión actual da Consellería do Mar se caracteriza por afrontar constantemente unha conflictividade complexa co sector. O exemplo máis claro deuse coa Lei de acuicultura, que o Goberno tivo que botar atrás no seu momento e que agora pretende volver implantar, sen renunciar ás súas ideas orixinais, a pesar do rexeitamento do sector e de que constituíu unha derrota política abrumadora da conselleira e do presidente Feijóo, que amparaba a súa aplicación. É necesario consensuar, aproveitar as sinerxías e non facilitar os conflitos coa creación de reinos de taifas que se amosen como fieis seguidores da política autonómica, amparados pola Consellería. O enfrontamento non produce riqueza nin beneficio para os traballadores.

Por último, simplemente dúas ideas a modo de resumo. Na pesca, recalco: cantidades insuficientes que non permiten acadar os ingresos suficientes, co *Brexit* débese facer un esforzo para que a pesca implique o maior número de oportunidades, que non sexa moeda de cambio. E no marisqueo, o estado lamentable das nosas rías e as condicións de traballo, que non parecen propias deste século.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a historia das mariscadoras, dos mariñeiros, das súas familias, das súas nais, fillas, irmáns, é historia dunha loita, unha loita heroica que representa o espírito combativo do noso pobo, do pobo galego, da súa loita por sobrevivir coa forza das súas mans, sacrificio e traballo. Todas as que estamos hoxe aquí lembramos movementos cidadáns, movementos populares, como Nunca Máis, unha mobilización que uniu a toda a sociedade galega nunha soa voz para pedir responsabilidades contra a nefasta xestión que se fixo co accidente do *Prestige* no ano 2002. A manifestación en Santiago de Compostela, á que acu-

diron máis de 200.000 persoas, e que nos lembra a que tivo lugar hai un pouco máis dun ano tamén en defensa do mar, foi un orgullo que nos lembrou que a nosa xente está unida cando máis se necesita.

Moitas de nós temos gravadas nas nosas retinas aquela lexión de voluntarios e voluntarias que acudiron a limpar as nosas praias cheas de chapapote, ou a imaxe dos nosos mariñeiros —sen ir máis lonxe, os meus irmáns— recollendo coas súas propias mans o petróleo para que este non entrara nas rías. Auténticos actos heroicos que nos lembran que a loita representa o espírito necesario para conseguir unha sociedade máis xusta. Por desgraza, a historia tamén nos demostra que os gobernantes non sempre están á altura do momento. Si, señora conselleira, vostedes non estiveron daquela, seguen sen estar nin se lles espera.

O sector do mar galego non se atopa nunha boa situación e sábeo. En quince anos perdéronse máis de 10.000 postos de traballo relacionados directamente co mar en Galicia, representando unha caída do 32 %; ou, dito doutro xeito, 1 de cada 3 traballos relacionados co mar desapareceron dende o ano 2001. Na actualidade están rexistrados máis de 300 vertidos incontrolados nas rías galegas. Isto fai que a produción de peixe e marisco diminúa de xeito preocupante. Se no ano 2008 se recollían máis de 5 millóns de quilogramos de berberecho nas rías galegas, no 2016 foron pouco máis de 2 millóns. E no caso da ameixa fina, en 2008 foron 780.000 quilogramos e 380.000 quilogramos en 2016. Por non falar da sardiña tamén, que pasou de 15 millóns en 2008 a pouco máis de 4 millóns en 2016. Díganos, de verdade: ¿esta evolución parécelle positiva? Diga o que diga, sabemos que vostede sabe que non o é. Non intente vender como un éxito algo que é un drama.

O noso mar necesita medidas efectivas. Enumeraremos algunhas tan necesarias como concretas. Por exemplo, en primeiro lugar, políticas públicas para o saneamento das rías. Vemos o estado tan preocupante no que se atopan todas as rías galegas. Sobre todo, puidemos comprobar, coa axuda da información de distintas plataformas cidadáns de defensa das rías galegas, como os casos de Ferrol, do Burgo, da Coruña, de Pontevedra, de Plademar pola ría de Muros e Noia —que son casos moi preocupantes— o lamentable estado das nosas rías. Xa non digamos o caso das multas da Unión Europea nas rías de Vigo ou Ribeira, e que incluían o Concello de Santiago, que ascenden a 46,5 millóns pola falta de tratamento axeitado dos residuos, ata onde os veciños non poden nin vivir, con cheiros insoportables, como teñen denunciado os veciños de Ribeira. Isto destroza os recursos produtivos, dana o medio ambiente e afecta a saúde das xentes que viven nesas zonas.

Unha segunda medida é un seguimento axeitado dos servizos de salvamento marítimo. A nosa compañeira Lidia Senra, o pasado 7 de marzo, instou a Comisión Europea a facer un seguimento sobre as deficiencias do sistema de salvamento marítimo do Estado, incluíndo a Galicia, na Eurocámara, polas dúbidas que xera o afundimento do pesqueiro *Senefand 1*, dun armador galego. Preocúpanos porque, se hoxe acontecese outro accidente como o do *Prestige*, ¿como se xestionaría, señora conselleira? ¿Estamos preparados? Gustaríanos que nos contestara.

Unha terceira medida é un sistema de repartición de cotas xusto, non soamente unha cantidade de cotas, como aquí afirmou. En primeiro lugar, gustaríanos preguntarlle, ademais,

se ten analizado e, polo tanto, previsto qué facer —aínda que o citou— se a entrada en vigor do *Brexit* afecta a unha parte da frota galega que pesca en augas do Reino Unido. E, en segundo lugar, se vai seguir sen defender unha repartición xusta de cotas baseada no número de mariñeiros a bordo de cada embarcación en vez de nos históricos, como lles veñen reclamando os cerqueiros, como os de Acerga, que amosaron a solidariedade, boa xestión e humanidade que a vostedes lles faltou cando se viron obrigados a acampar en San Caetano para que os escoitasen. E nin así, semella que os tribunais van rematar por darlles unha razón que vostedes lles negaron.

Non contenta con dividir o cerco, decidiu dividir os mariñeiros de artes menores repartindo as cotas por provincias. Así, mentres eles están divididos e con tensións entre eles, vostede pode dedicarse a facer a política que lle gusta coas multinacionais da acuicultura; é dicir, seguen ampliando o que viñemos chamando esta semana «a trama».

Tamén se pregunta o sector como pode ser que vostedes vaian negociar a Madrid ao Ministerio a nova repartición de cotas para 2017 e queden sen asignar 6.000 toneladas, por exemplo, de xurelo. Pregúntase como non exixiron e por que non pelexaron, se a cota está mal repartida —porque, se non, non se explica que exista excedente—, para que viñese esa cota para aquí e para os barcos e mariñeiros galegos.

Unha cuarta medida é unha aposta clara e directa para potenciar a pesca artesanal fronte á pesca industrial e ás grandes multinacionais acuícolas. O problema desta última proposta é que o seu modelo, o modelo que defenden vostedes, é un modelo que choca frontalmente cos intereses e necesidades da nosa xente, que é o da pesca industrial e o modelo acuícola.

Si, señora conselleira, afirmamos isto porque hai apenas un ano a Xunta de Galicia —concretamente vostede— tivo a ousadía de botarlle un pulso aos nosos mariñeiros. O tristemente famoso Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia representaba o marco legal necesario para privatizar as nosas rías. Pero atopouse coa oposición directa do sector, da comunidade investigadora e da sociedade galega. As ansias do Partido Popular por vender as nosas rías ás grandes multinacionais atopáronse de fronte con outro movemento popular que os obrigou a recuar, máis cunhas eleccións galegas tan próximas. Pero, como sabemos todas, non se ían dar por vencidos. E co ego moi subido coa súa maioría absoluta, moi envalentonados, señora conselleira, intentan implantar o que desexaban co dito proxecto de lei, que agora o queren facer de xeito progresivo, pouco e pouco, pola porta de atrás para que semelle que non se nota. De feito, por iso na Comisión 8ª preguntabamos a unha das súas directoras xerais hai algo máis dunha semana sobre a Orde 37 do 22 de febreiro, que vén de publicar a Xunta, pola que se regulan axudas para a produción acuícola, e na que se demostra a intención do Goberno galego de continuar na senda dun modelo acuícola que foi masivamente rexeitado polo sector. Como a directora xeral non nos respondeu realmente sobre o seu modelo nesta cuestión, vólvollo explicar a vostede, porque parecen confirmadas algunhas das liñas estratéxicas da defunta Lei de acuicultura de Galiza, as cales En Marea rexeita frontalmente.

Nesta orde atopamos diversas consideracións que amosan unha forte aposta pola acuicultura industrial, lesiva para o medio ambiente e para os métodos tradicionais galegos de produción.

Dígame vostede, señora conselleira, se isto lle parece unha boa aposta ou un modelo acuícola sostible, o que recolle esta orde. E non falamos nin do berberecho nin da ameixa nin do mexillón, que deberían investigar máis sobre a toxina e limpar as rías para que poidan ser produtivas, e non soamente con ampliación das concesións. Dende logo, no grupo de En Marea cremos que apostar por unha produción acuícola que prime a elaboración de biocombustibles, cosmética ou penso para outros peixes moi sostible a verdade que non nos parece.

O problema é que vostedes, señores do Partido Popular, como bos vasallos dos poderosos, tratan de dar a imaxe de que vivimos moi ben, de que todo vai ben, de que en Galicia vai todo estupendamente, o sector do mar igual. Pero vostedes saben que non é certo. A xente do sector está triste, está desolada, está muda, cabizbaixa... Si, señora conselleira, porque, por desgraza, a miña familia toda a vida viviu do mar e seguen vivindo do mar. E iso que di o señor Feijóo de que a crise foi moi positiva... Sería positiva para vostedes, pero para nós e para o sector foi bastante nociva. Pense no día a día daquelas persoas que deben erguerse cada mañá con frío, con calor, con sol, con vento, con choiva, en traballos durísimos onde arriscan as súas vidas para darlle de comer á súa familia. Seguen sendo os heroes e as heroínas dos nosos días. Non está ben, señora conselleira, que diga que unha mariscadora gaña máis ca vostede, non está ben, porque é mentira e, ademais, é unha falta de respecto.

Señora Quintana, as súas xiras para visitar as confrarías de Galicia máis que para explicar as verdadeiras intencións semellan visitas cun marcado carácter propagandístico, porque non as fixo cando tiña que explicar o Anteproxecto de lei de acuicultura, e sábeo. Limitouse a utilizar esas xuntanzas para facer campaña de cara ás eleccións galegas con persoas como o presidente da Federación de Confrarías de Galicia, Tomás Fajardo, que é do meu pobo, que o coñecemos todos, que despois de perder unha cuestión de confianza non tivo a dignidade de dimitir nin vostede de obrigalo. ¿E por que? Porque é unha persoa submisiva, útil e obediencia á Consellería, por iso. Agora repiten a xogada e, en vez de gobernar, dedícanse tamén a facer campaña para as municipais. E aquí no Parlamento sabemos que fan oposición á oposición, aos concellos, a nós, dá igual de que cor, a Santiago, Ferrol, A Coruña, Vigo, Pontevedra... E nisto centran toda a súa actividade.

Entón, para finalizar, dílle que traballe, señora conselleira, que traballe en prol do sector, do mar, que representa un dos piares básicos da nosa sociedade, do noso país, e déixese de mirar para outro lado. E non diga nunca máis que os mariñeiros protestan porque algúns prefiren andar con pancartas en vez de traballar, porque é mentira e é unha falta de respecto. Mírelles aos ollos e ás mans, pense en como é o seu día a día cada vez que saen ao mar e se senten máis presionados por ser multados que por poder pescar, ao mesmo tempo que, cando chegan ás súas casas e prenden a televisión, vén como indesexables como Urdangarín, Blesa ou Rato non pisan nin a cadea despois de roubar e saquear o país nos seus peores anos da crise.

Non aposte polas multinacionais, señora conselleira, por moito negocio que lle prometan. Aposte polos nosos mariñeiros e mariscadoras que traballan días e noites no noso mar e polo mundo adiante, aposte por eles porque representan o verdadeiro futuro para Galicia. Deféndaos polo que foron, son e serán.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Presidente, compañeiras deputadas e deputados, hoxe é o Día Mundial da Poesía, e cabe a poesía no Parlamento de Galicia, é compatible a poesía co debate. Por iso vén ao fío da Consellería do Mar un poeta de Outes, Francisco Añón, que, loitando un pouco contra o papanatismo cando nos sentimos posuidores da verdade e portadores de ciencia, facía unha pequeniña poesía diante da Torre de Hércules, sinal de moitos pescadores. Decía así: «Hai quen di que fai mil anos que a fixeron os fenicios, / tamén hai algúns indicios de que é obra dos romanos, / só desde a historia profanos en afirmar moi lixeiros. Sácanos de dúbidas, Augusto, di: ¿quen a fixo? Os canteiros». *(Aplausos.)*

Dito isto, tamén é o Día Mundial da Felicidade, pero creo que non acae ben o día. *(Risos.)* Porque eu, escoitando os portavoces dos outros grupos, vexo unha certa amargura, unha latente amargura. Eu estou feliz porque son de orixe aldeá, son un galego aldeán da beira do mar. E hoxe pódese comprobar aquí que o medio rural e o medio mariño ten futuro. Como galego aldeán, como galego mariñeiro, síntome moi feliz no Día Mundial da Felicidade. *(Aplausos.)*

Bo día, señora conselleira, comparece vostede aquí hoxe para informarnos das liñas xerais de actuación da súa consellería. Fixo tamén unha breve síntese dos oito anos que pasaron e nos que lle correspondeu coordinar esa consellería. Grazas por esa extensa información. Como pode comprobar, non tivo o mesmo grao de aceptación en todas as bancadas. A verdade é que nalgunhas o agrado foi moi pouco. Nos grupos da oposición apreciouse un sensible desacordo e incluso desagrado, algo vostede debe de estar facendo ben ante ese desgusto. Alégrese do seu desgusto, que é a nosa felicidade.

A nós, aos do Partido Popular, gustounos, gustounos moito. Podemos comprobar que estamos no camiño, no bo camiño, para que se desenvolvan todas as potencialidades do mar e das súas xentes. Pero, á parte dese aspecto de agrado ou desagrado deste Parlamento, de acordo ou desacordo cos datos aquí expostos, eu quero facer unha pequena reflexión sobre o que estamos tratando. E pediríalles que me escoitaran un pouco, porque vou facer unha reflexión persoal pero que ten importancia.

Estamos tratando da actividade de homes e mulleres que se dedican a extraer os produtos do mar. Esta actividade humana da pesca, do marisqueo, da acuicultura, reúne para min as características que a fan entrar no campo da arte, non da arte do xeito nin da arte da rede nin da arte do palangre, da arte con maiúsculas, a actividade humana sometida a unha serie de observacións que se poden contrastar e se poden ver, cunhas características que a fan similar á pintura, á escultura ou case podíamos dicir que ao ballet. E as persoas que se dedican a isto podíamolas cualificar de artistas. Esa actividade ten como obxectivo sacar do mar o recurso que vai desencadear unha serie doutras actividades que van crear un tecido social, un tecido industrial, un tecido económico que finalmente vai dar vida a unha importante parte da poboación. A comercialización, a conserva, a carpintaría de ribeira, a formación, etc., van ser actividades que van dar ocupación a moitos galegos e galegas.

Volvendo a ese cualificativo de artistas, é precisamente esa condición a que converte os pescadores e pescadoras, os mariscadores e mariscadoras, nun colectivo humano de características moi definidas, homes e mulleres con gran personalidade, homes e mulleres con forte carácter, dotados dun antídoto contra a frustración, cunha enorme capacidade de autoestima e, sobre todo, cun tesón e unha perseveranza que os fai únicos á hora de plantexar e reivindicar as súas peticións. Esas calidades e esas capacidades convertérono nun colectivo complexo e ás veces incómodo desde o punto de vista da acción política dun goberno.

É aí conselleira onde se ve o seu traballo e o do seu equipo, na xestión destes oito anos que foron propiciando o alcance das expectativas destes homes e mulleres do mar. O traballo da Consellería, e o seu traballo e o do seu equipo, foi ordenar a actividade da arte de pescar e mariscar. Repito: ordenar a actividade da arte de pescar e mariscar. E nese traballo estivo vostede ao seu lado, en sintonía con eles, facendo que se sentiran máis protagonistas e menos suxeitos pasivos.

Dicía Aristóteles —por dicir algo así, de filósofos—: «Nada hai na intelixencia que antes non teña pasado polos sentidos». É necesario ter un concepto na mente moi profundo do mar e da xente do mar para administralos, e aí, conselleira, vostede vai ver a xente do mar, escoita a xente do mar, toca os produtos do mar, fala coa xente do mar. E así abriu as portas dunha actividade sostible, competitiva, exercida por galegos e galegas satisfeitos e orgullosos da súa importancia social, da súa importancia económica e, por encima de todo, co orgullo de ser parte do mar de Galicia. Ese ordenamento foi e seguirá sendo obxectivo da Consellería e de vostede, que a preside. E ese ordenamento foi e será resultado de grandes consensos e non de contundentes decisións. Esa acción política que desenvolveu co seu equipo tráena hoxe aquí a presentar datos contrastables e proxectos executables. O traballo da Consellería do Mar tivo como características fundamentais aquelas que xa mencionou aquí o noso presidente: lealdade, legalidade e sentidiño común.

Claro que, fronte a ese traballo, os outros, socialistas e nacionalistas, non estiveron quietos. Pero a súa acción política empeñouse máis en demostrar unha hábil capacidade para xerar conflitividade e unha estudada estratexia de acción axitadora. E estas distintas formas de traballar ¿a onde nos levaron a uns e a outros? Pois, se tomamos como barómetro, como termómetro ou como metro a aceptación das distintas opcións entre os cidadáns de Galicia, eu estes días mirei por casualidade os resultados das eleccións autonómicas dende Ribadeo ata A Guarda. E, de verdade, en todos eles a opción maioritaria en votos, con moita diferenza, foi para o Partido Popular. Eu xa sei que isto non lles gusta moito que o falemos, pero isto é unha realidade.

Pero ben, despois destas reflexións sobre o traballo feito ata agora e as propostas para o futuro que nos trouxo vostede nesta comparecencia, quero reforzar a miña intervención con algúns datos máis concretos. Porque, señoras voceiras da oposición, ademais de todo iso que vostedes dixeron que non se fixera, ademais de todo iso que vostedes dixeron que se fixera mal, esta conselleira, esta Consellería, fixo que se pasara dunha facturación de peixe fresco de 329.579.199 euros no ano 2009 a 491.664.064 euros no 2016. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, no Bipartito. E claro, si, si, isto é política comparada. Isto é política comparada. Nestes anos pasados as cotas aumentaron

cuantitativamente un 40 % e o valor da pesca un 117 %. No ano 2016 aumentou un 20 % en volume, o que supuxo 76 millóns de euros máis para Galicia. E o ano 2016 —isto queda gravado—, no ano 2016, acádase a mellor cota dos últimos vinte anos, con 491 millóns de euros.

Din que non se fixo moito polo marisqueo. Recuperáronse 8 millóns de metros cadrados de zonas para marisqueo, puxéronse a cero as concesións das bateas, do que xa se falou aquí. Pero para haber futuro no mar ten que haber persoas que continúen a actividade, e iso queda patente no incremento do 50 % dende o ano 2009 na matrícula das escolas náutico-pesqueiras, no Instituto Galego de Formación e na acuicultura.

A posta en marcha dos GAC —xa falou a conselleira— dos grupos da acción costeira, con 429 proxectos, un investimento de 25,2 millóns de euros e a creación de 250 novos postos de traballo falan por si sós. Eu sei que isto é difícil de entender. Sendo, dende logo, dun concello mariñeiro de Galicia, é fácil de ver e, se non, que llelo pregunten aos seus alcaldes, sexan socialistas, sexan do Bloque, sexan da Marea ou sexan do PP. O resultado destes programas dos GAC —que agora son os GAL, grupos de acción local do sector pesqueiro— é que con 99 proxectos xa aprobados e 6 millóns de euros investidos continúan a desenvolver a súa actividade pola azul costa de Galicia.

A loita contra o furtivismo. Xa sei que non é un tema que agrade moito isto de loitar contra o furtivismo, cando ás veces, ao mellor, en fin, a nosa tibia actuación... Pero a loita contra o furtivismo é moi importante, tanto no que respecta á materialización de prohibilo como á de incluír no Código penal o criterio de penal cando se vai á reincidencia.

Hai aspectos importantes. A aprobación por unanimidade no Consello Galego de Pesca dun ditame de Galicia para a reforma da política pesqueira común é un fito importante no estar codo con codo no sector.

Os despezamentos —que aquí alguén falou de desprazamentos e baixas da frota— baixaron con respecto ao Bipartito. Dende o 2005 ao 2008 desapareceron 538, 134 por ano. Do 2009 ao 2016 desapareceron 423, 53 por ano. Os números son claros; é dicir, de 134 por ano no Bipartito a 53 por ano co Partido Popular.

Na repartición interna das cotas, no arrastre dispoñemos de máis do 87 % e, no cerco, no que respecta á xarda, pasamos do 21 % ao 26 %. Temos case o 44 % da cota das tres zonas cun 98 % na zona IXa.

Ata aquí un breve apunte do que foron estes anos pasados. Para a lexislatura que agora comeza e na que nos atopamos, aos do Partido Popular, conselleira, gustounos oírle falar das prioridades: de incrementar o valor engadido do produto do mar, de mellorar a comercialización e incrementar o número de permisos para o marisqueo, de reducir o descenso dos traballadores do mar. Gustounos tamén, e moito, aos do Partido Popular oírle falar de retos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...de ir da man do Goberno central para aumentar as cotas, de aproveitar o *Brexit* para recibir o debate da estabilidade relativa, de apoiar o relevo xeracional, de propiciar investigación e formación, de reforzar a relación con terceiros países onde pescamos, de manter a Galicia na primeira posición acuícola e de, con Medio Ambiente, acadar o saneamento integral deas rías.

Gustounos tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten que rematar.

O señor LÓPEZ CRESPO: Remato.

Na réplica poderei seguir dando algúns argumentos, se o debate non cambia por outros derroteiros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Réplica.

Conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, eu creo que, se a miña cabeza non me falla, hoxe é 21 de marzo do ano 2017, non 21 de marzo do ano 2009. Dígoo, porque empezou a señora Prado a súa intervención dicindo que eu viña de describir a Galicia que era o país das maravillas. Eu veño aquí describir a realidade, e, cando falo, falo con datos, e os datos aos que me referín son datos que se poden consultar dende a Plataforma Tecnolóxica da Pesca —dispoñible na internet para todo o mundo—, como nos datos do rexistro do ISM, como nos datos das matrículas das escolas, como nos datos en xeral que estamos a manexar todos os días.

E claro, cando aquí se veñen contar determinadas películas, a verdade é que eu non sei se é que alguén se quedou anclado en marzo do 2009 e non foi capaz de superar as derrotas electorais que viñeron sufrindo ano tras ano. (*Aplausos.*) Porque aquí se din cousas e un queda tan tranquilo e tan encantado. Dise, por exemplo, que temos 44 barcos de cerco, señora Prado, ¡44 barcos de cerco! Bueno, mire, eu dígolle que temos 148. Si, é ben certo que durante o Goberno do bipartito se perderon 24 barcos de cerco, pero hoxe temos 148 barcos de cerco. O ano pasado incrementouse 1 en eslora e en GT e construíronse 4 barcos novos.

Claro, cando un fala de perda de capacidade de pesca, iso ten que acreditarlo con datos, e os datos o que nos din é que dende o 2005 ao 2009 se perderon un 44 % de posibilidades de pesca, e os datos o que nos din é que dende o 2012 se incrementaron as posibilidades de pesca. E se nos referimos ao caso concreto do cerco, eu dígolle que, no caso concreto do cerco, se incrementaron as posibilidades de pesca nun 51 arlamentario Popular, no ano pasado —acabamos de presentar os datos nun informe do Consello da Xunta, cousa que a min me parece o suficientemente seria como para levar datos reais— foi o mellor dato histórico

dende que se teñen rexistros, é dicir, dende o ano 1997. O valor da facturación dos nosos peixes e dos nosos mariscos acadou a cifra de 491 millóns de euros —dato histórico—. (*Aplausos.*) Non hai ningún outro ano no que se obtivesen eses valores.

E vostedes empéñanse en dicir que queren apostar polo mar, pero todos os días se empeñan en deslucir o traballo da inmensa cantidade dos profesionais que todos os días saen ao mar e traen recursos para a terra; recursos bos en calidade. E tamén estamos mellorando a súa capacidade de comercialización, porque, fíxese nun dato: a frota de baixura o ano pasado incrementou as súas descargas un 25 %, pero o que é máis importante, incrementou o valor desas descargas nun 45 %. Polo tanto, por moito que vostedes se empeñen en dicir que a cousa vai mal, no sector pesqueiro as cousas cada ano van a mellor, e seguirán nesa liña, porque nesa liña estamos todos a traballar. (*Aplausos.*)

Aquí din que non hai relevo xeracional. Miren, é que resulta que as matrículas nas escolas incrementaron un 46 % e no Igafa a matrícula incrementouse un 50 %. É que este é o primeiro ano, o ano 2016, no que temos datos positivos dos novos afiliados ao réxime especial do mar, é que as mariscadoras cando se foron para a casa foi no tempo do Bipartito, que marcharon para a casa 800 persoas. Dende hai dous anos temos datos positivos de incremento de mariscadoras. Nestes tres últimos meses deste ano 105 persoas novas accederon ao permiso de marisqueo a pé. É que, miren vostedes, cando me falan da clasificación das zonas de produción, melloramos máis de 872 quilómetros cadrados na clasificación microbiolóxica, é que melloramos máis de 501 bateas na súa clasificación microbiolóxica.

¿Que fixeron vostedes cando tiveron a oportunidade de gobernar? Gastaron 58 millóns de euros en pagarlle un salario á xente por non ir traballar. ¿Que se conseguiu con eses 58 millóns de euros? Que se degradaran as zonas improdutivas, que se degradaran as zonas, que houbera aqueles mariscadores que, por estar en determinadas confrarías, podían cobrar pero outros, na mesma situación, non podían cobrar. Desde que chegamos nós o trato é igualitario para todo o mundo. Tense traballado con Medio Ambiente para modificar a clasificación microbiolóxica das zonas de produción e téñense incrementado as zonas de produción máis de oito millóns de metros cadrados neste último ano.

Miren, si que hai algo que a min me gustaría que me clarificaran, por favor: ¿que debo de facer?, ¿falar co sector ou quedar encerrada no despacho? Se saio á calle a falar co sector, dinme que estou facendo campaña política; se non falo co sector, dinme que eu son ditatorial e que dito as normas sen falar co sector. Nunca —o día 7 de maio do ano 2017 fará trinta anos que levo traballando por este sector en diferentes postos na Administración— fixen nada en contra do sector; todo o meu traballo se centrou en conseguir cada día máis e mellores profesionais no noso sector. (*Aplausos.*)

Alguén terá que xustificarse de moitas cousas, pero non serei eu. Eu, cando cometo un error, pido desculpas, fíxese vostede, pero aquí aínda me falta que alguén pida desculpas porque nun momento determinado quixeron impedir que as mariscadoras tiveran acceso a cotizar á Seguridade Social. (*Aplausos.*) Nun momento determinado sacaron as mariscadoras á calle. Se naquel momento nós aceptáramos esa presión, hoxe as mariscadoras non terían dereito a ter a súa pensión, como calquera traballador ten dereito neste país; hoxe as mariscadoras

non terían dereito a cobrar unha baixa cando están enfermas; hoxe moitas cousas non terían pasado se algúns daqueles triunfaran.

Pero mire, moléstame cando se fala de «defunta Lei de acuicultura». Para algo morrer, tivo que nacer. E nós estabamos facendo o mesmo que facemos todos os días cando nos levantamos a traballar. Nós fixemos un borrador de lei de acuicultura; borrador que se lle entregou ao sector para debatelo con eles, para consensuar con eles, e comprometémonos dende o minuto un a que non fariamos nada que estivera en contra do sector. Houbo quen se empeñou en dicir: Non, non, isto non é un borrador, é un anteproxecto. Non, non, isto non é unha lei, é un borrador. Defínanse, defínanse.

Cando o sector saíu á calle o 27 de febreiro do ano 2016 xa sabía que ese proxecto de lei non vería a luz se non era co consenso do sector. A min moléstame moito que aquí se veña dicir que eu defendo a acuicultura intensiva das grandes multinacionais. ¿Saben vostedes por casualidade, antes de vir falar aquí, cantas bateas se venderon no ano 2015? 500 bateas. ¿Esas bateas están en mans de Pescanova ou dalgunha outra multinacional? Non, están en mans de miticultores, de fillos ou de xenros ou de persoas privadas que son familiares dos que as tiñan nese momento en explotación. ¿Saben vostedes realmente do que están a falar? ¿Saben vostedes realmente que as mariscadoras levan dende o ano 1995 facendo traballos de acuicultura e simplemente por non ter ese nome non se poden aproveitar das axudas das que se aproveitan os bateeiros? ¿Alguén me poderá dicir a min que estou en contra do desenvolvemento do sector bateeiro cando no ano 2008 nos presentabamos ás eleccións e levabamos no noso programa electoral que se chegabamos ao Goberno poríamos os contadores das bateas a cero cando os que estaban gobernando nese momento dicían que iso era imposible e que se sacarían todas as concesións a concurso público? Non sei se vostedes tiñan algo amañado coas multinacionais; nós, dende logo, non. Cumprimos o que dixemos, puxemos os contadores a cero, por trinta anos, e agora na Lei de medidas acabamos de dicir que as bateas poderán ter unha concesión, unha duración máxima, de cincuenta anos. Iso, se non é apoiar o sector bateeiro, que veña alguén e mo explique. (*Aplausos.*) ¿Onde están as multinacionais aquí?, ¿quen lles puido dicir ás mariscadoras que iamos vender as praias aos chinos?, ¿quen lles puido dicir que iamos privatizar o mar? ¿Se o mar é explotación directa a través de autorizacións ou concesións! Están en mans privadas, pero están en mans de Pepe, de Manolo, de Juan, de Juana..., de todas as que baixan ás praias todos os días. Nós o único que pretendíamos era darlle seguridade xurídica, e aquí nin antes, nin agora, nin despois direi unha cousa contraria. Haberá unha normativa que lle dea seguridade xurídica e estabilidade ao sector da acuicultura sempre co consenso do sector.

Eu non farei unha lei de acuicultura ou non irá nunca unha proposta de facer unha lei de acuicultura como a que se acaba de facer en Valencia, por exemplo, onde se di que só apostan pola acuicultura que non degrade os fondos. ¿Que imos suprimir, as 3.500 bateas que temos en Galicia? Non. ¿É unha acuicultura sostible a que se desenvolve nas bateas? Si. ¿Vaina defender este goberno? Si. ¿Vaina defender co apoio do Grupo Popular? Tamén. Outros non sei onde estarán, pero eu estarei onde teño que estar, defendendo cada día maiores posibilidades de pesca, lévoo acreditado e pódese ver en todos os rexistros estatísticos, mellorando na nosa cadea de comercialización. Este ano conseguímo-lo, e eu espero que o ano 2017 sexa aínda maior que o 2016.

E no *Brexit*, ¿como alguén me pode dicir que estou de brazos cruzados? Ao día seguinte que o Reino Unido manifestara a súa decisión de abandonar a Unión Europea, ao día seguinte, esta que lles fala e todo o seu equipo pediron un informe para analizar todos os puntos que deberíamos ter en conta á hora de sentar a negociar co Reino Unido. Temos todo analizado. Somos a única rexión de toda a Unión Europea, excepto Bretaña, que ten un informe parecido pero soamente dende o punto de vista socioeconómico... Nós témolo dende todos os puntos de vista, para que lles dea argumentos aos nosos negociadores. E non paramos aí, seguimos traballando, e encargamos que se seguiran avaliando todas as posibilidades que se poidan discernir no caso do *Brexit*. Estamos dentro da Unión Europea. Os negociadores serán os negociadores da Unión Europea, pero, dende logo, terán os argumentos para que o sector pesqueiro non sexa utilizado como moeda de cambio, como se utilizou no momento en que España entrou na Unión Europea, e recórdolle que naquel momento non gobernaba o Partido Popular en España.

Nós si que temos ben claro que sen mar non hai Galicia, e por iso todos os días nos levantamos para traballar e defender o noso sector. Os datos que dei na primeira intervención creo que o avalan, e nunca ninguén me oirá dar un dato falso, porque o meu non é mentir, o meu non é sacar a xente á calle, o meu é traballar con todos e cada un dos diferentes representantes dos diferentes sectores e subsectores da cadea mar-industria, porque para min todos son importantes, todos dan máis valor e todos contribúen a facer unha Galicia máis grande.

De momento, nada máis.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¡Ovación cerrada! A súa xestión non dá... ¡Faltaría máis, señora conselleira! Hoxe seica é o día da poesía e doutras moitas cousas, e eu, en vez de ler poesía, vou facer referencia a algo que xa dixo o gran Castelao: que as sardiñas volverían se os gobernos quixeran, Si, creo que, se quere entender, enténdeo perfectamente, señora conselleira.

Mire, vostede pode estar moi cabreada. E parece mentira que diga que algúns quedamos anclados no 2009. É que quen non é capaz de mirarse ao espello e darse conta de que leva dúas legislaturas gobernando é o Partido Popular, que non é capaz de analizar o que leva feito en dúas legislaturas e non ten máis que facer que continuamente dicir o que se fixo no ano 2009. ¡Levan gobernando este país toda a vida, toda a vida, e son vostedes responsables, sacando aí un período de nada! ¡Home, por Dios! *Para lo bueno y para para lo malo, (Aplausos.)* vostedes son os responsables da situación; e vostede maioritariamente. Entón, pois xa está ben.

Dixo que lle molestaba moito que viñeramos aquí dicir certas cousas. Mire, ao BNG tamén lle molesta moito que, en vez de exercer de goberno de Galiza, exerzan vostedes dunha simple xestoría, que permitan que sexan outros os que decidan que facer coa nosa pesca e o que

se pode facer no noso mar. O que nos molesta moito no BNG é que en oito anos, con dúas lexislaturas, señora conselleira, non conseguiran nin unha soa competencia máis de Madrid para poder exercer directamente os dereitos do noso mar; nin unha soa competencia máis, a pesar de que neste Parlamento se aprobaron iniciativas, varias delas a proposta do BNG, para demandar transferencias. Non conseguiron nin unha soa, nin en investigación oceanográfica, nin nos portos de interese xeral, nin en salvamento marítimo, nin en seguranza e loita contra a contaminación marítima. Ao BNG tamén lle molesta máis que vostedes non queiran exercer de goberno deste país, non queiran ter competencias, que se crucen de brazos e que logo digan que a culpa é que en Madrid non lle deixan, que en Bruxelas non lle deixan ou que noutro sitio non sei que cousa.

Mire, resulta que, fronte ao noso desgusto, a súa felicidade, señor deputado do Partido Popular. ¡Pois nada, sigan felices vostedes! ¿Vostedes saben...? Por certo, antes equivoqueime. Cando fixen referencia ao de 89 e 43 eran do arrastre. Supoño que calquera que saiba os datos... Era evidente que era unha confusión.

Ben, ¿sabe que hai barcos sen cota? ¿Sabe que hai barcos sen cota, verdade? ¿Cre vostede que sen cota se pode vivir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), ¿que sen ter adxudicada ningunha cota, tendo que andar de tapadillo, que con iso poden ser felices? ¡Pero nada, vostedes sigan felices!

Mire, a señora conselleira prometeu no ano 2009 que ía dignificar as rendas das mariscadoras, que ía aumentar os permex, que ían chegar a 9.000, e non sei cantas cousas máis. Si, iso está por escrito. Ben, ¿cales son os datos a día de hoxe, señora conselleira? ¿Cal é o dato do sector do marisqueo no noso país? Vostede dixó na comparecencia de orzamentos que a media era de 7.500 euros por mariscadora —a media, brutos—. Iso dá —netos— bastante menos de 500 euros de media, e hai algunhas que non chegan a iso. ¿Parécelle que iso é para saír aquí e estar felices? ¿Vivirían vostedes cunha renda de menos de 500 euros? ¡Pois nada, sigan felices e contentos, que, total, ¿para que?! ¡É fantástico!

Mire, recuperación de bancos marisqueiros, rexeneración da rías... O outro día vostede, na Radio pública Galega, tivo a desfachatez de dicir que, por exemplo, a recuperación da ría do Burgo que si, que era un compromiso e que tal e que ía con retraso, pero, claro, é que houbo un ano en que o Goberno de Madrid estivo en funcións. ¡Si, pero con orzamentos aprobados, señora conselleira! ¿É capaz vostede de botarlle a culpa a que a rexeneración da ría do Burgo vaia con retraso porque en Madrid houbo un goberno que estivo en funcións? ¡*Hace falta valor!* Pero vostede fíxoo tan tranquila. Entón, rexeneración da ría do Burgo, da ría de Ferrol, da ría de Pontevedra, renovación de Ence de 60 anos... Sigán felices, o sector non ten ningún problema. Sigán vostedes tremendamente felices.

Mire, ¿vai sacar do caixón o proxecto, o anteprojecto ou como queira chamarlle da Lei do litoral, señora conselleira? ¿Vaino quitar do caixón onde o meteu porque había eleccións e porque todo o sector se levantou, se puxo en pé e lle reclamou na praza do Obradoiro a dimisión a vostede porque non concordan coa súa política nesta materia? Non é que llo digamos aquí o BNG nin as forzas da oposición, dillo o sector, que non concordan. ¿Cando o vai quitar? ¿Por sorpresa? ¿Vaino planificar? ¿Xa ten convencido a algún do sector para que se

desdiga? ¿Por que nunca se quitou ese anteproxecto ou proxecto da páxina web e por que seguiu aí se resulta que soamente era un papel? ¿Por que o mantiveron vostedes? ¿Por que o manteñen aí? Gustaríame que me contestara a esas preguntas.

Portos, renovación, unha aposta polas infraestruturas pesqueiras. Lonxa de Ribeira, señora conselleira, ese Gaiás do mar, un investimento impresionante, que non respondeu nin ás necesidades do sector nin contou co sector. O presidente de Portos anunciou que ía sacar un novo concurso para outorgar a concesión porque o anterior non houbo quen se fixera cargo del. ¿Vai rectificar e vai nese novo concurso contar coa xente do mar, contar coa confraría e vai facer que administracións públicas formen parte da xestión de Ribeira, ou vai seguir nesa liña de privatización, señora conselleira?

Mire, máis preguntas. Vostede nesta lexislatura dixo que ía continuar con esa senda tan ben encetada e que os datos, dende logo, que arroxa... ¿Vostede está satisfeita? Dende logo, desmantelamento de barcos. Vostede agora di que hai unha certa recuperación, menos cartos para despezamentos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¡É que case non quedan, señora conselleira! Ou vostede decide que pechan o mar definitivamente ou é que practicamente os niveis de embarcacións no país están baixo mínimos para a capacidade pesqueira que temos, e descontando os que teñen que abandeirarse noutros países.

E mire, con respecto ao tema da negociación do *Brexit*, ¿vai, á parte de mandarlles informes e argumentos...?, porque cando foi a adhesión da Unión Europea, os argumentos xa existían, os argumentos de que Galiza era unha potencia pesqueira xa existían. Todos eses argumentos xa existían e, a pesar diso, fíxose unha adhesión que significou a ruína do noso mar.

Entón, cos argumentos exclusivamente non vai solucionar os problemas, señora Quintana. Co cal, eu pregúntolle: ¿ademais de mandar argumentos para alá, que presión política vai facer vostede e o seu goberno directamente para que esta situación se converta nunha oportunidade para o sector do mar en Galiza e non se volva converter nun auténtico problema? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Mire o reloxo, por favor.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

«Alégrese do seu desgusto, que é a nosa felicidade». Fin de la cita, señor López Crespo. (*Aplausos.*) Nunca, nunca xamais o desgusto da xente do mar, que se sente representada polas forzas da oposición, debería de ser a felicidade dun goberno; nunca xamais. (*Aplausos.*) Defendan o sector, todo o sector, non a uns máis que a outros. A conflictividade non xera riqueza.

Non se pode excluír desta comparecencia —ou parécenos a nós— a situación dos portos galegos; parécenos que é importante sobre todo porque algúns deles están en auténtico estado de abandono, e iso é consecuencia de que poñen por riba os intereses políticos, como xa nos explicou, fronte aos intereses dos galegos e das galegas. A situación dos portos galegos está afectando directamente a vida dos mariñeiros, así como tamén a vida dos mariscadores e mariscadoras. Ademais, son un exemplo de promesas que non se cumpren; van por aí prometendo, queda todo en *to do list* e nada para tachar.

Vou simplemente poñer un exemplo: Espasante, porque, ademais, como dixo que hoxe é 21 de marzo e que comeza a primavera, a primavera de 2017, con ela chega tamén a ilusión a moitos portos, que están esperando por dragaxes. Ademais, é que a situación de Espasante é unha situación grave, porque cando baixa a marea as boias tocan a area. É tal a gravidade, que incluso hai algunhas compañías de seguros que inclúen unha cláusula que di que se o barco está en Espasante non o cobren. Ademais, é tan grave a situación que había unha grúa para izar os barcos, e debaixo da grúa non había calado suficiente para poder izarlos, non era un lugar seguro, así é que a grúa, ao final, quedou oxidada e deixou de utilizarse. Agora non hai grúa. Trátase de dotar os portos de servizos públicos, non de desdotar. Iso é un abandono total.

E como Espasante hai outros portos. No porto de Corcubión cada ano se ve que se van ao fondo 3 ou 4 embarcacións, este ano a última foi a *Ermitas*, en decembro. Entón, é unha auténtica necesidade. Hai un abandono total da situación dos portos galegos, e, por tanto, debe de ser incluído dentro das liñas da Consellería do Mar facer políticas transversais. E dígolle isto porque a situación dos portos, ao final, afecta, e son políticas transversais. Díciános un mariñeiro de Espasante que tiña unha filla de 3 anos e que cando el marchaba pola mañá, porque tiña o barco a 30 quilómetros, pois a súa filla durmía, e que, cando volvía, a súa filla estaba durmindo, porque a xornada era tan longa por estes desprazamentos e por todo isto que, ao final, tiñan graves problemas de conciliación.

Ademais de incluír nos orzamentos as políticas de impacto de xénero e eses informes de impacto de xénero, hai que facer políticas transversais e levalas á práctica, teñen que ser unha realidade; non vale de nada se quedan no papel. O papel aguanta todo, pero mentres tanto os portos están en dificultades, e con eles os mariñeiros, as mariscadores e mariscadoras. Ademais, oínlle falar aquí da náutica deportiva, da pesca deportiva. A ría de Corcubión é unha ría fabulosa para facer alí un porto deportivo, non hai outra igual, e estano demandando hai moito tempo.

Por último, para rematar, dado que xa non me queda moito tempo, gustaríame falar do de sempre. De acordo co Instituto Galego de Estatística e a súa proxección de poboación, Galicia no 2031 perdería en torno a 245.000 habitantes, outro 9 % menos de poboación. O papel da pesca é importantísimo para fixar a poboación nas vilas costeiras. Como lle dicía antes, se falla a pesca, fallan os supermercados, fallan as tendas, falla todo. A realidade é que Galicia se desangra. Cada día perdemos persoas, día a día, especialmente nas vilas costeiras. Hai casas e barrios enteiros que están baldeiros, e a xente que queda é xente maior. A pesca ten un importante papel de factor estabilizador de poboación.

Por último, quero recordar que, na pesca, cantidades insuficientes, e non permiten acadar os ingresos, e no marisqueo temos un estado lamentable das nosas rías. As condicións de traballo dos mariscadores e das mariscadoras son propias doutro século, non deste século.

E tamén incluíra —moi importante— que a conflictividade non xera riqueza; por tanto, é importante traballar para todo o sector.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, di vostede que o sector nunca estivo enfadado con vostede; pois hai algo máis dun ano parece que estaba bastante enfado.

Vostede di que non había ningunha lei de acuicultura, anteproxecto, borrador..., que non se está facendo nada estraño. Pois parece que o sector non estaba nada de acordo con iso, e a retirada no último intre, antes da mobilización, que uniu coma nunca o sector debeu ser tamén que era produto da súa imaxinación. ¿Sabe o que me apena, señora Quintana? Que non estean hoxe aquí para escoitar todo o que aquí vostede plantexou e todas as cousas que vostede dixo.

Conseguí dividir, falando do cerco, o cerco, e falaba de cerqueiros bos e cerqueiros malos, ¿lémbrese diso? ¡Ah!, ¿non se lembra? Pois había algún armador do cerco que..., e á parte lle tiña bastante estima persoal a vostede. Xa sabe de quen lle falo, non o vou citar porque xa vostede o sabe. Pero, claro, ninguén se enfada con vostede. Tamén os mariñeiros e mariscadores da ría de Muros e Noia estaban moi contentos con vostede nesa xira que vostede di que non é propagandística. Por iso —repito— ía co señor Fajardo, que é unha persoa a quen adora o sector e todas as confrarías; sobre todo en Pontevedra e no sur da Coruña; ¡vamos!, ámano loucamente. E tamén aos mariñeiros que están agora retornados de Noruega, da Asociación Long Hope —que antes non me deu tempo a comentarllo—, axudounos moitísimo, sobre todo cando enviou ás súas casas, con premeditación, nocturnidade e aleivosía, o seu xefe de gabinete, o señor Basanta, para convencelos de que deixaran de protestar, porque non estaba ben, e tamén lles prometera unha axuda. Iso tamén, ao mellor, foi un invento, e contan esas cousas eles por difamala e non son certas. Están contentísimos.

Con respecto ás liñas das que fala da acuicultura, que fala do mexillón, claro, a nós estrañá-nos que nesta orde que acaban de aprobar resulta que se recolle como un dos obxectivos a concesión de axudas á acuicultura destinadas á promoción de cultivos para alimentación animal ou usos non alimentarios, como o biocombustible ou a cosmética, ademais de impulsar a produción de especies que supoñen un risco para a supervivencia dos nosos ecosistemas mariños, como a perca ou o esturión, que son especies invasoras. Na comunidade investigadora tamén se sabe disto. Ten mala sorte de que eu sexa do Son e que tamén veña do Instituto de Investigacións Mariñas —non Centro de Investigacións Mariñas—, que tamén observaron con estupor moitos dos investigadores que estaban alí o seu anteproxecto, borrador ou o que sexa de lei de acuicultura, con cláusulas deste tipo.

Tamén di vostede que non sabe de que empresas multinacionais falamos. ¿A vostede sóalle a firma Norwest Foods? (*Murmurios.*) ¿Sóalle? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, da ría de Muros tamén, e Noia, de onde... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! ¡Esa non, esa é de mexillón e non é unha multinacional! ¡Non é de Noruega! ¡Non é nada! Tres aulas que puxo e, por riba, con antibióticos, e despois concedeu tres aulas máis. E, claro, o problema é que os salmóns morren, aínda inflándoos a antibióticos. Anda por aí experimentando cos seus amigos noruegueses, segue co seu afán de experimentar e, claro, ¿pódenos dicir como pensa asegurar que non existan fugas de antibióticos cando nin sequera é capaz de controlar os vertidos das rías? Porque o problema das bateas —repítolle— non é a concesión dos permisos, senón que ten un problema coas toxinas polo estado das rías. O estado das rías... (*Murmurios.*) ¡Home, por favor! Xa lle digo, ten mala sorte de que a xente... Galicia é moi pequena e vimos de múltiples sitios.

Tamén falou de investimento na investigación no Cetmar. Pois hai máis centros de investigación. Claro, son de índole estatal, como o CSIC, como, por exemplo, o IEO e como outros organismos públicos de investigación estatais aos cales non lles permiten participar en moitas convocatorias da Xunta, e iso que son punteiros e con expertos internacionais da materia. ¡Home, non lles deixan participar! Creo que este ano empezan a poder participar en algunha convocatoria así de refilón, pero esa é a súa aposta pola ciencia.

Mire, nós non queremos que as nosas rías rematen contaminadas como a costa de Chile ou como o río Mekong, en Vietnam, onde a acuicultura intensiva para producir panga deixou a zona completamente morta, levando á ruína aos mariñeiros do lugar. Non, non ría, señora conselleira. A ver, é que todos os demais tamén temos datos e sabemos cousas, e non é a máis lista do universo nin é a única que sabe cousas.

Tamén hai especies autóctonas que por todo isto están a desaparecer, e mentres vostede destina 8 millóns de euros a potenciar combustibles e cosméticos na acuicultura. ¡Iso xa é de broma! Entón, a nós dende En Marea o que nos gustaría é que destinaran eses 8 millóns de euros ao saneamento integral das rías e a esa investigación mariña que di que vostedes apoian, porque cos resultados que acabamos de ter xa non é de sentido común non facelo. E se Europa lles di outra cousa, que queren investir en acuicultura intensiva de salmóns e doutras cousas —non do berberecho nin do mexillón—, pois díganlles que non, convenzan a Europa, porque esa é a súa responsabilidade e obriga como goberno galego.

A nosa aposta é por un modelo respectuoso co medio ambiente e no que se prime máis a calidade que a cantidade; non canto máis se desembarque senón o prezo e a calidade, cuns prezos do peixe e do marisco dignos para os mariñeiros e as mariscadoras, para que vivan con dignidade do seu traballo e para que a nosa mocidade investigadora do mar —que tamén coñezo bastantes que están no estranxeiro—, con ese investimento que din que fan, quede aquí, que os necesitamos. Hai que facer as medidas necesarias para apoiar o sector, para seguir traballando co sector e para que se poida asegurar o futuro da nosa costa...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e dos nosos recursos mariños.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Eu, de verdade, señora Toja, con todo o respecto, pode vostede dicir que eu fun lixeiro ao dicir que son moi feliz, pero non diga vostede que eu dixen que co mal dun sector había a felicidade dun político. Eu dixen que era moi feliz no Día Mundial da Felicidade porque era un aldeán procedente do medio rural e agora no medio do mar, e aprecio hoxe no Parlamento de Galicia que, ao escoitar a conselleira do Medio Rural e a conselleira do Mar, eses sectores poden ir mellor. Pero, por favor, se vai vostede á súa terra, a Laxe, dicir iso, van dicirllle: Crespo non di iso, ¡home!; Crespo é un home do mar, Crespo quérelle ao mar, e Crespo quérelle á xente do mar. (*Murmurios.*) ¡Por favor!, non hai peor cousa que, baseándose na impunidad parlamentaria, soltar iso. Eu non ía dicir que estaba feliz polo mal do sector da pesca, ¡por favor! (*Murmurios.*) ¿Verdade que non se me cre, bolxevique? (*Murmurios.*) ¡Non se me cre! (*Aplausos.*) É que con esta irreverencia xa non... (*Aplausos.*)

A poesía é universal, señora Prado, por iso eu me acordei hoxe. E, a verdade, ao falar vostede, sorpréndome que a xente do BNG, cun certo prurito de posuidores da etiqueta da cultura, non se acorden dun día tan feliz como o da poesía universal. É dicir, había que traer poesías. Eu tróuxena do meu pobriño poeta Añón, pero había outros moitos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como?

O señor PRESIDENTE: Non. Non entre no tema, señor Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: ¡Ah!, ¿non? Non entro. Bueno, non me deixa entrar o presidente, se non, entraba con moito gusto. (*Risos.*) En fin...

Señora Prado, a acuicultura non é para vendérllela ás multinacionais, díxoo a señora conselleira e eu reitérolo: 500 bateas vendidas, 300 parques de cultivo vendidos. Son todas para iso, para persoas galegas que compran as bateas.

A verdade é que, despois, hai cousas... ¡Home!, para recordar aquí de novo o Nunca Máis e recordar o *Prestige* hai que ter unha nostalxia tremenda do pasado. (*Murmurios.*) Naquel tempo, eu estaba xa en política e houbo grupos que me prohibiron estar triste polo *Prestige*; prohibíronmo: ti es do PP e non podes estar triste. Despois viñeron as vacas locas: ti es do PP e non podes estar triste. Aínda que tivera familiares, aínda que a miña vida biolóxica dependera do mal do *Prestige*, eu non podía porque era do PP. ¡Por favor!, o do *Prestige* foi un accidente que está un pouco superado.

Por certo, á xente das plataformas respectámola moitísimo, como a calquera persoa que se poña a facer unha asociación pola defensa dos seus intereses. Pero, falando de plataformas —repito—, esas merecenos moito respecto. Se alguén ten influencia en Venezuela, que faga

unha «Pladexuve», que sería a Plataforma de defensa dos xubilados de Venezuela. (*Aplausos.*) É posible que coa súa capacidade de influencia puideran conseguir que esas persoas cobraran a pensión, como o fai a Consellería de Pesca cos do Long Hope, que está tratando de que cobren a súa pensión.

A Lei de acuicultura foi un proxecto que se presentou, e como este é un goberno racional e que escoita o sector, escoitouno con facilidade, porque berraban moito e podían ter razón. (*Risos.*) Escoitouno ben porque berraban moito e podían ter razón. ¿E que fai este goberno e a xente do PP cando escoita o de que non vai polo bo camiño? Rectifica. E rectifica unha, dúas, tres ou catro veces, sen importar cal foi o motivo e, por tanto, cal é o camiño que se quere seguir. Con todo, hai que dicir que a Lei de acuicultura tivo 87 alegacións. O Plan de acuicultura do 2008 —sabe quen gobernaba no 2008— tivo 1.044 alegacións. A diferenza está —teño que beber porque, se non, non me sae— en que ese plan de acuicultura do ano 2008, con 1.047 alegacións, ¿sabe para onde foi? Foi para adiante. O borrador da Lei de acuicultura, con 87 alegacións, ¿sabe para onde foi? Foi arquivado e retirouse. E agora vaise facer outro, e vaise facer outro como dixo a conselleira —que é a que ten que falar disto—, con todo o respecto ao sector e con todo o respecto ás persoas que aí estean.

Non falen de saneamento. Investíronse 1.000 millóns de euros en saneamento.

E logo o dos mariscadores e mariscadoras. Eu son de Outes. A ría de Noia ten 1.600 mariscadores: 800 son de Outes, entre mariscadores e mariscadoras, logo de Noia son 600 e o resto son de Lousame, algúns de Muros e algúns de Porto do Son. As mariscadores de Outes —ás que eu coñezo por notoriedade, por afecto, por parentesco...— foron consideradas como mariscadoras polo Goberno do Partido Popular. ¿Pero con que as fixo mariscadoras? Con carné e de alta no ISM, porque había alguén que ía moi de bonito e quería que cotizaran por horas. Se iso fora así, hoxe as mariscadoras non poderían estar cobrando a xubilación. ¿Que cremos que están ben así? Non, e temos que mellorar. E por iso se está traballando para que os mariscadores e mariscadoras sigan mellorando...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...e por iso estamos traballando para que siga habendo permex para marisqueo a pé e navegación e para que poida haber sector e seguir resistindo.

Nada máis, conselleira. O Grupo Popular agradécelle a súa intervención, a súa comparecencia. E, como vostede dixo, conte con nós para o que faga falta no desenvolvemento desa política do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Peche da comparecencia.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, os datos dos barcos do cerco e arrastre tampouco están nada claros, porque vostede dixo 54 barcos do cerco, logo veu aquí e dixo que calquera que o soubera xa se daba conta de que se equivocara e de que eses eran os de arrastre. É que de arrastre temos 67. Dígollo só para que vaia tendo constancia dos datos reais do que é a nosa frota. *(Aplausos.)*

E tamén dixo que a sardiña volvería se os gobernos quixeran —que é unha cita—. ¡Home!, eu, mire, se fora porque quixeramos, teríamos sardiña, teríamos xarda, teríamos xurelo e teríamos de todo. Pero isto non lle é así, isto funciona por ciclos biolóxicos, isto funciona por explotación, isto funciona por cambios climáticos e isto funciona por moitas causas que lles afectan aos diferentes *stocks* das diferentes poboacións de peixes. E, entón, pois eu simplemente lle digo que estamos neste ano celebrando o 100º aniversario da creación do Instituto Oceanográfico de Vigo. ¿E sabe vostede por que leva cen anos o Instituto Oceanográfico de Vigo? ¿Cal foi o motivo que impulsou a crear aquel primeiro laboratorio no ano 1916? A crise da sardiña. E, dende aquela, recuperouse a sardiña. Temos vivido momentos onde non había sardiña e tamén temos vivido momentos onde volve haber sardiña. Nestes momentos, están equipos de investigadores, tanto españois como portugueses, estudando a sardiña, como se vén facendo dende o ano 1916, e os datos apuntan a que parece ser que hai unha recuperación deste *stock*. E como nós como goberno queremos que haxa sardiña, logo, vou dar por feito que, como é o que quero e como hai investigadores traballando e como hai un sector facendo un bo plan de xestión, espero que haxa sardiña. E serei a muller máis feliz do mundo cando a nosa frota poida volver pescar sardiña.

Vostedes dinme que eu veño aquí e que non analizo cales foron os resultados destes oito anos de goberno. Mire, ese labor fágoo todos os días. Eu vin aquí e fixen ese traballo —resumido, por suposto— e diante de todos vostedes. E non veño aquí presentarme coma se chegara á Consellería hai tan só 100 días; vin e fixen un balance do que levamos facendo e traballando da man do sector dende o ano 2009. Logo, esa análise está feita. Pídolles tamén que vostedes vaian facendo unha análise de cal é o seu labor político de oposición, de en que grao están a defender os intereses de verdade do sector ou de en que grao —e perdóenme a palabra— están intentado utilizar o sector para xerar un cristo distinto ao que realmente está acontecendo na realidade diaria deste sector.

Eu non dixeran en ningún momento que o sector non estea enfadado comigo nin dixeran que me leve ben con todo o mundo, eu o único que digo é que escoito a todo o mundo, recibo a todo o mundo e intento aplicar as normas que favorecen a maior parte do sector, onde non teño nin amigos nin inimigos. Para min é o sector ao que teño o deber de representar, de defender, e de traballar única e exclusivamente para el.

Miren, alguén dixo que nós estabamos agora recuperando o traballo co Consello Galego de Pesca e que agora reuniamos moito o Consello Galego de Pesca, e eu dígolle que ao Consello Galego de Pesca nós reunímolos sempre e, de feito, no ano 2009, cando chegamos ao Goberno, tiñamos que aportar en moi pouquiño tempo cal era a visión que Galicia tiña ante a

reforma da nova política pesqueira común. Os que estiveron antes— e perdóeme que llo diga, pero é que é así— non tiñan feito ningunha análise nin ningunha proposta nin ningún traballo do que querían para que o sector pesqueiro estivera ben recollido nas novas reformas da política pesqueira común.

Nós, no ano 2009, traballamos nun documento interno na propia consellería, levámolo ao Consello Galego de Pesca e, por unanimidade —e é algo do que me sinto tremendamente orgullosa—, se aprobou a postura do que a Galicia pesqueira quería que a reforma da política pesqueira común tivera en conta.

¡É curioso!, fomos quen, no Consello Galego de Pesca, onde están representados absolutamente todos os subsectores da pesca —todos, dende as mariscadoras ata a industria de transformación—, de poñernos de acordo, de ceder cada un de nós un pouquiño do que tiñamos en expectativas para que se vira que era a postura unánime. E foi tamén curioso ver como o propio sector, coa Administración que o representaba, foi quen de chegar a un acordo. E cando se trouxo ese ditame coa postura unánime que o sector representaba ao Parlamento da Xunta de Galicia, naquel momento o PSOE abstívose e o Bloque votou en contra. Non era un documento da Consellería, era un documento aprobado por unanimidade de todos os representantes do sector. E como alguén nos acusou aquí de que facemos un informe e quedamos de brazos cruzados, dicimos non, non, non; nós con ese documento fomos a Bruxelas, reunímonos coa Comisión de Pesca do Parlamento e defendemos todos e cada un dos argumentos que alí, nese documento, se expuñan. E, dende Galicia, tamén se lle deron argumentos ao Goberno central para defender os intereses da frota pesqueira española. ¿Por que? Porque era maioritariamente o que quería a frota pesqueira española, ao ser galega maioritariamente.

¿E con iso que conseguimos? Conseguimos flexibilizar o posicionamento sobre o rendemento máximo sostible que se tiña que acadar no ano 2015. E nós dixemos o que dicía o documento do Consello Galego de Pesca: no 2015, cando sexa posible, e, se non, no ano 2020, e así saíu recollido na reforma. E fomos quen de suavizar tamén a política de descartes, e nesa liña é na única na que imos seguir traballando.

Nós non somos quen de dicir que outros decidan o que se fai no noso mar. Eu non teño que irlle mendigar nada a Andalucía; non, non, non. O sector pesqueiro español sentou nunha mesa de traballo coa Secretaría Xeral de Pesca e acordaron entre todos uns criterios de repartición. Eses criterios de repartición foron os que se aplicaron. E a min que me diga alguén se non saíu Galicia ben nese criterio de repartición cando, co mesmo criterio de repartición, temos o 98 % das posibilidades de pesca de xurelo e tan só o 1,14 % de bocarte. Está claro que temos iso porque a nosa actividade fundamental era na sardiña e no xurelo, e o bocarte era unha especie moi secundaria para a inmensa maioría da frota galega, porque ultimamente non chegaba a Galicia. E o que conseguimos é o compromiso da Secretaría Xeral de Pesca de que, se o bocarte aparece, haberá posibilidades para que Galicia poida pescalo.

Vostede sabe que o que non se pode é facer un mal uso dun recurso natural, porque a nós nos observan todos os días dende a Comisión Europea e non poden pescar 13 barcos, en tan só catro días de faena, 270 toneladas de bocarte e vendelo a 2 euros. Hai que sacar un maior

rendemento económico para a nosa pesqueira e hai que saber distribuír a actividade pesqueira ao longo do tempo. Non vale de nada traer moitos quilos de peixe para a terra, o que vale é o valor que aquí lle podemos dar ao comercializar ese noso produto. E aí imos seguir traballando.

E non vou dicir que me gustaría que retirara da sesión de hoxe, da acta da sesión de hoxe, unha mentira máis que dixó. Non hai barco sen cota, outra cousa distinta é que algún armador tivera comprado un barco nunha zona e alí nesa zona fose onde tivera as posibilidades de pesca, pero iso xa o sabía cando comprou o barco. A miña oferta no primeiro ano de negociación con Acerga, cando empezamos o novo modelo de xestión, foi que todos os barcos tiveran en todas as áreas unha cota mínima para poder traballar. Rechazouse no minuto un, rechazouse ao ano seguinte, e o ano pasado, por fin, déronse conta de que era unha boa negociación e aceptaron que todos teñan como mínimo unha cota para poder faenar.

En canto a que estiveron amarrados alí cen días, que eu non saín falar con eles e que eu non me preocupe por eles, mire, esta frota decidiu no mes de outubro finalizar a súa pesqueira cando aínda lle quedaban posibilidades de pesca. Tivemos, como mínimo, catro reunións no meu despacho; a algunhas delas veu o secretario xeral de Pesca. O propio presidente e o voceiro de Acerga estiveron nunha reunión co presidente da Xunta, recibíronse, tense falado, e eu o único que digo é: olvidemos as rencillas do pasado e camiñemos cara ao futuro, pero o que é difícil de xustificar para unha Administración cando vai negociar diante da Unión Europea máis e mellores posibilidades de pesca é que o ano 2015 se descargaran en Galicia 50 millóns de quilos do cerco e se facturaran 40 millóns de euros e no ano 2016 se descarguen 52 millóns de quilos, é dicir, dous millóns de quilos máis, e se facturen 36 millóns de euros, é dicir, 4 millóns de euros menos. Temos que ser acordes co que estamos traballando. É un recurso natural que é un dominio público e que toda a sociedade llo cede ao sector pesqueiro para que cada vez poida vivir mellor deste sector.

Cos temas de rexeneración dinme que fai falta valor. Non, fai falta valor para que vostede veña aquí dicir o que está a dicir. Recórdolle: durante o tempo que vostedes gobernaron —e vostede creo que algún cargo tiña na Xunta do Bipartito—, 58 millóns de euros se destinaron a pagar salarios e a conseguir que esas zonas deixaran de ser produtivas. Dende que nós estamos gobernando, eses cartos se utilizan para a rexeneración de zonas improdutivas, mellorouse a clasificación microbiolóxica de máis de 870 quilómetros cadrados e mellorouse a clasificación microbiolóxica de máis de 500 bateas. Paréceme que esas son as formas de facer as cousas, de traballar igualitariamente para todos, e non como algúns fixeron —que agora pretenden dicir o contrario—, favorecendo a uns e prexudicando a outros.

Cando falan da Lei de litoral, supoño que se referirán á Lei de acuicultura, e, volvo repetir, non teño ningún ánimo de facer ningunha lei que vaia en contra de ninguén. Non me fale vostede, por favor, señora Prado, da multinacional Norwest Foods, non me fale, porque me obriga a recordar quen lle deu a autorización a Norwest Foods para instalar as tres primeiras bateas de salmón na ría de Arousa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) que lla deron vostedes no ano 2008; déronlle autorización non para tres xaulas, déronlle autorización para vinte xaulas, para colocalas no medio da ría de Arousa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) onde se desenvolve a maior parte do cultivo de mexillón en Galicia —que,

das 3.500 bateas que temos, 2.500 están en Arousa—. ¿Como pretendían vostedes compaxinar o cultivo do mexillón en Arousa co cultivo de 20 xaulas de salmón? ¡Home, por favor! (Aplausos.) Hai que ter un pouquiño de seriedade cando se vén ao Parlamento, que aquí estamos todos representando a inmensa maioría dos galegos e das galegas, e a min gústame tomar estes temas con seriedade.

E vou rematar, porque, de verdade, oín aquí cousas que, como bióloga, me fan poñer un pouquiño o corpo de arrepío, pero non vou falar porque non se vaia pensar que eu son máis lista ca ninguén. Non son máis lista ca ninguén, pero teño equipos de investigación que están traballando a deshoras e de maneira constante. Hoxe temos seis técnicos do Intecmar que son profesionais que ficha a FVO da Unión Europea para facer inspeccións a outros países, para dar formación noutros países. Estamos catalogados a nivel internacional como un exemplo, e que me veñan dicir aquí que as toxinas son como consecuencia da contaminación nas rías, mire, por aí non lle vou pasar. Iso déixollelo para os técnicos, que son os que teñen que debater nese tema. Eu só lle pido que vostede, que coñece a tantos investigadores, fale con eles e a vaian informando de cales son as cousas e as causas da aparición das toxinas nas rías galegas. (Aplausos.)

O que si volvo dicir: nin multinacionais, nin acuicultura intensiva, nin especies exóticas... Non enganen o sector. Miren, dos 38 millóns de euros que viñan do Fondo Europeo da Pesca, que finalizou no ano 2015, destinados á acuicultura, 31,2 se lles deron aos bateeiros. ¿Iso é unha acuicultura intensiva de especies exóticas e non sei que máis? E cando se fala de especies exóticas, a min gustaríame que calquera de vostedes se acercara ás mariscadoras e lles dixera que a partir de agora non van poder cultivar a ameixa xaponesa porque é unha especie exótica, porque, como o seu propio nome indica, xa-po-ne-sa, non ten nada que ver coa orixe galega, pero si quero dicir que está dando de vivir a moitas mariscadoras. (Aplausos.)

E vou rematando. Simplemente quero transmitir o que dixen ao principio: ilusión polo traballo, ilusión por que cada día os nosos profesionais poidan vivir mellor, ilusión por seguir aportando argumentos científicos e prácticos tanto do sector como dos científicos para poder defender os nosos intereses ante Bruxelas.

E, repito, os datos que dei na miña primeira intervención non os invento eu, son datos que están en estatística, son datos que todos vostedes, se queren contarlle a verdade ao sector, os poden ver nas diferentes páxinas oficiais.

Soamente unha cousa para a señora Toja, que me olvidaba. Os dragados en portos para min tamén son unha preocupación. Estamos nestes momentos facendo dragados en máis dunha ducia de portos, e o que si teño que dicir é que o tema dos dragados cada día é máis complexo, significa movemento de lodos, movemento de fangos, e iso significa estudos de caracterización da batimetría. Necesítanse estudos de identificación da composición dos diferentes elementos que forman o substrato e, polo tanto, moitas veces son dous anos de tramitacións administrativas con informes para poder abordar un dragado. Iso díxeno na miña primeira intervención, que é un tema dos que me preocupa e me ocupa, e por iso presentaremos diante deste Parlamento un plan de dragados, de mantemento de dragados, que permita ter carac-

terizados os fondos, e uns puntos de vertido para que a tramitación administrativa sexa o máis curta posible, pero respectando sempre o medio ambiente, porque del vivimos.

E tamén quero recordarlle algo no caso da náutica recreativa. Na náutica deportiva, nós a decisión que temos tomado é que os cartos que ten a Administración pública son para facer investimentos de cara ao sector profesional do mar. Se calquera privado quere facer un porto deportivo, un porto recreativo, dende logo, contará co apoio da Administración para darlle as concesións administrativas que fagan falta e para que acometa os investimentos necesarios.

Despídome xa. Agora finalizo dicindo que hai futuro, que o noso sector segue vivo, que a nosa xuventude segue apostando polo mar e que cada día estamos, entre todos, facendo unha Galicia máis azul, cun mar máis vivo, a pesar de que algúns se empeñen en dicir o contrario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto 2º da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Substituír o texto do apartado 5 polo seguinte:

«5. Asegurar no Plan funcional que o Hospital Provincial manterá o seu carácter de equipamento público e que terá uso prioritariamente sanitario.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar no punto 5 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Onde di: «...o uso do actual hospital provincial será exclusivamente sanitario.» debe dicir: «...o uso do actual hospital provincial será exclusivamente sociosanitario.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Traemos hoxe a moción que substancia a interpelación que debatemos no pasado pleno relativa á situación da área sanitaria de Pontevedra, a esa ampliación do Hospital de Montecelo pola que levan loitando os colectivos de profesionais, os colectivos en defensa da sanidade pública, partidos da oposición e sindicatos dende hai moitos anos, e tamén obviamente pola situación na que queda a totalidade da área.

Na interpelación xa trasladamos a posición de En Marea a este respecto, e a intención obviamente era tamén apoiar a postura ou esa iniciativa lexislativa popular, como xa trasladamos na intervención do pasado pleno, que proximamente entendemos que entrará xa pola Cámara, porque teñen recollidas xa moitos milleiros de sinaturas, precisamente en defensa da sanidade pública da área de Pontevedra.

Trasladamos xa tamén no anterior pleno que o Partido Popular deixou pasar dúas lexislaturas, oito anos, sen ter tomado ningún tipo de medida para mellorar a sanidade pública, cando as condicións son obviamente as mesmas, obviamente agora un pouco peores que hai oito anos; é dicir, tiñamos razón ou tiñan razón as persoas que reclamaban a ampliación de Montecelo hai oito anos, e obviamente a seguen tendo agora.

Non obstante, tiveron que pasar dúas lexislatura para que esa loita precisamente da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, das sanitarias, dos sanitarios, fixese que o Partido Popular abandonase ese modelo de ampliación, que daquela non era de ampliación, senón dun novo hospital público-privado, con ese mesmo modelo que tivo uns resultados tan negativos no caso do novo hospital de Vigo, con ese proxecto de Monte Carrasco. E foi precisamente no proceso da campaña electoral cando anunciaron que, efectivamente, daban marcha atrás nesta grandilocuente obra, esta grande obra que querían facer, e que evidentemente se renderían á lóxica desa necesaria ampliación para trasladar parte dos servizos que agora mesmo están no Hospital Provincial e, obviamente, mellorar outros dos servizos que agora mesmo están xa en Montecelo.

No pasado pleno vimos como se utilizaba como escusa o proxecto que había nun goberno anterior, no Goberno do Bipartito, anteriormente á entrada do Partido Popular. Nós xa trasladamos que, independentemente de que ao Partido Popular lle poida gustar máis ou menos, iso non xustifica ter perdido oito anos porfiando noutro proxecto PFI, un PFI dun novo hospital, que sabían dende o principio que ían ter moitas dificultades en facer. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Perdoe un momento.

Silencio. É que hai un murmurio aquí que ten que molestar a quen está no uso da palabra. Por favor, silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Un pouco.

O señor PRESIDENTE: Si, bastante, bastante.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Polo tanto, entendemos que esa escusa que se trasladou non era válida, porque perfectamente existía ou tiña o Partido Popular a posibilidade mesmo de facer outro proxecto de ampliación público por aquel entón.

A interpelación tiña o obxectivo de asegurar que obviamente o Goberno garantise que non se ía facer esa ampliación cunha colaboración público-privada, que se garantise que o aparcadoiro ía ser público, porque estamos vendo como nas últimas obras, nos últimos centros e ampliacións —vímolo en Vigo, vímolo en Ourense; de feito, no caso de Ourense xa dixemos aquí que a Xunta xa nos contestou a unha pregunta escrita dicindo que parte do novo aparcadoiro vai ser privado igualmente—, existe esa tendencia a privatizar todo o que poidan ao redor da sanidade.

E, polo tanto, entendendo que pode existir esa tentación de que exista unha colaboración público-privada, de que a xestión do que quede do antigo Hospital Provincial non sexa pública, de que o aparcadoiro sexa privado, traemos hoxe obviamente unha moción que pide que os grupos parlamentarios se comprometan nalgunhas das cousas que anunciou o conselleiro de Sanidade e noutras coas que non se comprometeu.

Queremos obviamente que se nos diga que se vai licitar e adxudicar este proxecto neste ano 2017. Fíxense que xa non pedimos que se inicien as obras, estamos falando do proxecto, e entendemos que, dados os prazos que trasladou o propio conselleiro de Sanidade no referente aos procedementos administrativos que xa están en marcha, simplemente resta vontade política para, no que queda de ano, poder licitar este proxecto.

Existe esa posibilidade, porque se non, obviamente, entenderemos que non hai vontade de avanzar neste proxecto e que realmente o único que temos é un anuncio, imos ter que agardar ao ano que vén. Repito: licitar e adxudicar o proxecto, o proxecto de ampliación do hospital. Entendemos que o Partido Popular non debiera ter problema en comprometerse.

Obviamente, que nos aseguren que o aparcadoiro vai ser público, porque temos un problema: estamos empezando a ter que pagar para asistir á sanidade pública, para deixar o vehículo e, ademais, tamén para as persoas que van traballar na sanidade pública.

Queremos, ademais, que se nos diga, que se nos asegure que no antigo Hospital Provincial van seguir permanecendo eses servizos sanitarios, tal e como dixo que ía ser o conselleiro

de Sanidade, contradicindo o que o conselleiro de Política Social dixera na comparecencia do pleno anterior. Queremos que ese uso estea asegurado, porque existen necesidades amplas, tanto en atención primaria como en atención especializada, que deben de permanecer de maneira ambulatoria nese centro, e queremos polo tanto que se asegure que o uso vai ser sanitario. Uso sanitario para o centro.

Queremos, ademais, que se asegure aquí, porque xa que o conselleiro de Sanidade se comprometeu no pasado pleno, entendo que o Grupo do Partido Popular non terá problema ningún, que non vai existir unha colaboración público-privada para financiar ese novo hospital e que, polo tanto, o financiamento vai ser 100 % público e entendemos que un financiamento e unha xestión 100 % pública.

E queremos, ademais, que se lles dea información aos profesionais para poder participar dese plan funcional. Porque miren, aquí anunciouse que se abría un proceso participativo para aportar opinións no plan funcional. A realidade é que ningún/ningunha dos profesionais da área sanitaria ten á súa disposición ningunha memoria do centro, así que é moi difícil facer valoracións ou aportacións minimamente profesionais e, polo tanto, que a Consellería de Sanidade as teña en conta se non existen datos de como se está xestionando a área sanitaria e non podemos obviamente valoralos.

Polo tanto, esa participación que se anuncia pódese dicir que é falsa, porque realmente o único que se podería pedir ou solicitar por parte dos profesionais serían aportacións sen poder basealas en datos concretos. É habitual que aquí se nos exixa que nos baseemos en datos á hora de facer valoracións e intervencións. E, polo tanto, entendemos que non hai, non debe haber ningún problema por parte da Consellería de Sanidade —xa que ultimamente está tan de moda a transparencia— en proporcionar precisamente as memorias dos centros: o número de intervencións, o número de consultas, cales son todos os datos relativos aos profesionais que traballan, como están os servizos, etc., etc., etc.

Polo tanto, o que queremos é que, dunha vez por todas —e vou rematando xa—, a Xunta de Galicia e, neste caso, o Parlamento de Galicia, os distintos grupos, se comprometan a que este ano teñamos un proxecto que leva oito anos de atraso, que se poña a funcionar, que sexa enteiramente —100 %— público e que obviamente asegure as necesidades que os profesionais levan reclamando durante case unha década.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

A respecto desta cuestión, o primeiro tema que pensamos que hai que deixar moi claro —sobre todo diríxome aos deputados e deputadas do Partido Popular— é que a decisión de desbotar a construción do hospital de financiamento e xestión privada de Monte Carrasco foi un logro co-

lectivo do pobo de Pontevedra e da súa área urbana. Foi un logro da mobilización social, de colectivos cidadáns, de profesionais da sanidade e dos concellos, e foi un logro tamén grazas á postura firme do Goberno municipal de Pontevedra e do seu alcalde, que se negou a colaborar neste proxecto, que non cedeu ante a chantaxe do Partido Popular, chantaxe reiterada durante moitos anos e que se mantivo firme para evitar que se perpetrase ese hospital privado de Monte Carrasco. E agora o Partido Popular quere anotar o tanto da volta á posición anterior de ampliación de Montecelo.

Pois ben, a verdade e a realidade é que a decisión caprichosa e irracional do Partido Popular —caprichosa é un dicir, porque realmente había aí intereses escuros, había un gran negocio das... (*Murmurios.*)—. Non sei se quere comentar algo, porque...

Señor presidente, é que teñen por costume, non sei se... (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Esa decisión non foi caprichosa realmente, porque había escuros intereses, intereses dos grandes negocios das construtoras, como no hospital de Vigo, pero a realidade é que esa decisión tivo gravísimas consecuencias, tivo graves consecuencias. (*Murmurios.*)

Parece que non lle fan moito caso aquí nas bancadas do Partido Popular. En fin. (*Murmurios.*)

Porque polo camiño... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...perdéronse máis de 13 millóns de euros. Porque isto non se conta. Durante estes anos tiraron ao lixo, estragaron máis de 13 millóns de euros. Por exemplo, para facer por máis de 10 millóns de euros unha obra faraónica de desdoblamento de 1,3 quilómetros da estrada O Pino-Bora, unha obra non demandada por ninguén, non incluída en ningunha planificación de infraestruturas e que vostedes se empeñaron en facer aínda que era unha obra perfectamente inútil. E gastaron tamén máis de 1,2 millóns de euros en proxectos do novo, dese non nato hospital privado de Monte Carrasco: proxecto básico, proxecto sectorial, anteprojecto de obra, etc.

Entre 2010 e 2013, en fin, máis de 11,3 millóns en despilfarro de cartos públicos —vostedes que presumen de eficacia e de eficiencia na xestión—. Fíxense vostedes: nos anos 2012 e 2013, nos peores anos disto que chaman vostedes a crise, pois tiraron estes cartos, que poderían servir por exemplo para facer tres centros de saúde.

Pois ben, o primeiro que debían facer é pedir perdón. Deberían pedir perdón aquí nesta tribuna por paralizar o proxecto de Montecelo durante oito anos e por mal uso dos recursos públicos.

Pero ben, a realidade é que renunciaron por fin a ese hospital de Monte Carrasco e iso permitiu chegar a un acordo co Concello, asinar un convenio e establecer unha nova liña de colaboración, que o Concello plasmou tamén nese documento coa achega de 4 millóns de euros, ademais doutros investimentos. Aínda que iso foi un paso adiante, de momento só temos un anuncio, un anuncio que é unha declaración de intencións e pouco máis, porque a realidade é que nos orzamentos hai moi pouca plasmación dese compromiso. Temos este ano 1,1

millón de euros, pero iso desde logo é pouco para todo o que hai que poñer en marcha para facer realidade ese hospital nun prazo razoable e que non sexa unha promesa para os anos vinte, para a década dos vinte, para mediados da década dos vinte.

Neste momento, despois de facer o plan funcional, hai que facer o proxecto construtivo, hai que facer o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, e, polo tanto, aínda que nós imos votar a favor, parécenos un pouco inxenua esa pretensión de licitar e adxudicar o proxecto en 2017. É materialmente imposible, porque estamos aínda nos comezos da xestión para saber realmente que é o que se quere facer aí.

Polo tanto, o que precisamos son feitos, non palabras, tamén asegurarlles a garantía de participación social na definición dos usos do Hospital de Montecelo, do Hospital Provincial, pero que sexa realmente participación, non unha manobra dilatoria para gañar tempo, para atrasar, para adiar a solución a este problema.

Polo tanto, feitos, proxecto sectorial, terreos, proxecto construtivo, canto antes, e, sobre todo, orzamentos.

E con respecto ao Hospital Provincial, tamén me gustaría destacar a importancia que ten acometer obras canto antes. Non podemos agardar a que se fagan as obras de Montecelo para afrontar as obras necesarias de mellora do Hospital Provincial. Tamén defendemos que se manteña o seu carácter de equipamento público e o seu uso sanitario, que pensamos que non ten por que ser incompatible con outros usos sociosanitarios e asistenciais, que é o que reivindica tamén a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

E parécenos, ademais, que é un erro entrar nese debate artificial que puxo sobre a mesa o Partido Popular arredor desa suposta residencia para a terceira idade, que o que quere é liar, marear e desviar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...a atención do principal, que é a necesidade de acometer canto antes a construción do novo Montecelo.

Polo tanto, defendemos a mellora do Hospital Provincial, a defensa e garantía do seu carácter público, e desde logo o Concello de Pontevedra o que non vai facer é o que fixo o Concello de Santiago, de cambiar o plan xeral para recualificar e facer negocio co Hospital de Galeras. Alí o Hospital Provincial vai seguir sendo público.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Aproveitando, comparto o da felicidade, hai que ser alegres. Eu estaba pensando en citar algún poeta con relación á saúde, pero son dous temas complicados. Imos facer un pequeno intrusismo e citar un músico que ten ás veces algo de poeta, que é Silvio Rodríguez, que dicía: «*Tener no es signo de malvado y no tener tampoco es prueba de que acompañe la virtud, pero el que nace bien pagado en procurarse lo que anhela no tiene que invertir en salud*». Paréceme bastante apropiado como modelo ideolóxico, porque aquí, aínda que algún diga o contrario, facemos política e a política é ideoloxía; dígoos para que ninguén se... (Aplausos.)

En todo caso, para continuar coa felicidade, eu quero felicitar o Partido Popular. Eu creo que hai veces que hai que aceptar cando se toman boas decisións, por dúas cousas: primeiro, polo cesamento do anterior xerente do Hospital de Pontevedra. Ben sei que nós o pedimos aquí hai unhas semanas, tardaron menos dunha semana en cesalo, e eu quero felicitalos pola decisión; creo que foi unha boa decisión, valente; desexamos que a nova dirección teña bo talante e que as posibilidades se abren para poder novamente falar de cousas, cos traballadores, cos profesionais, cos usuarios, e non volvamos as épocas recentes. Iso nun punto.

E no segundo, o seu cambio de posición con respecto á ampliación de Montecelo. Creo que tamén é necesario felicitalos porque a tempo —custou o seu—, pero, aínda que a tempo, pecharon a porta a ese proxecto de ampliación de Monte Carrasco. Algunhas persoas, seguramente próximas a algunha agrupación do Partido Popular, pois quedaron aí a medias coa compra dalgúns terreos e vailles quedar o negocio a medias, pero eu felicítoos pola súa decisión, nas dúas cousas: o cesamento do xerente e o cambio de posición.

Hai que recoñecer que as dúas mellores cousas que fixeron na área sanitaria de Pontevedra é vir ás posicións que tiñamos no Partido Socialista, polo cal os felicito, e agradézolles que saiban rectificar neste caso; é de sabios rectificar, e, polo tanto, moi sinceramente, felicítoos.

En canto, especificamente, á moción, compartimos con claridade, sen dúbida, a posición con respecto ao aparcadoiro, con respecto á participación, con respecto aos prazos, sempre dentro do posible, realmente —como apuntaba o voceiro do BNG neste asunto, o señor Bará—, dentro do posible, pero compartimos a necesidade de facelo canto antes; e dende logo compartimos a posición da necesidade de que sexa público, que é unha palabra que necesitamos reforzar moito, especialmente en sanidade, público.

Nós queremos, tratamos de que non existan despois nin aproveiten trampas legais ou formais. Queremos que sexa público, e por iso apostamos integramente polo que di a propia ILP, porque cremos que é un bo plantexamento.

Estamos de acordo en que pode existir un hospital de día —é unha oportunidade—, incluso é posible que exista un centro de día, pero público. Esa é a nosa demanda: que sexa público.

Non compartimos que se favoreza o negocio privado a partir dunha instalación ou dunha ampliación dun hospital público, dunha obra tan relevante para o sistema público, que se

favorezan negocios privados que poidan aproveitarse desa ampliación, incluso con certas facilidades, a partir dos terreos ou doutras cuestións que son máis ocultas.

Nós polo que si apostamos, e aí vai a liña da nosa emenda, pero unicamente unha apreciación que pode ser tida en conta na medida en que sexa posible, por unha cuestión técnica, unha cuestión urbanística, de termo urbanístico, do uso sociosanitario, porque é o termo urbanístico correcto, pero, en todo caso, compartimos que o uso debe ser sanitario e —insisto— público.

Polo tanto, ademais desa emenda, desa cuestión puramente técnica, a nosa posición, que queremos reforzar, é a da ILP. E xa que o Partido Popular mudou a súa posición sobre a ampliación de Montecelo, deu volta atrás, a pesar de que somos conscientes de que lle puido custar algún debate interno, e alegrámonos de que o solventaran, xa que mudaron esa posición e volveron a unha posición razoable que todo o mundo defendía, pois estamos convencidos de que xa é posible facer o camiño completo e chegar ao punto que todos compartimos: que sexa un centro puramente público e que poidamos reforzar a nosa sanidade.

Polo tanto, en primeiro lugar, aquelas felicitacións. En segundo lugar, esta precisión sobre a moción, que compartimos. E, en terceiro e último lugar, plantexar un tema a maiores, que é que a cuestión da planificación de servizos non se vexa afectada, que a ampliación de Montecelo sirva para reforzar —e non para desequilibrar— a área sanitaria, porque esta estrutura organizativa de xestión integrada que se ideou no seu momento o que xera, cando hai hospitais comarcais, é centros de primeira e de segunda, e eu, que son do Salnés e son usuario do Hospital do Salnés, o que non quero precisamente é que esta ampliación sirva para facer aínda máis pequeno o irmán pequeno da área, porque iso é o que temen algúns profesionais e moitos usuarios.

Polo tanto, cremos que é necesario insistir en que sirva para fortalecer. Nese sentido sempre imos estar todos nese mesmo punto: que non diminúa a capacidade do Hospital do Salnés, que non prexudiquemos uns para ampliar outros —entón, a ampliación non tería sentido, sería unicamente reubicar—, que sirva para ampliar —no pleno sentido da palabra— instalacións e sobre todo ampliar servizos. E por iso imos apoiar a iniciativa e agardamos, como dicía a ponente da iniciativa, que poida ser aprobada por todos, xa que estamos no mesmo camiño e é unha boa oportunidade para chegar ao final do camiño xuntos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, a moción da Marea pide que se acorde licitar e adxudicar o proxecto para a ampliación do hospital no ano 2017. Está claro que esta é unha *boutade*, denota falta de

seriedade, señora Solla, porque, se fala de licitar e adxudicar, cando sabe vostede perfectamente que aínda falta aprobar o plan de usos, o plan funcional, o proxecto sectorial, facer as expropiacións, facer o proxecto construtivo, licitalo e adxudicalo, é evidente que vostede non está tomando nada en serio isto, porque é imposible —e así se lle dixo na interpelación ao señor conselleiro— que no ano 2017 se licite e se adxudique a construción deste hospital.

Licitar e adxudicar un hospital —créame— é moito máis complexo que adxudicar por exemplo un comedor escolar, e vostedes disto saben bastante, porque se para adxudicar un comedor escolar no Concello de Santiago tardaron seis meses, imaxine vostede os trámites e o tempo que fai falta para adxudicar nada máis e nada menos que un hospital.

Polo tanto, xa se lle dixo polo señor conselleiro que ata finais do 2018 ou principios do 2019 non se poderán facer as obras en Pontevedra. Vostede é consciente diso. De feito, na interpelación vostede contestou e díxolle ao conselleiro: agradézolle, señor conselleiro, que me dea as datas aproximadas. Obviamente, confírmase que non se vai facer a ampliación ese ano. Se vostede sabe iso, ¿a que vén aquí cunha proposta pedindo que se licite e se adxudique no 2017? Francamente, non ten sentido. Pois claro que non, porque o Goberno de Feijóo, do presidente Feijóo, é un goberno serio, que non mente, que non engana, que o que dá son prazos razoables, e desde logo sería mentir aos galegos dicirlles que no ano 2017 se ía licitar e adxudicar.

Por outra banda, piden que se condicione o proxecto a un modelo de financiamento unicamente público. Mire, xa llo dixo o conselleiro: non se vai utilizar esta fórmula para facer o novo hospital de Pontevedra, pero non porque sexa unha fórmula ilegal, senón porque precisamente a boa xestión do presidente Feijóo permite que agora a Xunta poida acometer a construción deste hospital con fondos propios.

Pero, en todo caso, esta fórmula —señor Torrado, tamén me dirixo a vostede— mala non debe de ser, porque eu recordo no ano 2010 que a entón ministra de Sanidade, Trinidad Jiménez, inaugurando o Hospital de Mallorca Son Espases, con cofinanciamento público-privado, dicía que era «*un magnífico exemplo del nivel de excelencia del Sistema nacional de salud y del compromiso con la sanidad pública*». Malo non debe de ser cando vostedes, o seu partido dicía isto dun hospital feito con colaboración público-privada.

En terceiro lugar, piden que se evite no proxecto a inclusión dun modelo de aparcadoiro privado. Eu preguntome: bueno, privado, ¿e se fora gratis, aínda que fora privado, estarían de acordo? Porque eu creo que a ILP e as súas iniciativas ata o momento o que piden é que sexa gratuíto. Desde logo, por exemplo, se miran a Santiago, non creo que sexa modelo a imitar, porque Santiago de Compostela, cun alcalde do grupo das Mareas á fronte, o que está facendo é modificar o plan xeral para facer un aparcamento de cincocentas prazas, que gratis non van ser. ¿Que pasa, que ocorre: que ás Mareas non lle gusta como fai o Concello de Santiago?, porque isto é o que está facendo e o que está anunciando o alcalde de Santiago: un aparcamento ao lado do hospital pero de pago. Non sei se están de acordo ou non.

En todo caso, estean tranquilos, porque en Montecelo xa hai zonas de aparcamento de balde e, en todo caso, no convenio asinado co Concello de Pontevedra xa se establece como unha das obrigas do Concello a seguinte —di así, literalmente—: «Tamén lle corresponderá ao

Concello a dotación dos espazos de aparcadoiro disuasorios precisos para atender axeitadamente a demanda que poida xerarse.» Polo tanto, estea tranquila, señora Solla. A min o que me pasa é que me sorprende que vostede non saiba isto, porque os concelleiros da Marea de Pontevedra votaron a favor deste convenio, é dicir, estaban perfectamente de acordo, eran perfectamente coñecedores de que o Concello de Pontevedra vai facer estes aparcamentos disuasorios.

Logo pídennos que o uso do Hospital Provincial sexa exclusivamente sanitario. Aquí realmente eu me perdo sinceramente, porque por un lado o Partido Socialista de Pontevedra tamén di que sexa exclusivamente sanitario e o Partido Socialista de Galicia, aquí, nunha emenda, xa non di exclusivamente sanitario, di sociosanitario; entón, creo que sería importante que o Partido Socialista de Galicia e o Partido Socialista de Pontevedra se puxeran de acordo. (*Murmurios.*) A ver, ¿sanitario, exclusivamente sanitario ou sociosanitario? Eu creo que, cando se poñan de acordo, sería bo que viñeran cunha soa idea a debater neste Parlamento. O BNG, pola súa banda, non quere que se limite a uso exclusivamente sanitario, senón que di prioritariamente sanitario.

Francamente, señorías, eu creo que non saben vostedes onde están. Isto parte de que queren secundar e referendar a ILP, que vostedes antes das eleccións apoiaron as plataformas da sanidade pública para levar adiante esta ILP, pero a ILP non di exclusivamente sanitario; di que manterá o uso sanitario, o cal ao meu xuízo non exclúe calquera outro tipo de uso. Pero é que, ademais, o hospital actualmente xa non ten un uso exclusivamente sanitario, porque alí está a Escola de Enfermería, que é unha escola dependente da Universidade de Vigo e dependente da Deputación de Pontevedra.

Polo tanto, aquí, señoría, hai menús para todos os gustos. Entón, eu o que quero saber é o que quere a oposición: exclusivamente sanitario ou sociosanitario ou non exclusivamente. Sería bo que se clarificaran. Vostedes puxéronse de acordo para impulsar esta ILP; claro, como eran vésperas das eleccións autonómicas, querían facer a foto, pero agora, polo que vexo, xa están desprezando os promotores da ILP, se desmarcan completamente, e...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...desde logo, a ILP, efectivamente, ten moitas sinaturas, pero vostedes son os primeiros en desprezalas.

E, por último, señorías —xa rematando—, piden que se publique na páxina web para poder facer aportacións. Xa se está facendo, xa se está consultando os usuarios, xa se está consultando os profesionais, incluso hai uns modelos para que os propios usuarios tamén mostren as súas opinións sobre que tería que ter o novo hospital. E, polo tanto, señoría, creo que vostedes non toman isto en serio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: ...non toman o novo hospital en serio. Polo tanto, imos votar en contra desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Estaba claro que o Partido Popular non nos ía sorprenden e necesitaba algunha escusa para poder votar en contra a iniciativa; entón, cárgalle a súa responsabilidade de oito anos sen ampliar o novo hospital á oposición. É bastante sorprendente, aínda que realmente xa estamos bastante acostumadas, que nos trasladen a nós a responsabilidade que durante dúas lexislaturas non foron capaces de exercer.

E eu non sei se vostede leu correctamente a iniciativa, invítoa a que a lea, e sería bo que o tivera feito antes de intervir, porque a iniciativa fala de licitar e adxudicar o proxecto. Non sei se sabe que licitar e adxudicar o proxecto e a obra son cousas diferentes e, polo tanto, vostede debería comprender que hai posibilidade de que se licite ese proxecto e que corresponde a unha vontade política. O que dixo o conselleiro de Sanidade no pasado pleno non foi o que dixo vostede hoxe aquí. Obviamente non van dar feito a obra en 2017, iso sería imposible. Pero estamos falando da licitación do proxecto; é dicir, facer os planos, os cálculos, en fin.

E o que é mentira é trasladar durante oito anos que van ter capacidade de facer un hospital público-privado en Monte Carrasco cando saben dende o inicio que ten as súas dificultades. Os motivos polos que vostedes non o fixeron foron, primeiro, porque os venceu a loita da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública e a loita dos e das profesionais, e, en segundo lugar, porque saben vostedes que cando fixeron o hospital público-privado de Vigo, ese que nós entendemos que foi desastroso, daquela aínda non entrara a norma en vigor do Ministerio de Facenda pola cal se teñen que presentar informes, que ademais son preceptivos, relativos á viabilidade desa colaboración público-privada. Agora si, e vostedes xa teñen máis dificultades para poñer iso en marcha.

Por suposto que é legal. Nós non o compartimos pero ninguén dixo que non fora legal. A min gustaríame que non fose legal. De feito, o noso grupo non defende a Lei 15/97. Sabemos que temos posicionamentos ideolóxicos diferentes, pero, por favor, pido que sexan un pouco francos e que non trasladen á oposición a responsabilidade que non exerceron en dúas lexislaturas.

E, obviamente, cando falamos do aparcadoiro, falamos dun aparcadoiro do hospital. Non estamos falando doutro de fóra, dun público. Xa lles dixen que, no caso do hospital de Ourense, por exemplo, vostedes mesmos —non vostedes, o Executivo— lle responderon a esta deputada que, efectivamente, vai ter uso privado, que se vai cobrar por aparcar. Polo tanto, é lóxico que exista esa preocupación e que nós pidamos que se comprometan a que iso non vai ser así.

¿Que sucede? Que é moi práctico vir aquí e utilizar as excusas para votar en contra, pero evidentemente vostedes o que non comprenden é que os grupos da oposición poidan ter posicionamentos diferentes nalgúns aspectos e, con todo, poidan exercer a responsabilidade de

chegar a un acordo para votar xuntos por algo que se leva traballando dende a Plataforma da Sanidade dende hai moitos anos. Parece que vostedes non exercen a mesma responsabilidade e utilizan isto precisamente para facer unha campaña coa que non nos conseguiron convencer en oito anos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Chegaremos a un acordo sobre as emendas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emendas de adición.

Débense engadir, ao final da parte resolutiva, dous novos puntos:

«4. A creación da mesa do sector, onde teñan presenza os diferentes axentes sociais involucrados.

5. Desenvolver unha estratexia conxunta entre Galicia e o norte de Portugal no sector do automóbil, promovida a través de tódolos actores involucrados, co obxectivo de que os dous territorios poidan beneficiarse dos investimentos estranxeiros realizados.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese modificar o punto 3 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«3. Elaborar un estudo para o desenvolvemento e implantación dunha tarifa eléctrica galega como país excedentario canto á produción de electricidade, e que poida reverter nuns mellores prezos para as persoas consumidoras domésticas e para as empresas. »

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da moción, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

«3 bis. Impulsar acordos entre as empresas auxiliares da automoción e os sindicatos sobre salarios e condicións laborais.»

«3 ter. Estudar a posibilidade de denunciar a Portugal diante da Unión Europea por axudas estatais non autorizadas se a análise urxente das evidencias indica que incumpre o artigo 107 UE, por ofrecer solo industrial gratuíto (uso de recursos públicos que dan unha vantaxe económica selectiva, con distorsión da competencia e do comercio). >>

«3 quater. Desenvolver plans de formación para ocupados/ocupadas do sector que permitan mellorar as capacidades dos e das traballadoras, e polo tanto a capacidade competitiva do sector.»

«3 quinquies. Desenvolver plans de formación para desempregados e desempregadas que permitan a existencia de bolsas de traballadores e traballadoras coa formación axeitada para o sector.»

«3 sexies. Desenvolver plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polo alumnado ás necesidades formativas do sector da automoción.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ben, antes de comezar a falar do tema da automoción, gustaríame expresar desde esta tribuna o apoio do Grupo do BNG aos traballadores e traballadoras de Pescanova, que hoxe se manifestaron en Vigo e que están en folga defendendo un convenio xusto. *(Aplausos.)* Despois de aguantar moitos anos da empresa, agora queren unhas condicións laborais e salariais xustas. E, polo tanto, teñen todo o noso apoio.

Respecto do sector da automoción, a verdade é que nas últimas semanas se produciu algunha novidade a raíz, basicamente, da denuncia dos sindicatos, e tamén das iniciativas da oposición, como esta que trouxo aquí ao Parlamento o BNG, que dalgunha maneira obrigou a algún pequeno cambio de posición por parte do Goberno da Xunta, que está abandonando ese discurso triunfalista que nos brindou aquí o señor conselleiro de Industria de que todo vai ben, de que somos uns campións da Industria 4.0. Recoñecen —ás veces coa boca pequena, pero recoñéceno— que hai un problema, e creo que o verbalizou claramente o señor vicepresidente da Xunta cando falou de que había que investigar as axudas de Portugal á implantación de empresas por se vulneran a lexislación comunitaria sobre competencia. Ou cando dixo, tamén nunha rolda de prensa, que «estamos analizando as causas da fuga de empresas que se están producindo, ou que se poden chegar a producir, cara a Portugal. É unha cousa que nos preocupa moitísimo, porque son, ademais, empresas de actividade consolidada, auxiliares de grandes empresas que hai aquí. A marcha destas empresas pode chegar a converterse nun problema importante». Polo tanto, hai aí dous discursos. Pero, polo menos, por boca do vicepresidente estase recoñecendo que hai un problema, ou que pode ser un problema importante.

E máis alá de debates terminolóxicos, de se isto é un proceso de deslocalización ou simplemente de localización a gran escala de empresas auxiliares en Portugal, fundamentalmente

no norte de Portugal, hai unha realidade innegable: que, se non actuamos con urxencia e con contundencia, o sector ten ante si ameazas e riscos. E xa sabemos o que pasou co naval. Polo tanto, hai que actuar para evitar os efectos que tería unha situación semellante na automoción: a desertización industrial que provocaría no sur da provincia de Pontevedra, e principalmente na área urbana de Vigo.

Os datos son os datos, son realidades. Perdéronse 2.000 postos de traballo directos, mentres que Portugal neste mesmo período de tempo creou 6.000 postos de traballo. E non estamos a falar só de postos de traballo, senón tamén do empeoramento das condicións salariais e laborais, da precariedade, da perda de dereitos, coa escusa da crise e da competencia de Portugal: salarios máis baixos, ritmos de traballo abusivos que afectan a saúde, subcontratación con empresas auxiliares, aumento das contratacións temporais, de regulación de horarios, en fin, un empeoramento da cantidade e da calidade dos postos de traballo.

Pois ben, para facer fronte a esta situación, que é unha situación que é unha ameaza de futuro para o sector, nós defendemos que hai que ter unha estratexia política de apoio ao sector da automoción que debe ser consensuada con todos os axentes e que debe contemplar actuacións en diferentes niveis.

A realidade é que temos aí ao lado a Portugal, que ten unha política de Estado, mentres que o noso país, Galiza, non a ten. Portugal ten incentivos económicos, fiscais, administrativos. Como xa lle dixemos, na eurorrexión Resoe —que agora vai ter un «c» ao final— pois hai un grupo de traballo especializado en temas de industria, e especificamente de automoción, e que lidera a rexión norte de Portugal. E iso está dando lugar a resultados, como é a captación de investimentos de empresas internacionais auxiliares no norte de Portugal e a atracción tamén de empresas —e este é un fenómeno novo— de matriz galega. Ata 27, segundo o Cluster, trasladáronse xa, ou teñen previsto o traslado, para o norte de Portugal. E hai, ademais, unha aposta estratéxica polo vehículo autónomo con tres grandes proxectos internacionais xa instalados en Portugal.

Mentres, aquí non temos, lamentablemente, unha estratexia equivalente. A pesar de que si houbo axudas ao sector en grandes cantidades, de grandes cantidades de millóns de euros, pois a realidade é que non estiveron vinculados, e non tiveron detrás unha garantía de permanencia, aos proxectos en Galiza, e a que a investigación e a innovación revertesen en Galiza e que houbese un retorno do investimento, nin ao mantemento dos postos de traballo nin dos dereitos laborais e salariais.

Ao mesmo tempo temos que non somos competitivos en materia de solo industrial, que o prezo do solo é comparativamente moi elevado, que non temos solo a prezos competitivos, que nos últimos anos se instalou unha empresa en Galiza, no parque empresarial do Molle, en Nigrán, que pagou 150 euros o metro cadrado, mentres que houbo 14 empresas que se instalaron no norte de Portugal pagando cantidades moi baixas. Polo tanto, falta tamén unha estratexia conxunta nesta materia entre Zona Franca e a Xunta para posibilitar a dotación de solo industrial en cantidade suficiente a prezos competitivos. E aí —xa llo dixemos a outra vez— está a evidencia do fracaso e do retraso da Plisán, que era un proxecto realmente estratéxico para o sector industrial —porque, ademais, é un espazo que está moi ben co-

municado, tanto por estrada como por ferrocarril—. Leva dezasete anos de tramitación e non se ve aínda o final do túnel, a pesar de que xa anunciaron que para o ano que vén parece que se van vender os primeiros terreos. E, mentres, no outro lado da fronteira xa sabemos que espabilaron.

Por outro lado, falan da Industria 4.0, que é o seu gran slogan. Aí hai moita propaganda ás veces e pouca realidade, porque, por exemplo, temos un Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia que pasa por ser abandeirado da investigación no sector, e realmente estase comportando coma unha fundación, coma unha empresa de subcontratación de enxeñeiros de PSA, abaratándolle os custos á empresa matriz e promovendo a precariedade salarial e laboral, a pesar de contar con grandes cantidades de diñeiro de financiamento público. E tam pouco temos garantías de que ese investimento reverta en Galiza.

Tamén estamos quedando atrás na carreira do coche autónomo, porque a maior parte das industrias auxiliares do coche autónomo estanse tamén instalando en Portugal; 4 de 5 provedores do coche autónomo están en Portugal.

Polo tanto, é necesario reaccionar. Temos que tomar medidas xa, temos que facelo canto antes, e temos que facelo a través dunha fronte común, dunha estratexia global de apoio e potenciación do sector que ten que estar negociada coas empresas e tamén cos sindicatos, coas universidades, e que para nós ten que ter como mínimo as seguintes liñas de actuación.

En primeiro lugar, o fomento da I+D+i en colaboración coas empresas, universidades e centros tecnolóxicos, de maneira que as liñas de axuda teñan a garantía de que as empresas localicen en Galiza os seus centros de investigación, de que se manteñan os postos de traballo, de que se respecten os dereitos laborais e salariais, e da permanencia dos centros produtivos en Galiza. Temos que ter tamén unha nova política de chan industrial que garanta a posta á disposición de solo dotado de servizos e a prezos competitivos. E temos tamén que ter ferramentas de axilización e simplificación da tramitación administrativa mediante fórmulas, por exemplo, como unha xanela única que permita a coordinación entre administracións e a posta á disposición de infraestruturas, equipamentos e medios para as empresas.

Tamén pensamos que é importante que se fagan os estudos necesarios —e nós propoñemos que sexa a través do Consello Económico e Social— para elaborar un informe sobre a incidencia da deslocalización na economía galega. Porque é unha realidade, chámennlle deslocalización ou chámennlle localización da maior parte das empresas auxiliares no norte de Portugal. Hai que facer un estudo da incidencia deste fenómeno.

Hai que analizar tamén e estudar as axudas outorgadas nos últimos oito anos ás empresas da automoción, os efectos que tiveron e a evolución da produción e dos cadros de persoal, para avaliar os efectos e os resultados deste investimento.

E por último, en terceiro lugar, unha ferramenta propia, diferencial e competitiva que temos en Galiza, que é a aprobación, a posibilidade de aprobar, unha tarifa eléctrica galega para a produción industrial, loxicamente tamén para o consumo doméstico, que permitiría unha

importante redución de custos de produción e aumentar a competitividade das empresas. Pensamos que un acordo unánime nesta materia significaría un punto de inflexión, un gran avance, para, en primeiro lugar, recoñecer unha situación de riscos e de ameazas para o sector, pero tamén de oportunidades e de novas posibilidades, e, polo tanto, a través deste acordo desenvolver un plan de actuación integral, un plan de actuación consensuado e ambicioso para garantir o futuro do sector da automoción en Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

É inescusable hoxe empezar falando de poesía, parece que é a norma. E eu volvo a Cernuda e á realidade e ao desexo, que a verdade é que vale para calquera sector económico da actual economía produtiva desta comunidade autónoma.

Pero, bueno, máis alá da poesía, tamén acontece que as intervencións dos membros do Partido Popular a min me espertan sempre horizontes intelectuais novos, relevantes. Esta mañá escoitamos que os discursos non tiñan ideoloxía. A verdade é que aí mo pisou o compañeiro Xulio Torrado. O meu si, ¡eh!, eu quero declarar solemnemente aquí que o meu discurso si que ten ideoloxía, os meus orzamentos non son xestión. E estamos nun Parlamento elixido democraticamente (*Aplausos.*) Se alguén cre que é un *country life* na Riviera francesa, non, é un Parlamento con ideoloxía e con política.

O outro día un candidato que parece que vai ser o presidente de Nuevas Generaciones a nivel estatal fixo unhas declaracións verdadeiramente sorprendentes, que, a verdade, repiten as pronunciadas noutra parte do espectro ideolóxico que a min me sorprenderan o mesmo, teño que dicilo, que son: «*no soy ni de derechas ni de izquierdas, soy de sentido común y tolerante*». Eu teño a sensación de que soamente vai quedar o Partido Socialista Obreiro Español sendo de esquerdas. (*Murmurios.*) Bueno, e o Bloque Nacionalista Galego no caso de Galicia. En todo caso, preocúpame moito tanta transversalidade. (*Murmurios.*)

Ten que ver coa automoción e ten que ver coa poesía. Decía Benedetti —e dígoo en castelán— ao final dun poema: «*Jodido y radiante, quizás más lo primero que lo segundo y también viceversa*». *Jodido y radiante.* Neste caso quero dar uns datos económicos breves para ver quen está unha cousa e a outra.

A facturación do sector acadou xa os niveis do ano 2008, o emprego é de 1.800 postos de traballo menos e o salario medio un 10 % menor. Eu creo que niso que chaman loita de clases —dicía Warren Buffet que ían gañando eles— pois hai uns que están *jodidos* e hai outros que están *radiantes*. Todos sabemos cales son, creo que non fai falta profundar na cuestión.

E neste contexto de competir, ao final, vía salarios —que é unha decisión política, non é unha decisión de xestión, é unha decisión política que se plasma nos orzamentos dos gobernos— no sector da automoción, Galicia, que ten un polo industrial moi importante —non vou cuestionar iso porque é evidente—, creo que está perdendo posicións en relación co norte de Portugal. E eu creo que a política industrial do Partido Popular corresponde coa súa ideoloxía, que é que *la mejor política industrial es la que no existe*. Iso non o inventou Abel Losada, nin é unha frase da esquerda marxista. É unha frase dunha dereita desreguladora que entende que os mercados teñen que asignar os factores produtivos en función de maximizar os seus beneficios. E é indubidable que neste momento Portugal, en termos de salarios, está peor ca nós para os traballadores e, desde logo, moito mellor para os empresarios. E no tema do chan industrial indubidablemente estamos nunha posición enormemente desvantaxosa.

Hai un informe da consultora Roland Berger sobre prezos medios de chan industrial no norte de Portugal e en Galicia que eu lles recomendo aos señores deputados e deputadas do Parlamento —pero especialmente aos do Partido Popular— que o vexan se non o viron, porque é —insisto— especialmente ilustrativo. E mentres hai unha política de Portugal claramente proactiva á instalación de fábricas vinculadas ao sector da automoción, en Galicia o que temos vouno ensinar. Isto non é desta fin de semana, é da pasada, esta foto é dun país que está en prealerta por sequía, isto é a Plisán, isto é exactamente a Plisán. Non sei se se ve ben. Isto é a Plisán, e, como sabedes, estamos en prealerta por sequía. É o sitio este que ían vixiar por drones a ver como ían as obras. Eu creo que case necesitan un submarino máis que drones para ver como van as obras. *(Aplausos.)*

Entón, todo este discurso da publicidade e a propaganda é inaudito. E o de inaudito vímoloo outro día cando o discurso que contan os señores do Clúster é que isto vai ben. Porque para eles vai ben, porque hai unha facturación igual á do ano 2008. Pero hai 1.800 traballadores menos e un 10 % inferior ao salario medio. Para o conxunto dos traballadores do sur da provincia de Pontevedra vai mal, por moito que o señor conselleiro nos fale de Industria 4.0, de tecnoloxía de vangarda, *de la internet de las cosas, de la impresión en 3D* e de todo o que queira. Ou sexa, pódenos falar de todo iso pero en realidade vai mal. E o que pretendemos, efectivamente, é que vaia un pouco mellor.

E, por certo, hai moitas vías para actuar. Nós presentamos unha emenda de adición que ten que ver, sobre todo, cos temas de formación. Porque é aí e na innovación —e teremos tempo de falar ao longo da legislatura destas cuestións—, é na formación, onde efectivamente temos capacidade de competir.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Dividímoloo entre formación para ocupados, para desempregados e FP dual, porque cremos que é necesario cubrir todo o abano.

E a proba de que con este sistema algúns están jodidos e outros están radiantes é: ¿a vostedes non lles sorprende que no ano 2016 non se abran as convocatorias de formación para empregados e que os empresarios deste país non protestaran?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Non lles sorprende?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A min si —remato, señor presidente—.

O señor PRESIDENTE: Non. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A min si.

Eu creo que estaría moi ben que reflexionaran sobre iso e sobre Mario Benedetti.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Isto é coma o poema, isto do tempo é «jodido» para todos. (*Risos.*)

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

Eu non vou esgotar o meu tempo.

Quero dicir un par de cuestións breves.

Primeiro, é certo que é a lóxica nun parlamento que a oposición denuncie aquilo que lle parece que está mal e que o goberno lle quite relevancia. Iso está dentro da lóxica. Pero logo que digan que non vai tan mal... Por favor, pensen. Hoxe votan en contra pero ao saír falen, falen de por que se manifestan os traballadores e as traballadoras de Pescanova, falen de por que estamos sufrindo un proceso de desindustrialización dende hai oito ou nove anos. Falen de por que en Portugal é noticia cada día un proxecto industrial novo vinculado ao automóbil e en Galicia é noticia cada día a perda de emprego no sector. Hai un problema, e eu non digo que o problema o provocara o Partido Popular, pero hai un problema. Este país ten un problema, Vigo ten un problema. E hai que buscar unha solución na liña do que plantexa o BNG, do que plantexa o Partido Socialista, do que podemos plantexar nós, do que dixo o señor Rueda. Hai un problema, propoñan algo.

E quería dicir que se está producindo no automóbil, coma no resto da industria, un cambio do modelo de organización empresarial. Iso quere dicir que a planta ensambladora —no naval, no automóbil— cada vez ten menos traballadores e traballadoras porque se rodea dun distrito industrial, dun parque de provedores, que son os que subministran a porcentaxe máis importante do automóbil, do barco, etc. Nós temos a planta ensambladora pero dende hai oito anos non se instala nin unha soa empresa de compoñentes de automoción en Galicia.

E nese tempo instaláronse dúcias de plantas en Portugal. A nosa planta ensambladora gañou os concursos para os novos vehículos e iso é un éxito para o país. Pero a maior parte do emprego que vai construír os compoñentes que se ensamblarán en Vigo van estar en Portugal. E aí hai un problema.

Vou falar para o BNG. A min a intervención de Luis Bará gustoume máis que a moción, porque na moción elude un problema real, e é que hai unha situación de competencia —vou utilizar esa expresión— desigual entre Galicia e o norte de Portugal; unha competencia desigual porque se utilizan elementos de competitividade en Portugal determinados. ¿Que quero dicir con isto? Pois que agora mesmo, se un ve o xornal, pode ver axentes sociais e económicos que están plantexando que a competencia portuguesa se basea en elementos que habería que denunciar diante da Unión Europea porque non recollen ben as normas de libre concorrència. Nós, nese sentido, facemos unha proposta de adición á iniciativa, á moción do BNG, plantexando unha idea alternativa, que é a seguinte. Nós somos unha eurorrexión, nós temos a planta ensambladora —e teño unha nota aquí que se me pasou e quería dicir agora que non sei se o saben pero as autoridades portuguesas, cando queren vender Portugal como sede da instalación de Tesla en Europa, poñen como gran mérito de Portugal a súa proximidade á planta ensambladora de Vigo—, ben, nós necesitamos ou ben resolver os problemas de competencia desigual ou ben artellar unha estratexia de eurorrexión que, dun xeito conxunto, dun xeito harmonizado, busque que os novos investimentos que se están producindo no automóbil non caian todos no mesmo lado da raia e que sexamos quen de compartir eses procesos de investimento. Nese sentido, sobre a proposta do BNG nós facemos esa moción para falar do problema real que estamos vivindo hoxe de forma inmediata. Porque a idea do que se plantexa aí sobre a I+D, sobre axudas, parécenos ben pero parécenos que elude un tema que hoxe é —na nosa opinión— o principal risco que ten o sector, o emprego, a actividade económica e a propia estrutura industrial de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Novo.

A señora NOVO FARIÑA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O sector da automoción é un sector clave e estratéxico na nosa economía. En 2016 representou cerca do 15 % da produción nacional do automóbil; en facturación aumentou o 1,6 %, ata 8.320 millóns de euros; en emprego, 750 novos traballadores directos; en investimento, 237 millóns; en I+D+i, 100 millóns de euros fronte aos 66 millóns do 2015. O Goberno galego está en contacto directo e permanente, a través do Clúster do Automóbil, e actúa sempre en apoio deste sector a pesar de que vostedes sempre cuestionan eses apoios. A Xunta, por suposto, non está pasiva, está en marcha a prol do sector, dos traballadores, do traballo e, por suposto, a prol das empresas tamén.

Señorías, traen vostedes unha serie de iniciativas e de propostas nesta moción para este sector. Ben, pois eu o que vou facer é expoñer brevemente non só propostas senón feitos que este goberno está a realizar, feitos que son realidades, con resultados e datos. O Goberno está a traballar en innovación, calidade, experiencia e competitividade; sempre mellorando as nosas empresas para ser máis competitivas, fabricar cos mellores custos e cunha mellor relación calidade/prezo. Porque o que non imos é competir en salario e precarizar os nosos traballadores, iso non. Temos un compromiso claro co sector pero non a calquera prezo.

No punto primeiro recollen as iniciativas que a Xunta está a facer. Temos unha axenda da competitividade, que é Galicia Industria 4.0, que se aplica a toda a industria galega e que está pactada con todos os axentes sociais, que ten como reto incrementar o peso da industria e xerar emprego buscando unha maior profesionalización. Entre o 2017 e o 2018 investiranse máis de 175 millóns de euros a través de Industria 4.0. Sempre apostando pola Industria 4.0. ¿Por que? Porque nos permite ser máis competitivos.

Esta axenda da competitividade potencia a I+D+i en colaboración coas empresas, coas universidades e cos centros tecnolóxicos. E é precisamente o obxectivo das unidades mixtas que hai dous anos puxo en marcha a Xunta. Estas unidades xerarán emprego de alta cualificación, non precariedade laboral.

O Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia está presente en dúas das novas unidades con PSA. Diseñará e porá en marcha unha instalación piloto que reflectirá a evolución cara á Industria 4.0. Con Viza obterá armaduras de asentos de altas prestacións. E outra unidade mixta nace da alianza de AIMEN e GKN. ¿Isto é precarizar o sector?

Este goberno está a traballar tamén para preservar os dereitos laborais, para facilitar os acordos no eido laboral e, ¡como non!, na formación. Destínanse 86,2 millóns de euros, é dicir, un 21,6 % máis que en 2016. O compromiso é claro, queremos traballadores formados para un sector tamén altamente competitivo. Porque falan vostedes das condicións laborais dos traballadores, e insisten en que dende o 2009 o Goberno do PP é o gran destrutor destes dereitos. Señores, a estratexia da Xunta para competir está baseada na innovación e non na devaluación dos custos laborais. Pero hai unha contradición que desmonta o seu discurso. Se fose certo que o Goberno permitiu esas devaluacións das condicións laborais, se fose certo o que din de que as reformas laborais crearon unha especie de capitalismo á medida das multinacionais, se fose certo que o Goberno está ao servizo das grandes empresas dándolles toda clase de prebendas, ¿por que temen que vaian para Portugal? ¿Acaso sosteñen que un país cun goberno de esquerdas, que vostedes toman como modelo, está a facer políticas que consisten en condicións laborais precarias e nunhas prebendas ás empresas que van máis aló desa especie de inferno neoliberal que levan anos apoiando en Galicia? Señorías, ou a realidade laboral industrial de Galicia non é como a pintan, ou as políticas dos gobernos de unidade de esquerda non son as que nos din. Menten nunha cousa ou menten noutra, ou menten nas dúas. *(Aplausos.)*

En canto á política de chan industrial, falamos de desenvolver a posibilidade de adquirir chan a través do dereito de superficie cun canon anual, bonificacións do chan ata o 50 %, promover unha lei de fomento de implantación empresarial que permite maior simplifica-

ción administrativa, facilitar inversións, reestruturar as normativas que inciden nas instalacións das industrias, colaborar coa Fegamp e colaborar con aqueles concellos que aposten pola industrialización. Veremos aquí a participación neste proxecto dos seus concellos.

Xa parar rematar, dicir que hai unha política industrial no sector da automoción clara, transparente e sólida. A adxudicación de novos modelos de PSA, mil empregos máis, desenvolvemento do vehículo autónomo, 3.000 millóns de euros de investimento para a industria auxiliar..., en fin, feitos e resultados que cinco minutos son insuficientes para expoñer esta boa xestión.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Novo.

Grupo autor da moción, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Estou aínda recuperándome da miña estupefacción despois de escoitar o compañeiro Abel Losada —cordialmente—, que falou aquí de que resulta que agora parece que só o Partido Socialista vai ser de esquerdas a nivel estatal. Non sei se isto é posverdade, se son feitos alternativos, ou que é. Despois das políticas que levan facendo no Estado cando tiveron oportunidades de goberno, pois esta expresión queda así un pouco... (*Murmurios.*) ¡Tranquilos, tranquilos, que tamén falaremos do Partido Popular! (*Aplausos.*)

Si, aquí non pensamos todos igual. Non se confundan, non pensamos todos igual. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Non me sorprende en absoluto, non me sorprende en absoluto a postura do Partido Popular porque, efectivamente, hai menos de dez meses aprobouse neste Parlamento, por unanimidade, un acordo que dicía o seguinte: «O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a promover novas accións conxuntas de colaboración entre as administracións públicas, os centros tecnolóxicos e de coñecemento e as asociacións representativas de empresas de automoción para fixar tecido industrial do sector de Galicia e evitar desprazamentos a outras áreas xeográficas, habilitando os apoios adecuados en innovación, emprendemento industrial e internacionalización para que as empresas melloren a súa competitividade tanto no ámbito local como no ámbito global, e sigan a crear riqueza e emprego en Galiza con vocación de futuro».

Hai dez meses vostedes votaban a favor desta iniciativa. De todo isto que quedou aquí plasmado non fixeron nada, polo tanto, agora non poden volver votar outra iniciativa semellante. O que fan na práctica aquí é apuntarse ao discurso triunfalista do señor Conde e facerlle unha emenda á totalidade ao discurso —que pensamos que é máis realista— do señor Rueda, que recoñeceu que había un problema importante nesta materia.

Vostedes din que non hai problema, que todo vai ben, que teñen un montón de axudas, e que esas axudas, ademais, son unha garantía de permanencia das empresas no territorio, unha garantía da conservación dos postos de traballo, dos dereitos laborais e salariais. Pero a re-

alidade non di iso. A realidade é que as empresas se están marchando para o norte de Portugal, e as novas empresas que se están instalando, estanse instalando no norte de Portugal.

Fálanos aquí de que están facendo unha nova política de chan industrial cun conxunto de medidas, pero a realidade é que non está dando ningún resultado porque as empresas se están marchando. Falan do CTAG, pero a realidade é que é unha escusa tamén para a precariedade.

Con respecto ás emendas dos outros grupos, respecto da de En Marea, da creación da mesa do sector onde teñan presenza os diferentes axentes, pensamos que está implícita no texto da nosa proposta. En todo caso, non temos ningún problema en especificar esta cuestión. Non compartimos esa idea un tanto romántica de que temos que ter unha estratexia conxunta co norte de Portugal; pode quedar moi bonito, pero non é realista. Temos que ter a nosa propia estratexia de país para defender o sector, polo tanto, non imos aceptar esta cuestión.

Con respecto ás emendas do Partido Socialista, impulsar acordos entre as empresas auxiliares de automoción e os sindicatos sobre salarios e condicións laborais, parécenos tamén que está implícita no noso texto. O de denunciar a Portugal non o imos aceptar como emenda. En todo caso, o Goberno xa anunciou aquí que ían abrir unha consulta, unha investigación, a este respecto. Si que imos aceptar as emendas con respecto aos plans de formación.

E non temos tampouco problema —porque así nolo comentou o Grupo Socialista— nunha votación por separado dalgún dos puntos, concretamente do punto terceiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Xa temos debatido en moitas ocasións sobre o transporte ferroviario no debate parlamentario que vimos desenrolando dende o comezo da lexislatura no que ten que ver coa rede de infraestruturas e a mobilidade, e o ferrocarril está sendo un dos principais temas de debate.

Tanto na Comisión 2ª como aquí no Pleno, os grupos da oposición trouxemos numerosas iniciativas referidas á necesidade de mellorar o transporte ferroviario no país. Isto responde

a unha lóxica. Non se trata dun capricho nin dunha teima dos grupos da oposición, trátase de que o transporte por ferrocarril é a mellor das apostas para o transporte público en Galicia. Todos os indicadores o amosan de maneira moi clara e sen lugar a ningunha dúbida, pero en Galicia non se está a utilizar todo ese potencial.

Trátase de avanzar nunha mobilidade máis segura, máis económica, máis comfortable, máis eficaz enerxeticamente e máis beneficiosa para a loita contra o cambio climático. Xa temos falado en numerosas ocasións dos beneficios do ferrocarril con respecto a outros medios de transporte.

Fronte a dous dos maiores retos aos que nos estamos enfrontando como sociedade, o cambio climático e o esgotamento dos combustibles fósiles, só o que coñecemos como mobilidade alternativa, os desprazamentos a pé ou en bicicleta, superan ao ferrocarril en eficiencia enerxética e loita contra o cambio climático.

O Libro Branco do Transporte Europeo márcase como obxectivo reducir o 60% no transporte, e isto só se pode acadar mudando as políticas de infraestruturas e apostando pola mobilidade alternativa do transporte de mercadorías e pasaxeiros por ferrocarril. Desprazar unha persoa por estrada supón unhas emisións de CO₂ —o principal causante do quecemento global— tres veces maior que se o fai en ferrocarril, segundo datos da Axencia Europea de Medio Ambiente. E no caso das mercadorías, a diferenza é aínda máis acusada. Desprazar unha tonelada ao longo dun quilómetro emite seis veces máis CO₂ se se fai en camión do que emitiría se se fai en ferrocarril.

Estamos a falar de datos moi contundentes, moi significativos, que non deixan lugar a ningunha dúbida. O transporte por ferrocarril é o máis sustentable dos transportes convencionais, e fronte aos desprazamentos por estrada, a diferenza é abrumadora. É preciso dinamizar o ferrocarril e non seguir apostando polas vías de alta capacidade e o transporte individual a motor.

Outra cuestión de enorme relevancia cando debatemos sobre mobilidade, transporte e infraestruturas é o tocante á seguranza viaria. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior sinistralidade. O ano pasado, o 2016, houbo 107 falecidos, 15 máis que o ano anterior. E tamén somos a segunda comunidade con máis atropelos de peóns e ciclistas de todo o Estado. Son datos que falan dun fracaso deste Goberno en seguranza viaria. O transporte en Galicia non é seguro, somos a comunidade autónoma que se sitúa á cola da seguranza viaria no Estado.

Aquí, normalmente, aparecen argumentos a favor da necesidade de dinamizar o transporte por ferrocarril. Os estudos realizados indican que o ferrocarril reduce drasticamente o risco de sufrir unha lesión ou morte por parte dos usuarios en xeral. As estatísticas falan de que o número de mortos por cada mil millóns de viaxeiros/quilómetro, na Unión Europea, é de 0,2 en ferrocarril, 0,4 en avión e 8,7 en estrada. Noutras palabras, a estrada resulta 43 veces máis perigosa que o modo ferroviario, aínda a pesar de que os gobernos empeoran estes resultados retirando sistemas de seguranza das liñas ferroviarias.

Polo tanto, é moi importante, dende a perspectiva da seguranza viaria, incrementar o uso do transporte ferroviario en Galicia, pero non só, as liñas teñen que eliminar factores de

risco como son os pasos a nivel ou implementar sistemas de seguraza adicionais como os que se recomendaba na curva onde ocorreu o accidente do Alvia.

Camiñar no eido da busca do maior potencial posible do ferrocarril en Galicia non é un capricho, non é unha teima. Estamos falando dunha cuestión que será tremendamente beneficiosa social, económica e medioambientalmente para o noso país, e non hai ningún argumento racional que determine que estamos erradas neste plantexamento.

Non hai ningún argumento respaldado cientificamente que indique o contrario, e non coñecemos por boca do Goberno ningunha cuestión que explique o porqué da deterioración do transporte ferroviario e da falta de ambición por poñer a funcionar o ferrocarril ao seu máximo potencial en Galicia. Non temos argumentos que determinen por que isto está ocorrendo.

Hoxe traemos esta moción, consecuencia da interpelación do pleno pasado na que falabamos da intención de Fomento de retirar a atención presencial en diferentes vilas galegas —e a Consellería de Infraestruturas estivo a traballar en segredo para manter ditos servizos—, e enfocámola dende a perspectiva de buscar un punto de inflexión nas políticas de infraestruturas, un posible compromiso de todos os grupos aquí representados, e traballar decididamente na mellora do transporte ferroviario en Galicia. E como a día de hoxe todas estas competencias están en Fomento, o que pretendemos é acadar un pacto dos grupos aquí representados para instar a Fomento a que, paulatinamente, vaia acometendo as accións máis urxentes.

Entre elas hai cuestións máis custosas, dende o punto de vista orzamentario, pero hai outras que son moito menos, que dependen de que as melloras ferroviarias sexan unha cuestión estratéxica para o Goberno galego, e xa se poden ir sacando adiante practicamente sen ningún investimento.

Por unha banda, solicitamos blindar os servizos ferroviarios existentes para que non nos teñamos que volver a ver nunha situación como a destes meses pasados, onde Fomento, Adif e Renfe trataban de pechar a venda de billetes e a atención presencial en distintas vilas galegas.

Tamén consideramos que hai varios tramos que precisan dunha actuación inmediata para mellorar os tempos de viaxe e as frecuencias, mellorando así o seu rendemento, como son a liña Lugo-Ourense, a liña A Coruña-Ferrol ou a rede Feve, liñas do século pasado que precisan ser adaptadas aos novos tempos para incrementar as usuarias como consecuencia dunha mellora no servizo á cidadanía.

A mellora nas frecuencias do eixo atlántico tamén vai recollida nesta moción, cuestión da que xa temos falado noutros debates parlamentarios e que non suporía esforzo orzamentario. De feito hai unha proposta que os sindicatos ferroviarios entregaron hai meses a Renfe e que melloraría as frecuencias, aproveitando mellor tanto os bens materiais como persoais da empresa, e non suporía ningún esforzo orzamentario.

A saída ao sur do eixo atlántico, no que xa temos aprobada algunha iniciativa e na que xa sobre o papel temos acordo, é outra das cuestións que introducimos nesta proposta de mellora de dinamización do ferrocarril en Galicia.

Por último, no que ten que ver co transporte de mercadorías temos practicamente todo por facer. Os datos de utilización deste servizo falan de que estamos moi alonxados do que podemos entender como óptimo, é case inexistente. Estamos en cifras dun 3 % de utilización do ferrocarril para transporte.

A rede galega non está deseñada para potenciar o transporte de mercadorías por ferrocarril, e estamos desconectados do corredor europeo de mercadorías. Como outras tantas veces, Galicia queda fóra. Nós propoñemos tamén traballar para subir Galicia a ese tren de progreso para o país.

A moción que presentamos sería: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a buscar un acordo con Fomento para blindar os servizos ferroviarios cos que xa conta Galicia e traballar na paulatina ampliación e mellora da nosa rede ferroviaria, como son: a mellora nos tempos do traxecto da conexión Lugo-Ourense; melloras na liña Feve; a continuación do eixo atlántico ata Ferrol e a saída sur; a mellora nas frecuencias do eixo atlántico; a dinamización do transporte de mercadorías por ferrocarril; a conexión co eixo europeo de mercadorías ou a rebaixa dos prezos das viaxes para incrementar o uso.»

De momento máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: É perfectamente coñecido o posicionamento do BNG respecto do ferrocarril; é unha posición que levamos defendendo historicamente. Eu lembro cando nos anos noventa nos manifestabamos nas estacións non só para defender o AVE, senón, sobre todo, para defender as redes de proximidade, o tren de cercanías.

Polo tanto, a nosa posición podemos resumila en tres grandes eixos. En primeiro lugar, a necesidade, a importancia, das grandes infraestruturas de media e longa distancia tanto para o transporte de persoas como de mercadorías. Polo tanto, a conexión coa Meseta, a conexión con Europa e con Portugal. En segundo lugar, a necesaria e importantísima modernización e ampliación da rede convencional de conexión entre as cidades e vilas galegas, apostando especialmente pola modernización das conexións entre A Coruña e Ferrol e Lugo e A Coruña. E, en terceiro lugar, a creación do Servizo ferroviario de proximidade, que ao noso entender debe ser xestionado polo Goberno galego. Polo tanto, debe haber unha aposta decidida polo ferrocarril como un servizo público fundamental para a articulación, para a vertebración, para o desenvolvemento territorial e como forma de mobilidade limpa, segura, sustentábel, con grandes beneficios sociais, económicos e ambientais.

A realidade é que fronte a isto temos unha situación de deterioración, de desmantelamento, de desaparición de liñas, de servizos, de estacións etc. Isto comezou xa hai tempo, pero sobre todo acentuouse a partir do ano 2013, co Plan de racionalización aprobado polo Goberno, que levou á supresión do 22 % dos servizos, ao peche de 20 estacións, con outras 24 tamén que están perdendo cada vez máis frecuencias, máis servizos. Polo tanto, isto o que demostra

é que globalmente non está na axenda do Goberno, e só aparece na axenda cando hai algunha denuncia pública por parte dos grupos políticos ou por parte dos medios de comunicación, cando hai presión social, por exemplo, polo atraso das obras do AVE. Entón aí faise un amago, un intento, unha escenificación de que se fala co Goberno, pero realmente non hai unha aposta política nin orzamentaria para fortalecer, para potenciar, o ferrocarril.

Acabamos de debater na Comisión de Infraestruturas a situación na que está, por exemplo, a liña A Coruña-Ferrol, a necesidade de modernización e de investimentos para poñela á altura do que ten que ser unha infraestrutura, un servizo, do século XXI. Tamén o caso da liña entre Lugo e A Coruña, ou o caso da necesaria modernización da conexión con Portugal, coa saída sur de Vigo, a modernización da liña, a electrificación da parte da liña que aínda non ten electrificación, a mellora do trazado e da seguranza, a eliminación de pasos a nivel etc.

Por non falar do que pasa coa antiga Feve, que sabemos que está tamén nun proceso de desmantelamento, de morte lenta, de desaparición, con situacións tan escandalosas como que non haxa maquinistas para as máquinas, que non hai máquinas, que están avariadas e que hai que levar a xente en autobuses ou en taxis porque non funcionan os trens. Por non falar do transporte de mercadorías, que tamén está desaparecendo.

Polo tanto, estamos vendo como mentres outras comunidades —ata 11 en todo o Estado— teñen realmente un tren moderno de cercanías, de proximidade, que funciona con horarios, con frecuencias, con servizos e a prezos máis baratos, en Galiza nada de nada, non hai unha aposta polo tren. Nós defendemos, neste sentido, que ten que haber un tren galego de proximidade e que ten que ser un tren xestionado directamente polo Goberno galego.

A realidade, polo tanto, triste e dramática é que estamos nun proceso de desmantelamento dos servizos ferroviarios por parte do Goberno central que conta coa colaboración e co aplauso —ou coa pasividade, cando menos— da Xunta de Galiza porque non di nada ao respecto.

Estamos no círculo vicioso, polo tanto, de que se suprimen frecuencias, se suprimen horarios, se suprimen servizos, se suprime tamén o transporte de mercadorías e, polo tanto, baixa a demanda, baixa o uso, e iso xustifica que haxa que suprimir, que haxa que anular, que haxa que desmantelar liñas.

Nós, desde logo, non estamos de acordo con estes designios para o ferrocarril. Creo que hai unha gran demanda social, que hai unha necesidade social, económica e ambiental de apostar polo tren. Sobre todo cando se lles enche a boca falando de políticas contra o cambio climático, hai que ser coherentes, hai que ser consecuentes, e apostar polo ferrocarril. E como se demostrou nesa loita social, institucional, en contra do intento de eliminar a venda de billetes e a atención ás persoas nas estacións, non llo imos permitir. Vai haber unha presión social a favor do tren, non lle imos permitir seguir con esta liña de desmantelamento e de desaparición dos servizos ferroviarios en Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boas tardes a todos e a todas.

O Grupo Socialista vai dar o seu apoio a esta iniciativa de En Marea.

Esta vai ser a lexislatura do rural. Estou seguro de que lembran esta frase, seguro de que lembran o autor da mesma, e seguro, tamén, de que lembran o escenario e o contexto no que se produciu. Fagamos memoria. O escenario foi este hemiciclo. O contexto foi a aprobación dos orzamentos de Galicia para 2017. E o autor da mesma foi o señor Núñez Feijóo. Unha frase solemne, nun escenario solemne e nun contexto solemne.

Señorías, vanme permitir que interprete esta solemnidade como un recoñecemento expreso do señor presidente no senso de que as lexislaturas anteriores, VIII e IX, nas que foi presidente de sucesivos gobernos, significaron o olvido, o esquecemento do rural nas súas políticas.

Digo isto porque non se solemniza unha liña de traballo habitual, solemnízase o excepcional. E o excepcional, polo tanto, sen pasado recoñecido, é a manifestación de que esta vai ser a lexislatura do rural.

A reivindicación desta frase recoñece a ausencia do rural nas anteriores lexislaturas. Por certo, frase militarmente repenicada nos días e semanas posteriores polos diferentes cargos públicos e orgánicos, institucionais e orgánicos, do Partido Popular nos medios de comunicación.

Vanme permitir considerar esta frase como un slogan publicitario que marca o arranque das eleccións municipais para o Partido Popular. Tememos que a publicitación permanente e constante deste slogan suplante a falla de compromisos e investimentos no medio rural. Un medio rural —o 97 % do territorio galego, segundo recoñecía esta mesma mañá a señora conselleira na súa comparecencia— onde se asenta o 20 % da poboación. Un medio rural —digo— receptor de grandes halagos e escasos recursos. Un rural obxecto de leis, decretos e ordes que nunca se cumpren en positivo. E un rural castigado por leis, decretos e ordes de gobernos do Partido Popular que se cumpren, ademais, a rajatabla. Cecaís o obxectivo do Goberno Popular sexa que as loanzas, os anuncios, as palabras e a boa cara substitúan os investimentos. *(Aplausos.)*

O certo é que a lexislatura do rural durou inmaculada ben pouco tempo. A interpelación que motiva esta moción rexistrouse soamente uns días despois do susodito slogan que rezaba sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e de servizos de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril. Esta resultou ser a primeira andanada para ningunear o slogan, só fracasada pola acción popular e pola acción de gobernos municipais, dos sindicatos e dos grupos da oposición.

Por certo, xa na lexislatura anterior, na lexislatura pasada, asistimos á teima do Goberno, ou á conivencia do Goberno galego presidido polo señor Feijóo, empeñados ambos os dous en desmantelar a mobilidade ferroviaria nas liñas de curta e media distancia, pechando es-

tacións, reducindo paradas, suprimindo itinerarios e modificando horarios, que tanto dano fixeron nos pobos e vilas.

Mais o carrusel de desmantelamentos e agresións ao rural continúa. Así, nestes días asistimos ao anuncio de peche de rexistros da propiedade en vilas intermedias, provocando un alonxamento dos servizos respecto dos cidadáns do rural. Tamén o anuncio de redución de días de apertura ao público por parte de entidades financeiras en pobos e vilas.

Señorías, os agravios ao rural non teñen límites nin final, e, mentres tanto, o Goberno teorizando. Desmantelamento do tren tradicional, supresión de rexistros da propiedade e redución das liñas de servizo das entidades bancarias no rural parecen ser as primeiras iniciativas do Goberno popular nesta lexislatura denominada polo Goberno como a lexislatura do rural. Unha frase tantas veces repetida como veces desmentida polos feitos deste goberno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Gustaríame, en primeiro lugar, recordar —aínda que unha vez que un escoita as comparecencias non o pareza— que estamos a falar dunha moción que é consecuencia dunha interpelación que se lle formulaba no pleno pasado á conselleira de Infraestruturas sobre a venda ao público e á atención de viaxeiros en diversas estacións de ferrocarril de Galicia. Un asunto, como quedou claro, señor Fernández, que xa está resolto. Ademais, confirmou por carta, claramente, o ministerio que non se vai suprimir ningún servizo de atención e de venda de billetes nin se van pechar terminais ferroviarias. Nin tampouco, xa llo confirmo, se vai pechar ningún Rexistro da propiedade en Galicia. ¡Non minta, por favor! Ningún deles, ningún. *(Aplausos.)* Vai poder seguir vostede indo a Muros, indo a todos, sen problema ningún. Non minta, por favor.

Igual que tampouco —como quedou claro— se vai pechar a venda de billetes en ningunha estación. Por iso o outro día xa se falou doutras cousas e por iso hoxe aquí tamén vimos falar de moitas outras cousas que non teñen nada que ver coa interpelación.

En canto ao novo deseño desta moción, fálase de moitísimas cousas. Métese aquí un listado de temas todos de competencia estatal, quero recordarlles. Todo é instar, instar... é dicir, as competencias non son autonómicas. Evidentemente, a Xunta de Galicia está pendente destas competencias, vai seguir estando pendente e vai seguir demandando todo o que poida e sexa polo ben dos galegos ante o Goberno central, pero debemos de ter claro cando presentamos estas solicitudes e falamos de determinadas políticas do Goberno autonómico.

En calquera caso, xa digo que o compromiso do Partido Popular co ferrocarril non é menor que o de ningún outro grupo. É máis, diría que é maior, como vén demostrando ao longo dos anos. E seguiremos vixiantes e comprometidos con estes temas cando se fai con rigor e seriedade, non cando se mete un popurrí de cousas pola porta de atrás.

Por falar dalgún dos que falou na súa presentación —hoxe aínda meteu aquí máis temas dos que incorpora na moción—, vostede mesmo recoñecía que a maior parte destes temas xa viñeron a esta Cámara ou á Comisión 2ª, e ademais con proposicións moitísimo máis concretas, moito máis completas e ambiciosas que as que hoxe plantexa na moción. E cando son concretas, chegamos a acordos, como vostede recordaba e como recordaban os dos outros grupos.

En concreto, o tren Lugo-Ourense por Monforte é unha proposta concreta do Grupo Popular, que xa incorporaba no programa e que vai seguir liderando e impulsando para que poidamos poñer a Lugo nun horizonte de máis ou menos tres horas con Madrid, como outras cidades galegas. E imos seguir, ademais, co horizonte de ir poñendo algunhas desas obras de melloras de tramos xa en funcionamento, para que permitan rebaixar a conexión entre Lugo e Ourense o máis axiña posible.

O mesmo podemos dicir do tren a Ferrol. Xa aprobado por unanimidade polos grupos na comisión, é outro dos compromisos do Grupo Popular no seu programa electoral, outro dos temas, igual que o tren de Lugo, que xa estivo en xaneiro na reunión do presidente da Xunta co ministro de Fomento e que leva xa tempo traballando a Xunta de Galicia, como demostra que incluso onte foi adxudicado o estudo para poder ter clara esa estratexia, de tal xeito que esa vía non só conecte Ferrol co eixe atlántico e coas liñas coa Meseta, senón que, ademais, sexa un bo elemento estruturador de toda a súa área metropolitana. O mesmo que o tema do Feve, que xa está demandado por parte da Consellería, non ten que vir o grupo de En Marea coa solución deses problemas e a mellora deste Feve, deste tren de vía estreita, pola Mariña lucense e polo resto do norte de Galicia.

Incorpora —decía— a saída sur de Vigo e a mellora do tren ao Porto. Dúas veces, xa temos dúas aprobadas moito máis extensas, moito máis concretas e ambiciosas, do que hoxe nos trae aquí.

E recordo que o que vai facer agora Portugal é poñerse tecnoloxicamente ao nivel da liña española. Só nos quedan 5,3 quilómetros entre Guillarei e Tui para a electrificación. O proxecto está feito e enviado para coordinación ao Goberno portugués. E existe o compromiso claro de ir simultaneando e homoxeneizando as dúas liñas unha vez que Portugal adiante estes traballos.

Polo tanto, primeiro, nego rotundamente as declaracións dalgúns dos grupos, especialmente do BNG cando fala de desmantelamento e complicidade. Non existe e nego a maior. Pero, por outra parte, non podemos máis que recordarlles que a moción que presentan xa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Conclusión: vén dunha interpelación, dun tema, que xa está resolto. E a Xunta está e seguirá traballando en favor da mellora de todo o que é a rede de

transporte ferroviario en Galicia. Estes temas xa foron anteriormente aprobados polos grupos por unanimidade, e cando se fan con concreción e cun traballo responsable, e dados estes argumentos, non podemos apoiar esta moción.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da moción, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Non poden apoiala, non; non queren apoiala. Poder poden apoiala, porque, como vostede ben dixo, moitas das cuestións que veñen recollidas nesta moción xa as temos aprobadas en comisión e, polo tanto, as únicas que quedarían serían a dinamización do transporte de mercadorías e o eixo atlántico, practicamente. Entón, non entendo por que di que non poden apoiar esta moción.

Nesta moción —como vostede dicía, saída da interpelación, que era un tema concreto— a intención é buscar un pacto, unha especie de pacto deste Parlamento, para seguir traballando na dinamización deste servizo. E o que intentaba era recoller aquelas cuestións que cremos máis importantes, máis urxentes, que moitas delas orzamentariamente non supoñen demasiada dificultade e que algunhas, evidentemente, xa estaban aprobadas. Por iso entendiamos que, recollendo todas estas propostas, non habería ningún problema. Pero o que se evidencia é que vostedes non queren adquirir ese compromiso.

O tema do transporte das mercadorías é moi claro, e a necesidade de engancharnos ao corredor europeo. Teño aquí un mapa. Evidentemente non se ve pero dígollo eu: está o corredor mediterráneo e o corredor atlántico, pero o corredor atlántico olvídase de Galicia. E sería fundamental para Galicia poder engancharse a este corredor. Non entendemos por que dende a Consellería de Infraestruturas non se traballa nesa dirección e se permite que Galicia estea discriminada e quede atrás nesta cuestión.

Outro dos motivos polo que queremos facer esta especie de pacto e conseguir sacar adiante esta moción que englobara un pouquiño todas estas cuestións é porque o Partido Popular converteu as PNL nun recurso literario de ficción. Evidentemente, aínda que se aproben mocións nas comisións, a historia do Partido Popular está chea de PNL que se aproban e que despois non se executan. Por iso esta moción vai nesa dirección de tratar de buscar ese compromiso para poder ir seguindo estas distintas cuestións.

Hai outro tema que deixan fóra e no que din que non poden comprometerse, que son as melloras nas frecuencias do eixe atlántico. E non hai ningún motivo racional polo cal non se poidan acometer esas melloras no eixe atlántico. Como dixen na miña primeira intervención, hai unha proposta enriba da mesa do sindicato ferroviario que non suporía ningún custo e que melloraría o servizo. Polo tanto, só nos queda pensar unha cuestión. Se non hai ningún motivo racional dende o punto de vista do interese xeral que nos indique que non se deben

mellorar as frecuencias do eixe atlántico, só nos queda un motivo: que non mellorar as frecuencias do eixe atlántico supoña un beneficio para AUDASA, que embolsa cada ano decenas de millóns de euros polas peaxes da AP-9, e que supoña un beneficio tamén para as construtoras que aparecen nos papeis de Bárcenas e que comezaron xa as obras da A-57. Se non hai motivos racionais, se vostedes non poñen enriba da mesa motivos racionais que indiquen que non é beneficioso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO:... —remato xa— mellorar o servizo, evidentemente nós, que somos moi mal pensados, pois pensamos que alguén se está enriquecendo con esta cuestión. Se vostedes queren que non pensemos iso, poñan, por favor, enriba da mesa argumentos serios de por que non queren mellorar o transporte por ferrocarril en Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse dúas emendas: unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda nº 1, de substitución:

Débase substituír no punto 1.1., a seguinte expresión:

«cos axentes sociais» por: «coa patronal e os sindicatos máis representativos.»

Emenda nº 2, de adición:

Débase engadir no punto 1.1., o seguinte parágrafo:

«O marco desa negociación será o aprobado por unanimidade deste Parlamento o 27 decembro 2016, a iniciativa do G.P. de En Marea, a través dunha moción que instaba a Xunta a abrir una mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.»

Emenda nº 3, de adición:

Débese engadir no apartado d) do punto 1.4, despois de «valor» a seguinte expresión:

«empezando por introducir criterios de igualdade nas contratacións de servizos por parte da Administración galega.»

Emenda nº 4, de adición:

Débese engadir no apartado e) do punto 1.4, despois de «emprendemento» a seguinte expresión:

«en iniciativas empresariais innovadoras»

Emenda nº 5, de substitución:

Débese substituír o texto do apartado f) do punto 1.4, polo seguinte:

«f) Promover a mellora salarial e de condicións laborais nos sectores con alto índice de presenza feminina.»

Emenda nº 6, de substitución:

Débese substituír no apartado g) do punto 1.4, a seguinte verba:

«potenciar» por «garantir».

Emenda nº 7, de substitución:

Débese substituír no punto 2, a seguinte expresión:

«Apoiar de xeito económico e técnico» por: «Prestar apoio técnico para»

Emenda nº 8, de adición:

Débese engadir no punto 2.1, despois de «subrepresentación das mesmas» a seguinte expresión: «na igualdade salarial», e...

Emenda nº 9, de adición: Débese engadir no punto 2.1., despois de «tempos» a seguinte verba: «xornadas» e ...

Emenda nº 10, de substitución:

Débese substituír o texto o punto 2.2. polo seguinte: «2.2 Prestar axuda técnica ás empresas co obxectivo de:

a) Favorecer a eliminación da infrarrepresentación laboral feminina coa finalidade de posibilitar a participación das mulleres nos ámbitos laborais e empresariais tradicionalmente ocupados por homes.

b) Facilitar a implantación voluntaria ou imposta en convenio colectivo de ámbito superior á empresa de medidas concretas de promoción da igualdade, incluíndo accións de responsabilidade social, en especial a vixilancia da valoración de postos de traballo e da estrutura salarial e extrasalarial.»

Emenda nº 11, de substitución:

Débese substituír no punto 2.4, a seguinte expresión: «proporase a revogación das axudas e o seu reintegro», por: «proporanse as medidas correctoras oportunas.»

Emenda nº 12, de substitución:

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

«3. Intensificar a colaboración do CGRRLI coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, para rematar coa represión empresarial exercida contra as mulleres embarazadas ou nais, coa brecha salarial nos convenios de aplicación na Galiza e avanzar na igualdade efectiva no traballo.»

Emenda nº 13, de adición:

Débese engadir no punto 4, despois de “da igualdade”, a seguinte expresión:

«, dende a Educación Infantil, actuando» na...

Emenda nº 14, de substitución:

Débese substituír o texto do punto 5 polo seguinte:

«5. Diseñar políticas activas de emprego dirixidas ás mulleres do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro, implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral no seu entorno.»

Emenda nº 15, de substitución:

Débese substituír o texto do punto 6 polo seguinte:

«6. Redactar e difundir un monográfico sobre a discriminación salarial e laboral por razón de xénero cada 22 febreiro, Día para a igualdade salarial entre mulleres e homes.»

Emenda nº 16, de adición:

Débese engadir no punto 7.2. os seguintes parágrafos:

«Solicitarase tamén a participación de todas as empresas que traballen para a Administración galega a través de contratos, concertos ou convenios e ás que reciban subvencións.

Solicitarase ademais información adicional sobre postos de traballo por xénero, táboa salarial e extrasalarial, medidas de protección á maternidade, medidas contra o acoso no traballo, etc.»

Emenda nº 17, de adición:

Débase engadir no punto 7.3. a seguinte expresión:

«e sobre calquera discriminación por razón de xénero detectada.»

Emenda nº 18, de adición:

Débase engadir no punto 7.4. a seguinte expresión:

«as situacións de discriminación por razón de xénero detectadas e as medidas correctoras recomendadas.»

Emenda nº 19, de adición:

Débase engadir no punto 8.

, despois de “creación de empresa” a seguinte expresión:

«axudas económicas en I+D+i,»

Emenda nº 20, de adición:

Débase engadir no punto B) 1. o seguinte texto:

«actuando decididamente contra as causas estruturais que están detrás da fenda salarial, dende a feminización do emprego a tempo parcial ata a infravaloración social do traballo en actividades produtivas feminizadas.»

Emenda nº 21, de adición:

Débase engadir un punto C) co seguinte texto:

«C) Derrogar o Real decreto lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral e todas as normas que desregularon e precarizaron as relacións laborais.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marián García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Poñer en marcha un plan de igualdade no emprego en Galicia, co propósito de promover a inserción laboral efectiva das mulleres galegas, que deberá ser presentado e debatido cos axentes sociais.

— Apoiar de xeito técnico a implantación de plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas galegas.

— Poñer en marcha novas actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino.

— Intensificar a labor da Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, contra a fenda salarial e pola igualdade efectiva no traballo.

— Realizar un estudo sobre a fenda salarial en Galicia e remitilo ao Parlamento de Galicia para que sexa estudado na Comisión non permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres aos efectos de debatelos e propoñer as medidas oportunas.

— Manter ante o Goberno de España a demanda unánime de este Parlamento no Pleno do 27 de decembro de 2016 de solicitar ao Goberno de España unha lei de igualdade retributiva entre homes e mulleres que garanta de forma real efectiva a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos de acceso, formación, promoción e conciliación que o dificultan. Solicitar, asemade, que esa futura lei inclúa a regulación da figura do «mobbing maternal», protexendo a maternidade desde un punto de vista laboral.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas.

Permítanme que, en primeiro termo, traslade a solidariedade do Grupo Socialista cos traballadores e traballadoras de Pescanova, que están estes días a pasar uns duros momentos, a nosa solidariedade, o noso apoio e, dende logo, que imos estar ao seu carón nestes difíciles momentos. (Aplausos.)

Este mes, señorías, cúmprense dez anos de dous fitos históricos, da aprobación de dúas leis importantísimas para o noso país: a Lei de igualdade, aprobada baixo o goberno do señor Zapatero, e a Lei de igualdade no traballo, baixo o goberno do señor Touriño. Dúas leis importantísimas que nos permitirían avanzar na empregabilidade das mulleres e en rachar ese teito de cristal e loitar contra a precariedade laboral se non fose porque o Partido Popular, cando chegou ao Goberno, tanto en Madrid coma en Galicia, se dedicou a crioxenizalas e a deixar orfas de orzamento estas dúas materias.

Aquí, á fin e ao cabo, señorías, a pesar do que escoitamos hoxe pola mañá, vimos falar de política. E, por iso, segundo as políticas que se poñan en marcha e segundo como se lexisle, pódese ser unha fábrica de creación e consolidación de dereitos, como foron os gobernos do

Partido Socialista, ou pódese ser unha máquina destrutora ou mesmo un desguace de dereitos, como foron as políticas do Partido Popular para este país; e, en concreto, cando falamos de igualdade.

Hoxe imos comezar a tentar revertir esta situación cunha moción moi completa. A verdade é que non creo que teña tempo de desgranar todos os seus puntos. Intentareino na medida do posible. Esta moción é o resultado da interpelación que se substanciou no anterior pleno. Recordo que aquel día comecei a miña intervención facendo mención a un eurodeputado que consideraba que as mulleres cobramos menos porque eramos máis débiles, máis pequenas e menos intelixentes. Eu inxenuamente dicía que estaba convencida de que non ía escoitar isto aquí. Ben, pois ese mesmo día, a menos de media hora desta Cámara, un alcalde, o alcalde de Noia, insultou, faltou ao respecto, a todas as mulleres deste país. Hoxe mesmo sorprendíanos e indignábanos máis comparando o seu machismo, o machismo do Partido Popular, con algo tan senlleiro e tan bo como é a retranca galega. Nada ten que ver o machismo coa retranca, señorías, son dúas cousas completamente diferentes e mesmo antagónicas. *(Aplausos.)*

Pero, como lles dicía, imos á moción en si.

O primeiro punto é a necesidade de poñer en marcha un plan de emprego. Nós consideramos que é importantísimo incorporar as mulleres inactivas e paradas. Hai que ter en conta que dende que o Goberno do señor Feijóo chegou se perderon 32.900 asalariadas en Galicia. E todos os datos que vou dar nesta intervención son do IGE, do último trimestre do 2016, non son datos do Partido Socialista.

Hai que incrementar a calidade e a seguridade no emprego. As mulleres agora mesmo en Galicia temos unha parcialidade catro veces superior á dos homes, que xa non é pouca nestes tempos. Hai que reducir as desigualdades en razón de sexo na incorporación a determinados sectores. Así como, por exemplo, no dos servizos, un sector cunha gran precarización, somos maioritarias, noutros, como a construción, só 8 de cada 100 persoas son mulleres, unha porcentaxe baixísima. Hai que reducir a fenda salarial: hai unha diferenza anual de case 5.000 euros ao ano de media entre o que cobran os homes e as mulleres neste país. Hai que fomentar o emprendemento, apoiar os sectores con alto índice de presenza feminina, e potenciar a conciliación. Si, porque os datos dinnos que o 90 % das persoas que piden, por exemplo, excedencia por coidado de fillos ou fillas seguen a ser mulleres.

Urxe este plan de igualdade, urxe porque o Goberno do Partido Popular soterrou o plan do señor Touriño, do malo malísimo Goberno bipartito, e por iso queremos que se poña en marcha de maneira urxente neste primeiro semestre do ano 2017.

Hai que apoiar tamén os plans de igualdade non soamente de xeito técnico, hai que facelo tamén de xeito económico. Nós non pretendemos que eses incentivos sexan regalos, nós o que pretendemos é que sexan apoios, apoios importantísimos. E sabemos que non garanten que haxa igualdade en moitas empresas. Temos o caso que ten traído aquí a señora Prado Cores en numerosas ocasións, que quero mencionar, que é o de Nelida Pisco. Foi unha muller

que foi unha das primeiras condutoras de autobús que houbo en Galicia, unha muller que a pesar de que tivo un plan de igualdade nesa empresa non serviu para librala do *mobbing* e do acoso laboral ao que a someteron.

O control débese intensificar tamén por parte da Inspección de Traballo, unha Inspección de Traballo que debe colaborar coa Xunta de Galicia cunha fiestra única para a recepción de consultas e de denuncias.

Miren, señorías, o ano pasado liamos nun medio de comunicación —e pido desculpas de antemán polas verbas pero están publicadas nun medio de comunicación, non son desta deputada— un anuncio onde se requiría unha camareira para Ordes: «*Se necesita camarera para bar de pueblo a una hora de Santiago y a quince minutos de Arzúa y Ordenes. Imprescindible chica trabajadora, responsable, guapa y un poco puta*». Isto, señorías, está publicado nun medio que ten bastante tirada, un medio importante deste país. O que quere dicir é que, se a nivel público se visibiliza ese machismo, imaxinen... —encántame que haxa algunhas deputadas do Grupo Popular ás que isto lles faga graza—.

Establecer unha fiestra única é importantísimo para a conxunción desas denuncias e para facer consultas tamén. Pois, con estes datos, a Inspección de Traballo fixo nesta comunidade autónoma 34 actuacións.

Hai que potenciar a integración tamén na formación profesional. Hai que priorizar nas políticas activas de emprego a situación das mulleres do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro. E, señorías, aínda que teño pouco tempo, permítanme que me deteña aquí. As mulleres son neste sector o 28,6 % soamente, nunhas condicións precarias. E hoxe quero falar aquí de Magdalena. Magdalena é unha mariscadora da ría de Pontevedra á que, despois de amputarlle un peito —a mama dereita, en concreto— e en contra do criterio da súa médica de cabeceira e da súa oncológa, a Seguridade Social lle deu a alta; unha muller que está traballando oito horas sacando ameixas da auga, nunhas condicións precarias, con moitísimas dificultades de movemento, sen que lle importe nin á ministra de Sanidade, que xa recibiu o seu requirimento por parte do Defensor do Paciente, nin a este goberno. Parece que non lle importa a ninguén. E hoxe si que queríamos lembrarnos dela, e pedir tamén que, por favor —agora que non hai ninguén do Goberno aquí—, se tomen cartas neste asunto e que en todo caso se poñan en contacto co Goberno de España para intentar solventar esta situación.

A pesar da visibilización que teñen casos como o de Magdalena, segue existindo un certo negacionismo. E, polo tanto, é necesario seguir investindo e contando o que está acontecendo, como, por exemplo, na fenda salarial, e en realizar un esforzo para publicacións, un esforzo para difundir monográficos —por poñer un exemplo, o día 22 de febreiro, que é o Día para a Igualdade Salarial entre Homes e Mulleres—. Hai unha fenda tamén para ascender, cun teito de cristal que se transformou para moitas mulleres deste país nun teito de formigón, señorías, imposible de rachar, imposible de romper. O 65 % das empresas nesta comunidade autónoma non teñen ningunha directiva incorporada. É necesario e temos que seguir, polo tanto, sendo vixiantes coa composición dos consellos de administración das empresas, apostando polo empresariado feminino.

Unha parte moi importante da política laboral neste país aséntase no Goberno de España, e, polo tanto, tamén queremos poñer deberes para mandar a Madrid. Xa sabemos que hai un acordo nesta Cámara a respecto de instar o Goberno de España sobre a Lei de igualdade salarial. Non sabemos se quedou de camiño polo Padornelo ou chegou definitivamente a Madrid. Esperamos que si.

Hai que seguir avanzando, e non podemos quedar estancados en propostas que xa se aprobaron nesta Cámara. Hoxe queremos ir un paso máis aló e falar tamén, ¿por que non, señorías?, da distribución social dos traballos domésticos e, dunha vez por todas, do recoñecemento do *mobbing* maternal, o desas mulleres que polo simple feito de ser nais están sufrindo a discriminación nos seus postos de traballo.

Como lles dicía ao principio da miña intervención, señorías, as leis deixámolas feitas os socialistas antes de marchar do Goberno de España e do Goberno da Xunta de Galicia, malia que a algunhas deputadas do Partido Popular, aínda que se benefician delas, non lles gustan, seguen sen gustarlles. Só pretendemos agora adoptar as medidas precisas para chegar ao cumprimento das mesmas, para chegar ao cumprimento último, que debe ser no eido laboral, da igualdade entre homes e mulleres.

E máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde.

En primeiro lugar, quero dicirlle, señora Blanco, que si imos apoiar a súa iniciativa, aínda que non acepte ou non transaccione as múltiples emendas —en realidade máis que unha— que fixemos. E ímolo facer porque concordamos na necesidade de que os poderes públicos exerzan as súas competencias en materia de promoción da igualdade no eido laboral.

Sabemos que, como vostede mesma expuxo, que se aprobe ese plan de emprego non vai ser suficiente. Mais vai ser un punto importante. E do que se trata é de cumprir unha lei que o propio Parlamento aprobou. Ademais, é fundamental porque a realidade segue sendo a desigual distribución do traballo, e estamos falando tanto do traballo asalariado como dos tempos usados para as tarefas do fogar, esas tan esquecidas e tan feminizadas, e tamén da persistencia —e aquí queremos resaltar isto— de limitacións á plena incorporación en igualdade da muller ao ámbito laboral.

Resaltamos isto porque nos parece importante resaltar que na chamada fenda salarial o que existen son unhas causas estruturais que a provocan, e por aí vai o sentido dunha emenda nosa.

Queremos tamén resaltar, como sempre o facemos nesta tribuna cando falamos de desigualdade salarial, que o mantemento da fenda salarial, da fenda das pensións, ou da fenda na repartición dos tempos de coidados e traballo domésticos —remunerados precariamente ou

sen remunerar —, ambas fendas, o que están a traducir é a mensaxe social de que as mulleres valemos menos. Isto envalentona a certas persoas a pensar que a retranca galega é facer chistes machistas. Se imos ao profundo, isto está na raíz das múltiples violencias machistas.

En fin, non vou xa entrar nos datos, que xa foron suficientemente desgranados, simplemente digo que todos estes datos, todos estes indicadores que son negativos para as mulleres respecto... *(Murmurios.)*

É moi difícil falar aquí, en serio. *(Murmurios.)*

Ben, dicía que todos estes datos do diferencial negativo das mulleres en canto a salarios o que fai é redundar na feminización da pobreza, na figura da pobreza salarial... *(Murmurios.)*

Vou seguir falando aínda que non me entero do que digo. *(Murmurios.)*

Simplemente un dos datos que quería resaltar é que, segundo un estudo da CIG... *(Murmurios.)*

¿Darame un minuto máis? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

¡Silencio, por favor!

Imos seguir co tema. Prosiga.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio, por favor!

A señora VÁZQUEZ VERAO: Perdón, eu estou sendo respectuosa.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Romero, por favor, silencio. *(Murmurios.)*

Non, non, pero non estamos para debater con el. Está no uso da palabra a señora Vázquez Verao, e imos respectalo.

Silencio.

Prosiga.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Crin escoitar desta banda un insulto, agardo que non fora así.

Ben, segundo un estudo da CIG, na actualidade —xa o resaltou a señora Noela Blanco — hai menos asalariadas que en 2009, e en todos os tramos de ingreso, pero sobre todo nos

máis baixos. Do que resulta que o 20 % das asalariadas galegas ingresan menos da metade do SMI. Quería resaltar este dato porque estamos falando continuamente de feminización da pobreza. E isto, ademais —a pobreza laboral durante a vida—, no que redunda é en que haxa mulleres anciás pobres. As mulleres maiores do noso país son das máis pobres do Estado. Redunda tamén en que as familias monomarentais son dos colectivos máis vulnerables, coa metade delas en risco de pobreza. Redunda tamén en que as mulleres con diversidade funcional teñen de por si unha taxa de actividade inferior ao resto das persoas con diversidade funcional. As mulleres teñen unha situación de gran vulnerabilidade.

En fin, que concordamos na necesidade de facer medidas que fagan que esta fenda desapareza. Concordamos tamén no tema dos estudos. A nós parécenos moi importante que os organismos, por exemplo o CES e o Consello Galego de Relacións Laborais, fagan eses estudos, actualicen o que hai, de hai dez anos, sobre a situación sociolaboral da muller en Galicia. E por iso nos opuxemos e rexeitamos os orzamentos que lles quitaban recursos.

As emendas que nós presentamos van no sentido de enmarcar ese ámbito galego, o acordo que houbo dende o Parlamento de que sexa o Consello Galego de Relacións Laborais quen medie para que se tomen acordos para que no noso país se acade a igualdade salarial efectiva no 2020. Remarcamos tamén a necesidade de introducir criterios claros de igualdade nas cláusulas de contratación de servizos —non volvemos sacar aquí o sangrante caso de Nélica Pisco, que tantas veces ten traído a señora Prado—. E tamén remarcamos a necesidade —este é simplemente un matiz, pero é importante—, en lugar de apoiar os sectores con alto índice de presenza feminina, de promover que nestes sectores haxa unha mellora salarial e unhas condicións laborais dignas, porque son dos máis precarizados.

En fin, as emendas están presentadas, non as vou desgranar, pero simplemente quero resaltar catro ideas, que son: a primeira e fundamental, actuar contra as causas estruturais —por iso incluimos aí ese matiz na Lei de igualdade salarial—; é fundamental tamén o papel do Consello Galego de Relacións Laborais; e tamén nós incluimos a necesidade de derogar o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e todas as normas que desregularon tamén no pasado e precarizaron as relacións laborais, porque, evidentemente, nun contexto de tal situación normativa do emprego é imposible acadar non só a igualdade salarial, senón ter unhas condicións laborais dignas.

Pero, en fin, desexámoslle sorte na transacción da iniciativa co resto dos grupos e co Partido Popular, porque por nós non vai ter problema en aprobala. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tardes.

Señorías, presidente.

Sorpréndennos as palabras da representante do Partido Socialista cando creo que levamos toda a tarde intentando chegar a un consenso en materia de igualdade, e en materia de igualdade laboral para homes e para mulleres. E que nos descualifique dicindo que o Partido Popular é un partido machista, creo que... (*Murmurios.*) Esperamos que retire as súas palabras; se non, non podemos chegar a un consenso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non as vai retirar? Bueno, pois é unha pena que realmente o que nos trae aquí, que ten que ser o ben común, desmereza totalmente o noso traballo, o seu traballo e o traballo de todos, que é a igualdade con maiúsculas en todos os ámbitos, tanto na violencia machista como no ámbito laboral, educativo ou en calquera ámbito da sociedade, que ese é o noso traballo, o noso traballo aquí e o noso traballo en común, o que debemos traer a esta Cámara. Unha pena. (*Aplausos.*)

Non quero cambiar o traballo da miña intervención a pesar das palabras da representante do Partido Socialista. Hoxe non é o día só da poesía, tamén é o Día Mundial da Síndrome de Down. O 51 % das persoas afectadas son mulleres, e tamén no ámbito laboral sofren un peor dato que os homes. Por suposto, imos traballar arreo non só por toda a sociedade, senón tamén polas mulleres que están nesta situación e que sofren esta doenza da síndrome de Down.

E xa indo ao contido da súa moción, non podo especificar cada un dos oito puntos que traía coas diferentes medidas que presenta, xa que o tempo é limitado, pero o que si quero é, unha vez máis, amosarlles o interese do Partido Popular en traballar xuntos para acadar o fondo da súa proposta, propoñendo outra forma ao fondo de traballo conxunto polo ben común, como dicía. Dende o Grupo Popular, seguimos a crer que a política de igualdade é demasiado importante para facer dela unha arma de loita partidista, e debemos xestionala dende o consenso. (*Aplausos.*) Por iso, tras unha análise dos puntos da súa moción, vemos que algúns deles xa se están facendo, outros faranse dun xeito inminente e outros poden ser obxecto de debate na Comisión de Igualdade deste Parlamento.

Por iso presentamos esta emenda, que cremos, seguimos crendo, que recolle o esencial, o que nos une, e que pode servir de base para un traballo común. Non cesaremos nese empeño.

O Grupo Popular coincide en moitos ámbitos cos diferentes partidos e na necesidade de elaborar un plan de emprego feminino. Xa o anunciou o presidente e o conselleiro. E coincidimos en que ten que ser debatido cos axentes sociais. Iso si, ao ser debatido cos axentes sociais non pode ser un texto cerrado, senón que é aberto e está cheo de propostas e de aportacións.

Coincidimos en apoiar desde a Xunta a posta en marcha de plans de igualdade nas empresas, pero nas pequenas e medianas empresas, non como propoñía no pleno pasado o Bloque Nacionalista Galego, que quería apoiar as grandes empresas, que xa teñen que implantar ese plan de igualdade por lei. A Secretaría Xeral de Emprego concedeu o pasado ano máis de 500.000 euros en axudas á elaboración e implantación de plans de igualdade e á conciliación. Este ano haberá novas axudas e incrementarase o presuposto nun 26 % para as certificacións de plans de igualdade nas empresas galegas, para teletraballo e para a flexibilidade laboral.

Tamén coincidimos en que hai que apoiar o emprendemento feminino. E o proxecto OMEGA é o mellor exemplo deste traballo, con 1.300.000 euros para este ano no seu orzamento, e houbo un aumento do 60 % no ano 2016.

Señorías, poderíamos falar aquí de moitos acordos truncados, como foi no mes de decembro a proposta de En Marea. As boas ideas aceptámolas sempre, veñan de quen veñan, pero a realidade é que nós na anterior lexislatura aprobamos nesta Cámara unha lei que perseguía ese *mobbing* maternal nas concesionarias públicas, e vostedes non o apoiaron. Tamén puxemos en marcha un programa de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero que na pasada lexislatura tampouco apoiaron. Pero non imos falar aquí de acordos truncados e imos mirar cara ao futuro e falar de acordos. E, por suposto, dende o Partido Popular non imos converter os debates de igualdade en recriminacións partidistas nin en loitas de posturas de máximos. Por suposto, seguimos traballando en conxunto —é o que pretendemos— con todas as forzas políticas para chegar a acordos e para chegar ao fin que nos une, non a aquilo que nos separa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Eu vou empezar reivindicando que a ideoloxía existe, afortunadamente, e que estamos nun parlamento onde confrontamos ideas e ideoloxías. E, evidentemente, a desigualdade entre homes e mulleres e as desigualdades sociais non son unha maldición bíblica, non son inevitables; senón que son consecuencia de políticas levadas a cabo e son consecuencia de posicións ideolóxicas. E, dende logo, aínda que podemos coincidir nalgunhas cousas, a posición ideolóxica do BNG e do Partido Popular en igualdade de xénero tamén está a moita distancia, lamentablemente.

Bueno, estamos agora a debater unha iniciativa presentada polo Partido Socialista moi ampla, moi pormenorizada, á que o BNG non lle presentamos emendas. Aínda que hai aspectos nos que non coincidimos ao cen por cento, entendémola como unha chamada de atención sobre todo o que está por facer; o que está por facer na teoría e logo tamén na práctica, porque non chega con poñer as cousas no papel, non chega con aprobar medidas lexislativas, senón que logo hai que levalas á práctica. E a práctica é a dificultade de moitas mulleres para poder desfrutar ou poder exixir os dereitos recoñecidos no papel.

E xa que saíu aquí en dúas ocasións —nomeado por dúas deputadas que me precederon— o caso de Nélica Pisco, pois vou facer referencia a el máis unha vez. Porque é un caso clarísimo de acoso laboral, un caso clarísimo condenado nos xulgados, un caso clarísimo de inspeccións laborais onde se reconece esta situación de dereito laboral, e un caso clarísimo onde a Xunta do Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, non ten movido nin un só dedo para defender a posición desta traballadora que se ve acosada por unha empresa que ten contrato administrativo coa Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Co cal, de querer, o Partido Popular ten instrumentos para poder actuar, ten o instrumento de ter un contrato. E, ademais, ten o instrumento político de dicirlle a unha empresa que non pode ter este tipo de comportamentos. Pero, lonxe de ser así, vimos aquí con soflamas de que a igualdade non é unha cuestión partidista, de que coa igualdade non se pode facer política. Mais o Partido Popular o que

fai coa igualdade é poñela no papel, vir aquí reclamala, pero logo non facer nada para que as mulleres a poidan exercer.

E a situación do mercado laboral de Galiza caracterízase por importantes desigualdades por razón de xénero. Podemos dicir, sen ningunha dúbida, que estamos falando dun mercado laboral de mulleres precarias, un mercado laboral onde a feminización da pobreza e da pobreza laboral é unha constatación. A pobreza en Galiza ten faciana de muller. Abordámola noutras ocasións, abordámola na situación das familias monomarentais, abordámola na análise da situación do coidado de persoas dependentes, no coidado de nenas. É un mercado laboral caracterizado pola inactividade, polo desemprego, pola eventualidade, polo emprego a tempo parcial, pola fenda salarial, pola economía somerxada, polos infrasalarios. Estas non son palabras ocorrentes, son palabras que reflicten a realidade laboral das mulleres en Galiza.

E a crise non fixo máis que agravar xa a precaria situación laboral de partida, antes do 2008 e da crise. As mulleres non traballan en igualdade de condicións que os homes, cobran menos e hai unha repartición desigual, desequilibrada, na atención das responsabilidades laborais. Máis do 90 % da poboación galega que traballa a tempo parcial para coidar as familias son mulleres. Evidentemente, isto non é casualidade. Temos menores taxas de actividade e de ocupación, máis paro e menores salarios.

Dicía eu antes que a crise non mellorou para nada esta situación. E un dos poucos indicadores que non variou ao longo da crise é precisamente a fenda de xénero no mercado laboral. Os homes galegos cobran de media máis de 4.000 euros máis que as mulleres. Podemos seguir facendo análise de datos e todos darían unha situación de desvantaxe clarísima das mulleres con respecto aos homes; un mercado laboral precario que ten como consecuencia logo que á idade de xubilación teñamos tamén uns datos de xubilación realmente alarmantes. Só o 1,4 % das mulleres cobran a pensión máxima de xubilación. Isto é consecuencia dun mercado laboral realmente tremendo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E isto, dende logo, non fai máis que empeorar. Hai peores ingresos e máis paro. E, dende logo, un dato co que quero rematar é que en Galiza hai menos mulleres ocupadas, e sobre todo hai moitas menos mulleres mozas ocupadas. Aumentou o número de mulleres de máis de 55 anos ocupadas que pasaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—e remato, presidente— a facer eses traballos. Pero a desgraza da emigración fai que en Galiza a porcentaxe de mulleres novas ocupadas baixara dun xeito alarmante. Co cal apoiámos esta iniciativa, porque cremos que hai que tomar medidas e tomalas non só no papel...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Prado.

A señora PRADO CORES: ...senón tamén na práctica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción.

Señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Por comezar polo Bloque Nacionalista Galego, agradézolle, señora Prado Cores, a súa disposición. Eu sei que hai puntos en concreto que non comparten ao cen por cento; pero si que é certo que é unha declaración de intencións. É, como vostede dicía —se non me equivoco—, unha chamada de atención. Co cal agradezo o seu apoio.

Agradezo tamén a presentación das emendas do Grupo de En Marea. Eu creo que máis que nada son cuestións lingüísticas nalgúns casos, pero eu creo que imos ser capaces tamén de transaccionar algunhas cuestións.

A respecto da señora García Míguez, mire, isto do ben común, da paz do mundo, do buenismo, está moi ben, señoría, pero é que isto é un parlamento, ¿entende? E a un parlamento véñse facer política, véñse discrepar, (*Murmurios.*) véñse falar de diferentes ideoloxías. (*Murmurios.*) E aínda que vostede e mais eu sexamos quen de transaccionar, iso non quere dicir que as políticas en materia de igualdade do Partido Popular teñan nada que ver coas do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Iso o que quere dicir, señoría, é que somos capaces de ceder, que somos capaces de dialogar, que somos capaces de facer política con maiúsculas, que entendo que é algo que os cidadáns e as cidadás, sobre todo, agradecerán.

Mire, eu vou seguir dicindo aquí, fóra e onde faga falta que o Partido Popular é permisivo co machismo mentres haxa un presidente da Deputación de Ourense que se chame Baltar, (*Aplausos.*) e mentres haxa un alcalde de Noia que fai declaracións como as que fixo o outro día. (*Aplausos.*) Por suposto que si, señoría. (*Aplausos.*) E vostede, como muller, ten na súa man tamén presionar dentro do seu partido para que nos respecten a todas as mulleres, tamén ás do Partido Popular. (*Aplausos.*) Únanse a nós, señorías, únense a esta loita. (*Aplausos.*)

Ben, vostedes están fiando a aprobación de todas as iniciativas en materia de igualdade a esa comisión que se formou, que nós consideramos que é importantísima. Pero o Pleno do Parlamento, este hemiciclo, está para debater, está para tomar acordos, e é por iso polo que nós imos intentar chegar a un entendemento —e, repito, sendo diferentes, sendo diferentes, señoría—. Diso se trata nos acordos precisamente, de limar aquelas cuestións nas que se é diferente e sumar naquelas nas que se é igual.

Ben, este Plan de igualdade é urxente —e volvo repetilo, porque vostede o que fixo basicamente foi ler a nota de prensa do 10 do 3 do 2017, que é a mesma que a do 23 do 7 do 2016, que é a mesma que a do 10 do 4 do 2015—. É dicir, o Plan de igualdade lévano prometendo un montón de tempo, e resulta que o tiñan tan sinxelo como coller este —eu pásollo para

que llo pase ao Goberno, ao señor conselleiro, que está aquí—. É o Plan de igualdade do señor Touriño, e está ben, en serio, de verdade que llo prometo. Bótenlle un vistazo, intenten copiar algo de aquí, que a nós non nos importa. Aínda que non o puxeran en vigor, intenten facer un corta-pega de algo que nós imos apoiar, iso non o dubiden. *(Murmurios.)*

Agradezo á Cámara o retraso da votación...

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdón, é que hai un error, porque non vai ser aceptado iso.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ¿Non vai ser aceptado?

O señor PRESIDENTE: Non vai ser aceptado o da votación. Iso tamén é consenso dos grupos, o de aprazalo para mañá, e non hai consenso niso.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Vale, vale.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio. Xa está falado. Está este asunto aclarado. Polo tanto, remate.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Aquí vese claramente que ao Partido Popular non lle gusta escoitar verdades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Blanco.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

Imos votar.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra.

Hai unha transacción á que chegou cos grupos —se vostede non ten inconveniente léoa eu— que di: «Asegurar no plan funcional que o actual Hospital Provincial manterá o seu carácter

de equipamento público e que terá uso sanitario».

Votamos con esta emenda transaccionada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción.**

Teño entendido que se acepta o punto 1 e 3 da emenda do Grupo Parlamentario Socialista e o punto 1 da emenda de En Marea. Acéptase tamén a votación por puntos. Entón votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Entón votamos, en primeiro lugar, o punto 3 separado; e despois o resto dos puntos.

Votamos o punto 3.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación do texto transaccionado, agás o punto 3, da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes.

Xa manifestou que a emenda de En Marea a aceptaba, pero temos que coñecer a emenda do Grupo Parlamentario Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois entón, ¿cales son os puntos que acepta de En Marea?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: O 1, o 3, o 4, o 5, o 9, o 13, o 14, o 15, o 16, o 17, o 18 (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) e o 20. A emenda de substitución do Partido Popular non, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, tal e como acaba de explicar en concreto, que son os puntos que acaban de ser aceptados pola deputada do Grupo Socialista.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Terminaron as votacións das mocións.

Pasamos ao punto 3º, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergatiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

Nós entendemos, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que, malia as múltiples e evidentes diferenzas que temos os grupos aquí representados arredor do sector bancario, hai dúas evidencias nas que pensamos que deberiamos estar de acordo. Dunha banda, a obviedade de que en pleno século XXI, para desenvolver a vida persoal e profesional, é imprescindible tanto ter unha conta bancaria como desenvolver operacións bancarias, aínda que sexan de diferente nivel. Por outra banda, que é obriga deste Parlamento legislar para velar por garantir os dereitos das persoas consumidoras.

Polo tanto, partindo destas dúas premisas obxectivables e que entendemos como indiscutibles, se sumamos estas dúas cuestións, entendemos que o lóxico é que, nun momento como o que vivimos, no que os abusos bancarios están máis que constatados, as administracións deben responder con todas as súas posibilidades, e, polo tanto, á Xunta de Galiza correspóndelle executar ao máximo as súas competencias en materia de consumo para favorecer, para as persoas usuarias, un servizo elemental como é o bancario de forma controlada e no que se garantan os seus dereitos.

Nos poucos meses que levamos desta décima lexislatura, xa tivemos que falar aquí de grandes calotes como o das cláusulas chan, cun resultado, ademais, insatisfactorio para unha parte deste Parlamento por ser a resposta un mero decreto palla que facilita máis o traballo dos bancos e o seu camiño que o das persoas afectadas. Ou como as preferentes, unha estafa cunha grande afectación no noso país, na que algunhas persoas dabamos case por rematados eses capítulos e tivemos que ver como de novo o Congreso vetaba unha lei galega votada por todos os grupos desta Cámara; unha lei que ademais estivo secuestrada e que impulsara inicialmente o grupo parlamentario que eu represento, conseguindo un apoio unánime xa no 2014. Pero, como vemos, en pleno 2017 esa lei que buscaba xustiza segue sen desenvolverse e ese calote aínda segue pendente de resolución para máis de 10.000 galegos e galegas.

Vemos con situacións como estas dúas que acabo de describir como fallaron os organismos reguladores —hai que recoñecelo— e fallaron tamén as administracións nas súas respostas. A todo isto hai que engadir abusos cotiáns doutra intensidade que calquera persoa, como

usuaria ou usuario dun banco, adoita sufrir, como comisións abusivas ou novas tipoloxías de produtos, como seguros de vida, seguros de enfermidade etcétera, moitos ligados de forma obrigatoria a préstamos ou transacción bancarias, e moitos outros inoculados a través dun forte márketing.

Entón, nós preguntámonos: de todo isto que vivimos nestes últimos anos, ¿que foi o que aprendemos e que foi o que se corrixiu? Nós entendemos que os numerosos abusos e as súas correspondentes sentenzas, lamentablemente, non supuxeron un cuestionamento do sistema bancario, non supuxeron unha corrección na política comercial das entidades bancarias nin un maior control por parte dos poderes públicos. Ademais, neste contexto entendemos que están a operar diferentes cambios e que xa as persoas expertas indican como a actividade bancaria está mudando; os bancos están a pasar de ser provedores de servizos a ser colocadores de produtos, e o sistema non aplica as normas e os recursos suficientes para evitar novos enganos masivos.

Ademais, estamos ante un contexto que adquire cada vez unha complexidade maior. As persoas consumidoras están ante esa complexidade nunha situación de vulnerabilidade, e no noso país ten outros factores que fai que sexa maior.

Dunha banda, as características da poboación. Unha poboación moi envellecida e que ademais, nalgún caso, se atopa distribuída no territorio de forma moi dispersa e, en moitos casos, no rural; un rural con cada vez menos servizos e menos recursos aos que acudir.

E tamén outro agravante é a situación económica, que acrecenta a vulnerabilidade de moitas persoas, que se ven obrigadas a relaxar o seu grao de exixencia ante as propostas que fan os bancos por atoparse en necesidade de ingresar determinada contía de diñeiro ou de ter algún servizo deste tipo. De feito, esta situación está chegando a tal punto —e non só no Estado español— que expertos internacionais tamén alertan de como se está a estabilizar un risco de exclusión financeira, polo cal, persoas con pouca capacidade económica son obxecto de abusos en canto a comisións e outro tipo de cuestións por parte dos bancos para que desistan como cliente porque non lles interesa, porque lles interesa outro perfil.

Todo isto dáse, ademais, nun marco de baixos xuros que facilita que esas entidades financeiras poidan colocar produtos a persoas sen coñecemento financeiro, que asumen maiores riscos porque teñen unhas necesidades —como digo— máis acuciantes. Pasa o mesmo co crédito. Un contexto coas restricións tan fondas que existen fai que as persoas estean dispostas a asumir condicións peores.

Tamén de forma indirecta, pero asociadas a este tipo de servizos, están a producirse novos tipos de estafas. Por exemplo, recentemente, unha organización de consumidores estatal, Facua, denunciou o crecente número de estafas telefónicas ao fío, precisamente, da reclamación das cláusulas chan; unha estafa na que se chamaba á xente para indicarlle que era unha persoa afectada por esta cuestión e logo tiñan que chamar elas propias a teléfonos de tarificación adicional.

Como digo, con diferente intensidade pero novos riscos, novas incertezas e novos factores ante os que a Administración non responde. Hai cousas que variaron moito despois da crise;

unha delas, por exemplo, as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras da banca, que teñen mudado enormemente e que están sometidos a grandes presións para colocar produtos. Polo tanto, hai unha contradición, hai un contraste aí entre quen ten que colocar o produto e quen o ten que recibir. E máis aínda, estanse dando cuestións graves como que agora os traballadores e traballadoras teñan que asumir a responsabilidade penal destes produtos, cando faltan os mecanismos de regulación europeos que o Estado español aínda non traspuxo de forma enteira para o país.

Todo isto nun contexto de falta de claridade e ausencia de datos do que xa ten alertado, por exemplo, a CNMV, que colocou até case 180 persoas facéndose pasar por usuarias para visitar distintas entidades bancarias en diferentes cidades e testar como estaba sendo esta relación de transaccións.

Como digo, todo este contexto xera moita inseguridade, inseguridade lóxica nas persoas usuarias, e desde a Administración pública entendemos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que temos que facer un alto no camiño, cuestionar aquelas ferramentas que non funcionaron até agora, ver como podemos facer que melloren e tamén aumentar os recursos naquelas das que xa nos temos dotado, por non entrar xa noutros debates máis ambiciosos dos que xa temos dado cumprida conta nesta Cámara.

Ao longo destes anos —tamén é certo, e hai que recoñecelo—, grazas a numerosas demandas colectivas, individuais, de colectivos afectados, e a toda esa inqueda social, foise pulando por cambios normativos, pero, como comentaba antes, non sempre tiveron unha trasposición suficientemente rápida para o noso Estado. Para mostra un botón: as normativas de carácter europeo elaboradas pola ESMA, como a MiFID II e os regulamentos que a desenvolven, están en moitos casos pendentes desta trasposición, o cal, visto o que temos vivido cando menos nos últimos tres meses, resulta de enorme gravidade.

A toda luz resulta, polo tanto, que é evidente presentarmos novas ideas e novas proposicións para ver que podemos facer. Neste sentido van as nosas propostas. Parécenos que estamos nun momento no que hai que dotar, con base no que xa recolle o propio Estatuto de Autonomía que nos regula e a lexislación vixente, exercitar ao máximo as nosas competencias de consumo a través do Instituto Galego de Consumo e aumentar os seus recursos para que a capacidade sexa maior diante dun escenario cambiante de cada vez máis complexidade, e debater outras cuestións como participar neses organismos de regulación, que non sempre funcionaron no último período e dos que outras comunidades fan parte.

Como despois me estenderei con máis profusión na réplica, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

O Grupo Socialista defendemos firmemente, xa o temos manifestado en varias iniciativas que tamén temos presentado, os consumidores fronte aos produtos financeiros que colocan as entidades financeiras para a súa comercialización. Temos casos tan recentes e tan arripantes como foron as preferentes, as cláusulas chan, as cláusulas abusivas nos contratos bancarios. A colocación de todos estes produtos tivo un denominador común, que foi a opacidade, posto que as persoas que estaban á fronte das entidades bancarias non tiñan información suficiente e clara para poder trasladarlles aos seus clientes, non tiñan o coñecemento financeiro suficiente, non podían facer a avaliación de idoneidade e conveniencia e estaban obrigados a cumprir obxectivos; polo tanto, o que querían era colocar estes produtos aos seus clientes.

Por outra banda, estaban os clientes, que confiaban nas súas entidades financeiras e nas persoas que estaban á fronte: non tiñan formación financeira adecuada nin suficiente para poder entender os produtos que se lle ofertaban e adquiriron este tipo de produtos dunha maneira cega, posto que ninguén lles explicaba o risco. Presupoñían que a súa entidade bancaria lles ofrecía o mellor produto para o cliente e non o mellor produto para a banca. Necesitaban o produto, como no caso das hipotecas, e entendían que as condicións eran inevitables e non eran cuestionables.

A realidade foi un gran número de persoas afectadas con cláusulas abusivas e importantes contías económicas, e naceu unha loita social na que se pedía a solución a un problema de gran calado social e económico.

A crise económica diminuíu fortemente a capacidade económica das familias, facéndoas moito máis vulnerables. Polo tanto, solicitouse aos organismos públicos a súa intervención para establecer un plan específico de apoio ás persoas afectadas, incluíndo mecanismos de información, asesoramento e mediación para que puideran reclamar ante as entidades bancarias; garantir que esta información chegara a toda a poboación e negociar coas entidades bancarias un proceso áxil de devolución das cantidades cobradas indebidamente.

Este movemento social levou a que moitas das persoas afectadas tiveran que acudir aos tribunais, e conseguíronse varias sentenzas favorables, como a de 2013, a sentenza dos 41 de 2013 do Tribunal Supremo, que recollía que as cláusulas chan eran abusivas e, polo tanto, nulas, aínda que non recollía a súa retroactividade. Tivo que ser unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en 2016, a que establecera que as cláusulas eran nulas con todas as súas consecuencias, polo tanto, coa súa plena retroactividade. E outra sentenza posterior, a 705/2015, do Tribunal Supremo, que declara como abusivas unha serie de cláusulas dos contratos bancarios asinados con consumidores.

Polo tanto, nós estamos totalmente de acordo en que o Instituto Galego de Consumo non só debe actuar cando hai situacións de indefensión, senón que cremos que debe ir máis alá; que non debe poñer parches soamente cando aparece un roto, senón que debe adiantarse a situacións futuras e poñer á disposición das persoas mecanismos de asesoramento e mediación, así como mecanismos de control sobre os produtos financeiros e os seus procesos

de comercialización. É dicir, pedímoslle ao Instituto Galego de Consumo que teña proactividade, que sexa proactivo.

Nós estamos totalmente a favor desta PNL, pero solicitamos unha votación por puntos, posto que no primeiro, efectivamente, concordamos totalmente no seu contido, pero no segundo entendemos que a Comisión Nacional do Mercado de Valores é un organismo encargado da supervisión e inspección dos mercados de valores e da actividade de cantos interveñen neles, e, polo tanto, entendemos que debe ser un organismo independente e que os gobernos non debemos participar nel.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Hoxe é o Día da Poesía, o Día do Síndrome de Down, pero tamén é o 14 aniversario do inicio da Guerra de Iraq, e o Partido Popular segue sen pedir perdón catorce anos despois. (*Aplausos.*) Agardo que non se rían como levan facendo toda a tarde, ríndose de temas importantes. Espero que disto, polo menos, non se rían. Xa se riu bastante Esperanza Aguirre e o señor Aznar, que seguen sendo membros e seguen sen asumir responsabilidades por esa actuación criminal. Señor Moreira, ¡criminal!

A guerra baseada nas mentiras do señor Aznar, do señor Bush, etc., custou a vida de centos de miles de inocentes. Non se rían, son vostedes responsables. Estamos agardando que pidan perdón, señores do Partido Popular. (*Aplausos.*) Algún día os responsables serán xulgados por criminais de guerra, por criminais, que é o que son.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vamos á cuestión, señor Sánchez.

Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Isto si que son cuestións importantes e non ao que se dedican vostedes durante toda a tarde, a facer chascarrillos fáciles e a rirse do que din outros compañeiros e compañeiras. Coa, iso si, conivencia da Presidencia do Parlamento de Galicia, que non actúa cando vostedes están facendo barullo e faltando ao respecto e insultando a compañeiras que interveñen aquí. Polo tanto, un pouco de respecto e pidan perdón polas súas actuacións, señores do Partido Popular.

Vostedes tamén teñen outras responsabilidades, ademais da Guerra de Iraq. Tamén son parte vostedes e responsables da estafa que houbo neste país a nivel bancario. Parece que o Partido Popular gobernou uns anos no Estado español. Parece que gobernou a maioría dos anos en Galicia, e aquí pasou algo, ¿verdade, señores do Partido Popular? Aquí, durante anos, non só houbo banqueiros ou prácticas bancarias abusivas, senón que había institucións que tiñan

na lexislación competencias para vixiar eses abusos e non o fixeron, tanto no Estado como en Galicia. E hai casos, ¿verdade?

Hoxe en día hai ata 15 cláusulas, habituais durante os últimos 25 anos, aplicadas ás hipotecas dos cidadáns, que están en cuestión e que están en litixio. Moitas delas xa teñen sentenzas firmes, como son as cláusulas chan, os intereses de demora, os gastos de constitución etc. Custaron diñeiro aos cidadáns, foron estafas millonarias, pero tamén custaron, por exemplo, que moita xente tivese que deixar a súa vivenda, diso tamén teñen parte de responsabilidade vostedes, señores do Partido Popular, e as leis e as normativas que apoiaron, e o deixar facer, je o deixar facer!

Aquí en Galicia temos aínda pasadomañá unha comisión de investigación das caixas de aforros, onde veremos que houbo uns señores que consideraron a súa propiedade Caixa Nova e Caixa Galicia e fixeron o que non deberían de facer: especularon, tomaron decisións en contra do país, utilizaron os aforros dos galegos para os seus negocios... Pero tamén houbo quen ocupando os gobernos galegos non utilizou as súas competencias para vixiar como se utilizaban os aforros dos galegos. E tamén temos os casos das preferentes, das subordinadas, dos produtos complexos, comercializados a minoristas que non tiñan información. Mal comercializados, con falla de información, manipulación etc.

Isto pasou, e podíamos dicir: aquí pasou algo, houbo unha crise, custou sufrimento, custou desafiuzamentos, custou xente desempregada, custou recuperar a moitas persoas; moitas vidas quedaron truncadas por culpa destes que roubaron e dos que lles permitiron que roubaran; pasou algo moi grave neste país. Podíamos dicir: Isto pasou pero non vai volver pasar; vanse tomar as medidas para que isto non pase, ¿verdade? Pois o que estamos vendo é que todo segue igual. As entidades bancarias seguen a comercializar produtos complexos a clientes minoristas que non teñen as condicións para que se lles comercialicen. Iso está a pasar. Comisión Nacional do Mercado de Valores, medidas en relación coa comercialización de contratos Forex e contratos financeiros por diferenzas. Tanto no noso país como noutros países europeos está producíndose unha crecente comercialización entre clientes minoristas, por parte de certos intermediarios financeiros, de instrumentos cada vez máis complexos e arriscados con contratos financeiros por diferenzas.

Ou este informe sobre o cliente misterioso, onde a Comisión Nacional do Mercado de Valores fai unha inspección e detecta os mesmos erros que aconteceron aquí durante anos: a deficiente información, a manipulación e a comercialización de produtos a xente que non está preparada para iso e que non se lle explican os riscos que está correndo investindo o seu diñeiro, cando se lle di que é un investimento seguro e cando no 82 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...dos casos en que quere recuperar o diñeiro perde. ¡Todo segue igual! É máis necesario que nunca que se dote de instrumentos de vixilancia e de control todo este tipo de operacións para que non volva pasar dentro duns anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o que pasou hai ben pouco.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, esta iniciativa foi rexeitada en comisión. Eu pensei que quedara ben argumentado o noso rexeitamento, pero vese que non é así, e para min, obviamente, é terriblemente frustrante, primeiro como deputado, pero tamén como asesor financeiro que intenta trasladar o que aprendeu neses anos sobre o propio sector e sobre como nos afecta aos que traballamos no sector.

Nós pensamos que a súa proposta está ben para que falemos precisamente das garantías do cliente financeiro, pero non engade nada que poida servir para mellorar o control efectivo sobre os produtos financeiros e a súa comercialización. E, segundo, porque nós pensamos que as propostas e cambios impulsados polo Partido Popular si que incrementaron o control sobre os produtos financeiros que se comercializan, mellorou a defensa do cliente financeiro e incrementáronse as garantías, os dereitos a información e os procedementos de comercialización.

A historia coñecémola todos. A caída do famoso Banco de Inversión pola crise das *subprime* e a seguinte crise financeira e económica. E no noso país a comercialización de cláusulas abusivas e de produtos financeiros fixeron que saltaran as alarmas sobre o conxunto do sistema financeiro e a súa solvencia, e tamén sobre os procedementos de comercialización dos produtos financeiros.

Pero tamén saltaron as alarmas sobre o mal funcionamento dos organismos reguladores —algúns están a ser investigados xudicialmente nestes intres pola súa responsabilidade— e tamén saltaron as alarmas sobre un goberno de esquerdas que estaba na *Champions League*. Un goberno de esquerdas que inventou o desafiuzamento exprés e foi insensible a máis de medio millón de desafiuzamentos. Un goberno de esquerdas que forzou a capitalización das entidades con problemas coa emisión de participacións preferentes. E un goberno de esquerdas que permitiu a comercialización masiva de hipotecas con cláusulas abusivas. ¿E fixo algo a esquerda con todo isto? Absolutamente nada, ¡nada de nada! E isto, señorías, tamén é ideoloxía, ¡claro que é ideoloxía!

É verdade o que vostedes din, que aquí se vén facer ideoloxía. ¿Fixeron vostedes, señorías, algo para que non se comercializaran milleiros de hipotecas con cláusulas abusivas? Foron comercializadas 60.000 hipotecas cada ano no Goberno bipartito; 240.000 hipotecas con cláusulas abusivas. ¿Fixeron vostedes algo? Nada de nada. ¿Fixeron algo vostedes cando milleiros de familias foron botadas das súas casas por estas cláusulas? Absolutamente nada de nada.

E en relación coa responsabilidade de cada un, señor Sánchez e señores do Bloque e do Partido Socialista, ¿fixeron algo vostedes entre 2005 e 2008, cando se multiplicou por seis a expansión das oficinas das caixas de aforros da nosa comunidade e se abriron máis de 316 oficinas? ¿Fi-

xeron algo cando o crédito medrou en 33.000 millóns e os depósitos tan só en 18.000 millóns, baixando 29 puntos a cobertura de depósitos sobre os créditos? ¿Fixeron algo cando o risco inmobiliario nos anos que estiveron vostedes gobernando acadou os 17.000 millóns, multiplicando por cinco o risco inmobiliario que había antes? ¿Que fixeron vostedes neses anos? ¿Que fixo o Instituto Galego de Consumo durante eses anos? ¡Nada! ¡Nada de nada, señorías!

Pero, fronte ás súas inaccións, nós apostamos por mellorar a protección do cliente bancario actuando en todos de cada un dos ámbitos que inflúen nisto. Mellorouse a normativa prudencial e de solvencia bancaria; o dereito xeral de protección ao consumidor. Mellorouse a normativa bancaria de protección ao cliente e tamén o entramado institucional de resolución de conflitos. Implementouse Basilea I e II para incrementar o capital e a solvencia das entidades. Implementouse a MiFID I e estase agora coa MiFID II para mellorar a información sobre os riscos dos produtos financeiros e o asesoramento. Fíxose a reestruturación bancaria, que reforzou os mecanismos de contratación e asentimento. Aprobouse un código de boas prácticas para frear os desafiuzamentos, señorías. O primeiro real decreto deste ano foi para establecer o procedemento extraxudicial gratuíto para axilizar a devolución das cláusulas chan.

Señorías, as funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Instituto Galego de Consumo non son coincidentes. O Instituto Galego de Consumo e Competencia non leva a cabo funcións de control, senón de protección ao consumidor; e vai seguir levando a cabo o seu traballo de información e asesoramento aos consumidores galegos, como fixo sempre, tamén naqueles casos máis complicados e con maior repercusión como foron no seu día as preferentes e agora as cláusulas chan.

Falan vostedes de novas ideas, señorías. Pois nós propoñemos que, para incrementar a protección, se cree unha autoridade independente de protección ao consumidor e investidor financeiro que unifique e reforce os servizos de reclamación e de protección dos tres supervisores financeiros que hai: o da Banca, o de valores e o de seguros. Que se establezan contratos tipo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de servizos financeiros para minoristas, co fin de evitar a fraude aos consumidores oculta na letra pequena, e tamén que supervise as compañías de auditoría. Tamén queremos reforzar os dereitos dos consumidores e usuarios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...reforzando a Lei hipotecaria. E tamén queremos avanzar e mellorar a transparencia bancaria promovendo medidas que permitan aos clientes obter máis e mellor información, información homoxénea e comparable...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para facilitar a toma de decisións por parte dos clientes financeiros.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Trenor.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Aceptamos a proposta de votación por puntos e agradecemos ao Partido Socialista e a En Marea o seu apoio.

Se a nosa proposición non engade nada, pois emenden. Estamos no Parlamento galego, a min o que malnegocien no Estado español, se sae tan ben como o decreto para a devolución das cláusulas chan, pois ¡imos aviados!

Iso si, eu voume fascinada para a casa hoxe pola noite porque gobernos de esquerda non souberon parar as preferentes. Entón Aznar e Fraga —no 2003 xa había comercialización de preferentes— debían ser gobernos de superesquerda. En fin, ¡que o Goberno do Partido Popular veña dar leccións sobre os desafiuzamentos!... Non sei se teño que recordarlle ao Partido Popular que foi o Bloque Nacionalista Galego, no Congreso do Estado español, quen primeiro propuxo como forza política a dación en pago, mentres vostedes se afeitaban para arriba. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, ¡as actas das sesións están aí! (*Aplausos.*)

En fin, xa se ve como son os resultados da política económica en canto á seguridade bancaria dos gobernos do Partido Popular. Son case case tan efectivas como as da xestión eólica. Hoxe coñecemos unha nova condena pola que a Xunta de Galiza terá que pagar 800.000 euros, por anular o concurso eólico do Bipartito, ese concurso con cornos, rabos e dentes. ¡En fin! Entón, lamentablemente, seguiremos falando toda esta lexislatura tanto do seu fracaso eólico como do seu fracaso á hora de fiscalizar a Banca, con evidente responsabilidade, pois esta forza política aínda nunca gobernou o Estado español. Calquera día ofrecémosllo tamén, e igual acadamos mellores solucións.

En fin, vostedes poden tapar os ollos ou poden facer como coa Comisión das Caixas e dicir que hai que arrefriar, que hai que arrefriar todo este tipo de medidas. Non hai maior cego que o que non quere ver, pero é evidente —e dino organismos obxectivos, organismos pertencentes ás universidades e demais— que está habendo unha maior complexidade e que a resposta non é suficiente. Polo tanto, insistiremos en que hai que avanzar.

Vou poñer un exemplo, partindo xa de que as competencias en materia de consumo son exclusivas da Comunidade Autónoma e de que ten capacidade non de controlar directamente a Banca, pero si de facer un maior seguimento e asesoramento a respecto do que xa está a facer, que nós valoramos positivamente, pero insuficiente.

Vou poñer un exemplo doutro ámbito de traballo. Como vostedes imaxino que saben, o Instituto Galego de Consumo ten o Laboratorio de Consumo de Galiza, que é un centro no que se realizan análises e ensaios sobre produtos industriais, pois por exemplo un xoguete para avaliar se é suficientemente seguro ou non; poden ir tanto empresas que queren sacar á venda un como pode haber outro tipo de controis. Entón, ¿por que non algo semellante para

os produtos financeiros, e un control aleatorio, unha fiscalización aleatoria de determinados produtos, como están facendo outros organismos polo mundo adiante?

Nós entendemos que o que hai é falta de vontade política e nin sequera dotar os cativos instrumentos que temos nesta comunidade. Parece mentira...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que o teña que dicir eu, pero é que incluso a necesidade de velar polo consumidor é algo que recolle a súa sacrosanta Constitución española, que tanto citan para outras cuestións.

E tería máis cousas que dicir pero non me dá tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Presas.

Pasamos ao seguinte punto.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se teñen presentado emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Coido que non sorprenderá a ninguén a seguinte afirmación: Galicia é a comunidade máis rural de España; unha comunidade que conta con máis de trinta mil núcleos de poboación, o que supón o 40 % dos núcleos totais do Estado, dos cales máis do 90 % teñen menos de cen habitantes.

Ademais, a poboación residente nos grandes núcleos, os considerados de máis de vinte mil habitantes, é tan só do 31 %, sendo a máis baixa de España. Deste xeito, Galicia reúne o 5,8 % da poboación do Estado, e, tendo en conta o elevado número de núcleos, queda patente o nivel de dispersión poboacional, que, sumado á complexa orografía, dificulta o despregamento de redes de internet na nosa comunidade.

Por outra banda, destaca tamén o nivel de envellecemento, pois os maiores de 55 anos representan preto do 40 % da poboación, situando a media de idade nos 46 anos; datos que, aínda que non afectan directamente o despregamento, si o fan ao nivel de uso da rede: a maior idade, menor uso dos servizos de banda larga.

Consciente desta situación, a Xunta de Galicia leva traballando dende o ano 2010 no fomento da extensión de redes de internet a través do Plan de banda larga 2010-2013, xa finalizado, e grazas ao cal a día de hoxe a práctica totalidade das persoas que viven en Galicia teñen posibilidade de acceso a un servizo de banda larga de cando menos 2 megas, a través de redes fixas, sen fíos ou vía satélite.

Pero o Goberno do presidente Feijóo, lonxe de conformarse, continuou traballando nun segundo Plan de banda larga, orientado xa ás redes ultrarrápidas. Así pois, Galicia atópase nun momento de transición dixital, de mirar cara a adiante, para conseguir que a calidade de acceso ás redes de telecomunicacións sexa o suficientemente positiva para asegurar o seu crecemento e mellorar a súa competitividade. E para iso existe unha clara folla de ruta.

Así pois, en xullo de 2016 púxose en marcha a primeira das actuacións do Plan de banda larga 2020, cun orzamento de 3,4 millóns de euros, aprobándose unha liña de axudas para a extensión de rede de máis de 100 megas en 81 polígonos industriais, destinados a que os principais centros empresariais de Galicia dispoñan de banda larga ultrarrápida.

O pasado xoves, na Comisión 6^a, aprobamos por unanimidade unha proposta do Grupo Popular, cunha transacción do Grupo Socialista, na que instabamos a Xunta á posta en marcha de actuacións que permitan dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aqueles autónomos e empresas illadas situadas no rural. E hoxe, con esta iniciativa, queremos asegurar o despregamento de redes de telecomunicacións de nova xeración na meirande parte dos núcleos máis pequenos de poboación de toda Galicia.

Como dixen ao inicio da miña intervención, a dispersión poboacional, unida a unha orografía complexa, fai que a extensión de redes de telecomunicación en Galicia resulte máis custosa e menos rendible para os operadores privados respecto á que podería supor noutras comunidades autónomas.

Porque, señorías, queden co dato: segundo os expertos, Galicia precisa máis fibra que algúns países enteiros, superando en moito a Gran Bretaña e algúns países nórdicos, cuestión que nos ten que facer reflexionar, porque nos atopamos nun momento crucial, toda vez que a Comisión Europea, a través da súa Axenda dixital, fixou uns ambiciosos obxectivos de cobertura de redes de nova xeración para o ano 2020.

Os ditos obxectivos, asumidos polo Goberno de España e polo Goberno de Galicia, consisten principalmente en dotar de cobertura de 30 megas a totalidade da poboación e impulsar a contratación de servizos de 100 megas nos fogares, para o que se require, indubidablemente, da actuación das administracións públicas e moi especialmente para que estas redes cheguen ás poboacións de menor tamaño, onde os operadores poden non realizar os seus despregamentos por considerar que non son rendibles.

Así, para promover a extensión de redes ultrarrápidas en Galicia, o Estado dispón de preto de 43 millóns de euros a través dos fondos Feder plurirrexionais para o período 2014-2020. E, pola súa banda, a Xunta de Galicia dispón de máis de 18 millóns de euros a través dos fondos Feader para o mesmo obxectivo.

Pois tendo en conta a coincidencia de obxectivos e a dispoñibilidade destes fondos, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a execución de actuacións conxuntas entre o Estado e a Xunta permitiría unha maior eficiencia, aumentando o efecto multiplicador das axudas públicas e conseguindo deste xeito incrementar o ámbito de cobertura de redes ultrarrápidas, que só se podería acadar coa intervención pública.

Por este motivo, consideramos de vital importancia que o Goberno de España e a Xunta de Galicia vaian da man, posto que xuntos conseguirían superar amplamente o obxectivo establecido no Plan de banda larga 2020 de chegar a todos os núcleos de máis de cincocentos habitantes coas redes de 100 megas, podendo incluso facelo tamén a aqueles núcleos de máis de douscentos cincuenta habitantes. E ese, señoría, é o noso obxectivo: chegar ao maior número de núcleos.

Por outra banda, no que a cobertura de redes de 30 megas se refire, é preciso ter en conta que, como resultado da subasta pública para o outorgamento de concesión de uso privativo de dominio público radioeléctrico na banda de 800 megahercios, os operadores que resultaron adxudicatarios destas frecuencias — nomeadamente Movistar, Vodafone e Orange— teñen unhas obrigas de cobertura derivadas da dita adxudicación.

Así pois, segundo consta no Real decreto 458/2011, do 1 de abril, estes operadores deberán ofrecer conxuntamente, antes do 1 de xaneiro de 2020, unha cobertura agregada que permita o acceso a unha velocidade de 30 megas por segundo ou superior polo menos ao 90 % dos cidadáns das entidades de poboación de menos de cinco mil habitantes.

Non obstante, a mera aplicación a nivel estatal desta previsión, é dicir, obrigar os operadores unicamente a cumprir ese obxectivo no conxunto do Estado sen fixar uns mínimos por comunidades autónomas, podería supor un prexuízo para Galicia, ao tratarse a nosa comunidade da máis dispersa e unha das máis complexas orograficamente.

Señorías, debemos ter en conta que en Galicia máis de 1,5 millóns de persoas residen neste tipo de entidades de poboación, representando un 55 % do total da poboación e que só 46 dos trinta mil núcleos teñen máis de cinco mil habitantes.

Así, é previsible que, ante a ausencia de obrigas territorializadas, os operadores optasen por realizar os despregamentos que sexan precisos para cumprir o mínimo a nivel estatal previsto no real decreto antes citado naquelas comunidades autónomas nas que os despregamentos requiran menos esforzo inversor, así como que ofrezan unha maior rendibilidade, é dicir, nas zonas orograficamente máis favorables e onde exista maior concentración de poboación.

Por iso, dende o noso grupo entendemos que, a fin de evitar prexuízos a Galicia e en pos dun mellor equilibrio territorial do Estado, resulta preciso que as obrigas de cobertura deri-

vadas da concesión destas frecuencias se territorialicen, obrigando os operadores a cumprir ese mínimo de cobertura no ámbito da nosa comunidade autónoma.

E remato xa. Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, presentamos a seguinte proposición non de lei: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a colaborar coa Xunta de Galicia para desenvolver unha actuación conxunta de despregamento de redes de acceso de nova xeración de moi alta velocidade —100 megas—, empregando os fondos europeos dos que dispoñen ambas as administracións, para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura da rede de nova xeración, á vez que se aumenta a eficiencia dos fondos públicos. Así mesmo, o Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a obrigar os operadores que resulten adxudicatarios de bloques de frecuencia na banda de 800 megahercios a completar conxuntamente, antes do 1 de xaneiro de 2020, unha cobertura que permita o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo a cando menos o 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia».

Eu quixera rematar apelando á unanimidade doutras iniciativas deste calado que tivemos na Comisión 6.^a e dende logo, se é a lexislatura do rural, esperemos que todos comprendan ben a importancia desta iniciativa e poidan apoiala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde de novo.

Señor Blanco, voulle dar unha alegría, porque desde o BNG imos ter con esta proposición non de lei un espírito máis construtivo do que o seu grupo parlamentario coa anterior.

Volvendo ao tema do consenso que temos arredor destas cuestións na Comisión 6.^a e fóra de non compartir con vostede algunhas das consideracións que fixo a respecto do Plan 2020, que nós consideramos que está máis na teoría do que na práctica, entendemos que nesta proposición non de lei se indica unha dificultade, que entendemos que é obxectivable, que nós tamén compartimos, que é a de estender o acceso á rede de nova xeración ou coñecidas como redes ultrarrápidas á maioría da poboación galega, e que nin a orografía nin a dispersión sexa un hándicap.

Esta é unha preocupación que compartimos, aínda que, como digo, a diagnose do presente non sexa igual. Aínda que formularíamos isto dunha forma máis contundente, alegrámonos de que o Partido Popular formule na súa proposición non de lei que sexa preciso que esas obrigas de cobertura derivadas das concesións de frecuencias sexan territorializadas —é algo que temos posto sobre a mesa noutras ocasións— e que se obrigue os operadores desta forma pois a cumprir un mínimo obrigado dese proceso de adxudicación.

Vemos ben tamén que se demande do Goberno do Estado unha racionalización desa organización dos fondos, para que sexa dunha forma diferente. Isto é importante, xa que, se ben existen esas dificultades que se nomeaban, tamén é certo que existen empresas multinacionais impactando no noso territorio e tamén obtendo un beneficio daquelas partes do territorio non tan dificultosas e que teñen unhas importantes bolsas de clientes e que, polo tanto, entendemos que pode haber unha compensación entre a rendibilidade dunhas zonas máis asequibles tecnoloxicamente pola orografía e outras que son menos, e que nos debe preocupar conxuntamente pois esa cuestión, na que queremos insistir, de que non podemos crear unha Galiza de dúas, tres ou catro velocidades e que, polo tanto, cómpre poñer todas as ferramentas a traballar nunha dirección —fondos económicos e tamén esas restricións contractuais—.

O que din nas peticións é lóxico, aínda que nós entendemos que unha parte importante á fin e ao cabo é mandato da Unión Europea, como esas velocidades mínimas de acceso á rede. E actuar de forma conxunta coas outras administracións é de sentido común. Polo tanto, non nos imos opoñer a esta proposición.

Si que quería facer algún comentario máis, especialmente focalizando no que ten a ver co segundo punto. Por unha parte, é lóxico que o que se recolla estritamente nesta iniciativa sexa obxectivo do 90 % para os núcleos de menos de cinco mil habitantes, que a Xunta poderá obrigar a esa cobertura xa recollida no marco normativo, pero si que queríamos facer mención a que ese 10 % que fica debe estar tamén nas nosas preocupacións, na preocupación dos grupos políticos que estamos aquí representados, e tamén por suposto na do Goberno. Entendemos cal é a formulación técnica que se presenta para esta PNL e que loxicamente sería irreal cifrar un 100 %, que ninguén pode asegurar, como un obxectivo real na súa totalidade, pero nós entendemos que, dentro dese 10 %, despois a Xunta de Galicia terá que seguir traballando para que, fóra desa atención, non quede un número tan amplo de veciños e veciñas.

Como digo, poñer sobre o papel o 100 % entendemos que non é realista, pero entendemos que, cando haxa esas circunstancias excepcionais que non poidan verse acollidas neste 90 %, pois debe haber un compromiso forte por parte do Goberno galego para que esa porcentaxe se reduza o mínimo posible e quede só en excepcións de excepcións.

Por outro lado, comentar tamén que as operadoras móbiles acheguen velocidades como as que aquí se describen para o 90 % non ten unha relación directa con que se teña eliminado a fenda dixital, porque en ningún caso esas persoas van gozar de conexións ilimitadas de descarga, porque as redes móbiles non o permiten ata o momento.

E tamén está a cuestión tarifaria, que é outra cuestión que teremos que atender, para promover que acaben tendo un volume parecido a outras alternativas, como a fibra, e que non haxa unha fenda por esa vía de cal é a tecnoloxía de acceso.

E, como pano de fondo, tamén falando da fenda dixital, desde o meu grupo parlamentario queríamos insistir en que é igualmente importante que o que se recolle nesta iniciativa: seguir falando tamén da formación e da necesaria alfabetización dixital, porque temos un 30 % aproximadamente de poboación galega que supera os 60 anos e que en moitos casos

non tivo unha alfabetización dixital xa no contorno educativo ou no seu contorno persoal ou profesional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e que iso segue sendo un hándicap que arrastramos como sociedade, e que tamén terá que ser obxecto de atención, alén do que é o propio acceso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Para ir rematando a tarde, como estamos tamén neste Día da Poesía, dicía o cineasta Roberto Benigni que «a poesía é unha forma de ideoloxía.» Creo que é ben acaída esta frase neste día. (*Aplausos.*)

Pero, pasando á prosa, señor Blanco, é certo que, por todas as circunstancias que ten relatado, Galicia segue á cola das conexións de cobertura en banda larga, segundo os datos do propio Ministerio de Industria remitidos por petición da Comisión Europea, e que segue aumentando precisamente esta fenda coa media española, xa que polo menos ata principios de 2016 o 66 % dos galegos tiñan acceso á banda larga a máis de 10 megas, que é a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas, cando a media en España se sitúa no 60,12 %.

Evidentemente, eu creo que todos temos que estar de acordo na necesidade perentoria de impulsar as redes de telecomunicación de nova xeración, no marco dos obxectivos da Axenda dixital da Comisión Europea 2020, aínda que xa a Comisión Europea está falando da senda dixital con obxectivos 2025.

Como tamén reconece a propia iniciativa, requirimos indubidablemente das actuacións das administracións públicas para garantir que este despregamento tecnolóxico por parte das operadoras chegue ás poboacións de menor tamaño. Porque lembremos que, segundo os propios datos do Instituto Galego de Estatística, en Lugo o 82 % dos concellos —é dicir, 55 dos 67— e en Ourense o 88 % dos concellos —é dicir, 81 dos 92— teñen menos de 5.000 habitantes. É dicir, a poboación así afectada de ambas as provincias nestes concellos de menos de cinco mil habitantes superaría os douscentos corenta mil habitantes, unha equivalencia a unha gran cidade. Se, ademais, estamos, como vostedes din permanentemente, na lexislatura do rural e necesitamos asentar poboación, ¡que máis que a necesidade de reforzar as conexións tecnolóxicas do noso país!

Pero teñamos por outra parte tamén en conta que a banda larga en España é a segunda máis cara de Europa, tras Croacia, segundo o recente informe DESI da propia Comisión Europea. E se obtén boa posición España en termos de administración electrónica e de integración dixital das empresas, perde, precisamente falando desta iniciativa, posicións en materia de conectividade. Teñamos en conta como horizonte que a Comisión Europea ambiciona para o ano 2025 que todas as escolas, grandes centros de transporte, empresas tecnolóxicas e provedores públicos de internet accedan á velocidade de polo menos 1 xiga por segundo.

Este desenvolvemento tecnolóxico debe afrontarse, como se vén dicindo, absolutamente de forma necesaria, non só desde unha perspectiva puramente empresarial, porque —ollos— teñamos en conta que recentemente varias telecos teñen anunciado acordos para compartir redes; pode ser positivo, pero ollo coa concentración oligopolística nesta materia tamén. Entón, hai que tratar esta implantación tecnolóxica para tratar de evitar superar fendas sociais e tamén territoriais, porque un desenvolvemento tecnolóxico equilibrado tamén será máis competitivo.

O que pasa é que, ante este gran reto, ante esta iniciativa, realmente non estamos coñecendo, primeiro, por exemplo, cal é a radiografía e o diagnóstico exacto da situación actual da que parte esta iniciativa que presentan, señor Blanco. Tampouco coñecemos cal é o seu engarce co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 ou cal será a distribución de fondos a asignar por cada unha das administracións que se teñen que complementar. Tampouco sabemos que criterios se utilizarán para unha asignación obxectiva das prioridades aos concellos con menos poboación, onde as operadoras, evidentemente, teñan menos interese comercial en chegar. Ou tampouco coñecemos como imos contar co noso tecido de I+D, ou co noso tecido TIC, para apoiar este necesario impulso das telecomunicacións. Se este vai ser o AVE —por chamalo dalgunha forma— das telecomunicacións, é necesario que o Goberno galego traslade esta iniciativa a compromisos concretos co Estado para o necesario coñecemento e avaliación desta Cámara.

Demandamos por iso a máxima transparencia parlamentaria nesta cuestión da máxima prioridade, porque esta mañá a dirección de Amtega presentaba cunha operadora na Coruña o despregamento de redes avanzadas en polígonos industriais. Parécenos estupendo, pero pareceríanos mellor que se presentaran estes diagnósticos e estas planificacións nesta Cámara.

Neste sentido, é certo que na comisión pasada houbo un acordo aceptando e transaccionando emendas deste grupo parlamentario, pero precisamente hoxe no DOG faise unha convocatoria de axudas a empresas en núcleos illados e non se inclúen precisamente esas emendas transaccionadas para incluír os autónomos. Realmente, ante esta falta de información e este tipo de convocatoria, non é absolutamente fiable esta forma de presentar iniciativas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Entón, aínda que a cuestión é absolutamente transcendental para Galicia, é difícil apoiala nestes termos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Na exposición de motivos desta proposta recoñécese que para que as redes cheguen ás po-boacións de menor tamaño, onde os operadores non realizan o seu despregamento *motu proprio* por considerar que non son rendibles, se require a implicación da Administración. Isto é ben certo, e, evidentemente, o compromiso que ten que ter unha administración neste eido é precisamente garantir ese tipo de cuestións, que son vitais para moitas cousas, como por exemplo permitir o enraizamento e o emprendemento en sitios onde estas condicións e esta fenda dixital non facilitan a implementación de certas empresas e de certos negocios que requirirían esa marxe competitiva.

Cando estamos falando destes operadores, temos que lembrar que falamos de empresas que, como Orange, por exemplo, tiveron 2.935 millóns de euros de beneficios no 2016; ou Vodafone, outra das multinacionais, que tivo cerca de 4.600 millóns de euros nese mesmo ano. Isto sácoo a colación porque é evidente, novamente, que a liberalización do mercado das telecomunicacións se leva moi mal con garantir servizos cando estes servizos non achegan beneficios, e esa, lamentablemente, é a realidade da dispersión xeográfica que temos en Galicia.

Non vai ser nunca facilmente plantexable que unha operadora ou unha empresa que busca precisamente enraizar a súa rede de servizos para recadar unha serie de beneficios pois o faga en sitios onde estas marxes son mínimas ou incluso poden ser negativas. Esa é a realidade de moita da superficie deste país.

Señorías, o que se plantexa aquí é responsabilidade do Goberno, un goberno conformado integramente polo seu partido; é dicir, velar polo interese de Galicia, e nesa liña é a súa obriga levar a cabo por propia iniciativa o que se pide nesta PNL no referido a subvencións europeas, que responden a uns ambiciosos obxectivos de cobertura de redes de nova xeración, tamén chamadas redes ultrarrápidas, para o horizonte 2020. Niso coincidimos, pero entendemos que esa é xa unha cuestión que se ten que dar, si ou si, independentemente de que presentemos nesta Cámara iniciativas ou non.

A min o que me resulta preocupante é que ese obxectivo europeo acabou converténdose por parte da nosa Administración en —e cito textualmente— «impulsar a contratación de servizos de 100 megas nos fogares». «Impulsar a contratación de servizos de 100 megas nos fogares». Eu quedaría moito máis tranquilo se, aínda que a Administración se implique no desenvolvemento destas redes, a tarefa de impulsar a contratación nos fogares a desenvolvesen axentes comerciais e non a Administración.

Respecto ao segundo punto que se contempla aquí, o da banda dos 800 megahercios, é unha cuestión que está dispoñible xa dende o ano 2015; a partir do segundo trimestre, concretamente, xa estaba habilitado, unha vez que se desprazaron os operadores de televisión que ocupaban esa banda. Non empezaron estas compañías adxudicatarias desta banda a desen-

volver e implementar as redes de 4G precisamente porque esperaron a que esta banda de 800 megahercios estivera libre, por unha cuestión sinxelamente técnica e económica.

Esta banda de 800 megahercios permite que, cunha soa antena, se poida cubrir moito máis espazo, e aínda por riba leva a vantaxe respecto ás redes utilizadas habitualmente ata o momento de que a cobertura nos interiores é moito mellor, co cal xa se pode ver que en núcleos urbanos e fortemente poboados este tipo de tecnoloxía se está implementando dun xeito moi rápido, pero non así no rural e noutros sitios, onde a día de hoxe aínda non se garante unha cobertura estable en redes como a 3G. E, evidentemente, por moito que lle poñamos pola nosa banda interese e a Administración, o Goberno, o impulse, a fibra non vai chegar a eses lugares.

Os operadores, por outro lado, están plantexando xa a alternativa a esa fibra que se plantexa no plan europeo para o ano 2020, a substitución deste servizo polas redes 4G ou de 800 megahercios. Sería factible, pero a día de hoxe esa tecnoloxía non está de todo madura e o ancho de banda e a estabilidade non é a mesma. Estou convencido de que en catro anos esa tecnoloxía será suficientemente madura para garantir o mesmo que estas tecnoloxías garanten hoxe nas redes fixas a 30 megas, pero, aínda así, a evolución técnica fará que novamente dentro de catro anos esteamos nunha desvantaxe ou nunha fenda dixital respecto aos que teñen este tipo de cobertura ou non.

Entendemos que o plantexamento do compañeiro señor deputado é correcto e a intención é boa, mais estamos novamente nun marco no que non imos poder garantir nunca, por esa mesma fenda dixital, as diferenzas que terán as poboacións grandes conectadas e que xa teñen acceso á fibra e que xa teñen acceso ás bandas anchas, aínda que non estea totalmente implementado ou non sexa dun consumo habitual entre a poboación, coas que a día de hoxe aínda non teñen nin sequera conexións fixas ou nas que a rede móbil é moi deficitaria.

As necesidades, evidentemente, son claras, pero as concesións ás empresas de telefonía adxudicatarias tamén son claras, e correspóndelles a elas, por tanto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MERLO LORENZO: ...acometer as melloras necesarias para o desenvolvemento destas tecnoloxías.

Entendemos, entón, que a estratexia que van desenvolver nos vindeiros anos respecto ao que está referido neste plan vai acometerse de todos os xeitos, independentemente de que esta proposta vaia adiante ou non.

Queda pendente tamén, como comentaban outros compañeiros, o tema das tarifas, o réxime tarifario que se aplicará a este tipo de conexión, etc., etc.

Polo tanto, non nos imos opoñer a esta proposta, pero entendemos que tampouco apoiala vai supor ningunha diferenza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Merlo.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Moisés Blanco.

Intervén dende o escano. Déanlle voz ao escano do señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Gustárame agradecer o ton de todos/as os que interviñeron nesta iniciativa.

E, dito con todo o cariño, creo que só verdadeiramente entendeu esta iniciativa a señora voceira do BNG. Porque realmente hoxe o que queríamos desde o Grupo Parlamentario Popular era, por un lado, demandar do Goberno do Estado a xestión conxunta —e xa dei a cantidade— de 43 millóns que ten o Estado e 18 que ten adxudicado a Xunta de Galicia para decidir os despregamentos, neste caso, de infraestruturas de telecomunicación na nosa comunidade; e, polo tanto, queremos xestionalo conxuntamente con eles, e por iso pedimos que a Cámara respalde esta solicitude tan importante. E, segundo, queremos que, ademais, se aplique o criterio de territorialidade, para que Galicia non se vexa prexudicada.

Por tanto, estas son as dúas cuestións, e nada máis. Eu podería agora poñerme aquí nunha guerra de cifras, dicírllo, e non vou entrar, porque, de verdade, quero que o pensen ata a hora da votación de mañá, porque é moi importante que esta iniciativa saia apoiada por unanimidade.

Pero, señor Villoslada, vostede creo que non se informou ben, porque o señor Pérez Seco o que solicitou na proposta da Comisión 6ª foi a introdución da palabra «autónomos» —por se houbera dúbida—, e iso foi así. E vostede fixo alusión a que hoxe saían precisamente no DOG esas axudas. E unha das primeiras actuacións da que que tamén falamos nesa comisión —e concordo con outros portavoces— é que hai que seguir avanzando na educación e na alfabetización dixital. E para iso tamén existen —como vostedes saben— as redes Cemit.

Polo tanto, eu non me vou estender máis. Si que de verdade pido que reflexionen e que de verdade pensen neste caso na importancia que ten poder xestionar conxuntamente co Estado esta gran cantidade de fondos europeos, que hai que executalos antes do 2020, e, sobre todo, que, ademais, se poidan tamén aplicar criterios de territorialidade, para que Galicia non se vexa prexudicada fronte a outras autonomías de España.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Rematada esta proposición non de lei, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas a todos e boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e oito minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25